

IES DO CASTRO
José Gómez Posada-Curros 1
VIGO

PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO DE

CIENCIAS SOCIAIS,

XEOGRAFÍA E HISTORIA

José Ferreiro Porto
João Paulo Palomo Branco
Lucía López Bejo
M^a Lourdes García Vázquez
Laura Nieto Fontaiña

CIENCIAS SOCIAIS XEOGRAFÍA E HISTORIA

1º ESO

Programación curso 2011-2012

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e apráctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

OBXECTIVOS 1º ESO

1. Aprender a se relacionar cos demais e a participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes. (a)
2. Coñecer e respectar os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás, preparándose para o exercicio dos primeiros e para o cumprimento dos segundos. (a, c)
3. Asimilar hábitos e estratexias de traballo autónomo que favorezan a aprendizaxe e o desenvolvemento intelectual do alumnado. (b)
4. Valorar positivamente as diferenzas entre individuos rexeitando os prexuízos sociais e calquera forma de discriminación baseada en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social. (c, d)
5. Analizar e interpretar de xeito reflexivo a información transmitida a través de diferentes fontes de información escritas, orais ou audiovisuais. (e)
6. Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación para a xestión e a análise de datos, a presentación de traballos e informes (e)
7. Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas en diferentes eidos de coñecemento, mediante a aplicación do razoamento lóxico, a formulación e o contraste de hipóteses. (f)
8. Coñecerse a si mesmo cunha imaxe positiva, mostrar unha crecente autonomía persoal na aprendizaxe, procurando un equilibrio das distintas capacidades físicas, intelectuais e emocionais, cunha actitude positiva cara ao esforzo e a superación das dificultades. (g)
9. Comprender e producir mensaxes orais e escritas para se comunicar e organizar o pensamento, reflexionar sobre os procesos implicados no uso da linguaxe; e recoñecer as particularidades das distintas linguas que se falan en España. (h)
10. Ler e interpretar textos literarios a partir do coñecemento do seu contexto cultural e histórico. (h)
11. Adquirir unha destreza comunicativa funcional na lingua ou linguas estranxeiras obxecto de estudo. (i)
12. Valorar positivamente a diversidade cultural e lingüística existente en España e en Galicia. (j, a)
13. Comprender os aspectos básicos do funcionamento do corpo humano e desenvolver actitudes e hábitos positivos cara á conservación e prevención da saúde individual e colectiva (levar unha vida sa con exercicio físico periódico, hixiene esmerada, alimentación equilibrada, etc.). (k)
14. Desenvolver hábitos e actitudes que favorezan o propio desenvolvemento individual e a conservación do medio. (k)
15. Saber interpretar e producir mensaxes que empreguen códigos artísticos, científicos e técnicos co fin de arrequentar as posibilidades de comunicación de forma precisa, creativa e comunicativa. (l)
16. Valorar o patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia adoptando actitudes que favorezan a súa preservación e desenvolvemento. (m)
17. Comprender a importancia do coñecemento do uso do galego como parte da nosa identidade colectiva e individual. (n)

As letras entre parénteses (a, b, c...) indican o Obxectivo de Educación Primaria ao que se refire cada un dos Obxectivos do Primeiro Curso.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Competencia social e cidadá

- Comprender a achega que as diferentes culturas fixeron á evolución da humanidade.
- Reflexionar de forma crítica sobre os feitos e problemas sociais e históricos.
- Expresar as propias opinións de forma asertiva.
- escoitar activamente; saber poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista.
- Relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
- Comprender os valores democráticos.
- Entender os comportamentos e as formas de vida en contextos históricos e/ou culturais distintos do propio.

2. Coñecemento e a interacción co mundo físico

- Coñecer as características do espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana.
- Localizar no espazo os elementos do medio físico e os acontecementos históricos traballados.
- Analizar a acción do ser humano sobre o medio e interesarse pola conserva do ambiente.
- Aprender a orientarse e a situarse no espazo, utilizando mapas e planos.
- Realizar predicións e inferencias de distinto nivel de complexidade.

3. Competencia cultural e artística

- Desenvolver a sensibilidade para gozar con distintas expresións do patrimonio natural e cultural.
- Valorar a importancia do patrimonio para acceder ao coñecemento das sociedades do pasado.
- Interesarse por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.

4. Tratamento da información e competencia dixital

- Obter información a través de fontes de distinta natureza: cartográficas, iconográficas, textuais, etc.
- Utilizar os buscadores para localizar información en Internet, seguindo un criterio específico.
- Analizar datos cuantitativos de táboas e gráficas.
- Relacionar, analizar, comparar e sintetizar a información procedente das distintas fontes traballadas.

5. Competencia en comunicación lingüística

- Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
- Saber expresar axeitadamente as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial a descrición e a argumentación.
- Defender o punto de vista persoal con argumentos coherentes e pertinentes.
- Elaborar definicións dos conceptos estudados, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
- escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico.

6. Competencia matemática

- Interpretar escalas numéricas e gráficas.
- Analizar e comparar a información cuantitativa de táboas, listaxes, gráficos e mapas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar dimensións, calcular distancias e diferenzas horarias.

7. Competencia para aprender a aprender

- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Buscar explicacións multicausais para comprender un fenómeno e avaliar as súas consecuencias.
- Anticipar posibles escenarios ou consecuencias das accións individuais e sociais.
- Saber comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo.
- Tomar conciencia do que se aprendeu e o que falta por aprender.

8. Autonomía e iniciativa persoal

- Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente os propios puntos de vista.
- Tomar decisións e saber escoller a maneira de recuperar a información máis axeitada en cada caso.
- Facer un seguimento das aprendizaxes realizadas.

BLOQUES DE CONTIDOS

Bloque 1. Contidos comúns

- Lectura e interpretación de imaxes e mapas de diferentes escalas e características. Percepción da realidade xeográfica mediante a observación directa ou indirecta. Interpretación de gráficos e elaboración destes a partir de datos.
- Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.
- Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Representación gráfica de secuencias temporais.
- Identificación de causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio relacionándoos cos factores que os orixinaron.
- Coñecemento dos elementos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas máis relevantes, contextualizándoas na súa época. Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico, particularmente o propio, como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.
- Realización de debates sobre temas de actualidade que poidan ter referentes na antigüidade ou nos contidos xeográficos.
- Elaboración de traballos de campo sobre a realidade xeográfica máis próxima e/ ou o patrimonio arqueolóxico do contorno.

Bloque 2. A Terra e os medios naturais

- A representación da Terra. Aplicación de técnicas de orientación e localización xeográfica.
- Localización no mapa e caracterización de continentes, océanos, mares, unidades do relevo e ríos no mundo, en Europa, en España e en Galicia.
- Caracterización dos principais medios naturais, identificando os compoñentes básicos do relevo, os climas, as augas e a vexetación; comprensión das interaccións que manteñen. Observación e interpretación de imaxes representativas destes. Valoración da diversidade como riqueza que hai que conservar.
- Os grupos humanos e a utilización do medio: análise das súas interaccións. As paisaxes naturais e humanizadas. Principais unidades paisaxísticas en Galicia e España. A organización do territorio en Galicia: a dispersión da poboación en pequenos asentamentos (aldeas), as parroquias, as vilas e as áreas urbanas.
- Riscos. Estudo dalgún problema ambiental como, por exemplo, a acción humana sobre a vexetación, o problema da auga ou o cambio climático. Toma de conciencia das posibilidades que o medio ofrece e disposición favorable para contribuír ao mantemento da biodiversidade e a un desenvolvemento sustentable.

Bloque 3. Sociedades prehistóricas, primeiras civilizacións e idade antiga

- Cazadores e recolectores, os primitivos actuais. Cambios producidos pola revolución neolítica. Aspectos significativos da prehistoria no territorio peninsular.
- As primeiras civilizacións urbanas. Orixe do poder político e patriarcado.
- As primeiras formas de poboamento e distribución da poboación en Galicia. A cultura castrexa.
- O mundo clásico: Grecia e Roma. As sociedades escravistas. A democracia ateniense. As formas de organización económica, social, administrativa e política romanas. O proceso de romanización e as súas consecuencias en Hispania. A cidade e a forma de vida urbana. Achegas da cultura e da arte clásicas. Pervivencias do mundo cultural romano na Gallaecia.
- Orixe e expansión do cristianismo. Fin do imperio romano e fraccionamento da unidade mediterránea. O reino suevo como exemplo de adaptación de comunidades endóxenas e esóxenas.

UNIDADES TEMÁTICAS

TEMA 1. A TERRA, PLANETA DO SISTEMA SOLAR

1. A TERRA, UN PUNTO NO UNIVERSO
2. O PLANETA TERRA
3. ROTACIÓN DA TERRA: OS DÍAS E AS NOITES
4. TRANSLACIÓN DA TERRA: AS ESTACIÓNS DO ANO

TEMA 2. A REPRESENTACIÓN DA TERRA: OS MAPAS

1. A LATITUDE E A LONXITUDE
2. A REPRESENTACIÓN DA TERRA
3. OS MAPAS. TRABALLAR COS MAPAS: A ESCALA E O MAPA TOPOGRÁFICO

TEMA 3. AS FORMAS DA TERRA

1. A CAPA EXTERNA DA TERRA
2. AXENTES INTERNOS DA FORMACIÓN DO RELEVO
3. AXENTES EXTERNOS DA FORMACIÓN DO RELEVO. AS FORMAS DO RELEVO
4. OS CONTINENTES
5. UN MUNDO DE MONTAÑAS E CHAIRAS
6. UN MUNDO DE ILLAS, PENÍNSULAS E GOLFOS
7. O RELEVO DE EUROPA
8. O RELEVO DE ESPAÑA

TEMA 4. RÍOS E MARES

1. A AGUA NA NATURALEZA
2. O PROBLEMA DA AGUA
3. OCÉANOS, MARES, RÍOS E LAGOS DA TERRA
4. A DINÁMICA OCEÁNICA. A riqueza de océanos e mares
5. RÍOS DE EUROPA E DA PENÍNSULA IBÉRICA

TEMA 5. TEMPO E CLIMA

1. A ATMOSFERA
2. A TEMPERATURA
3. A HUMIDADE DO AIRE E AS PRECIPITACIÓNS
4. A PRESIÓN ATMOSFÉRICA E O VENTO

TEMA 6. CLIMAS E PAISAXES DA TERRA

1. CLIMAS DA TERRA
2. ZONA CÁLIDA: PAISAXE ECUATORIAL
3. ZONA CÁLIDA: PAISAXE TROPICAL
4. ZONA CÁLIDA: PAISAXE DESÉRTICA
5. ZONAS TEMPERADAS: PAISAXE OCEÁNICA

6. ZONAS TEMPERADAS: PAISAXE MEDITERRÁNEA
7. ZONAS TEMPERADAS: PAISAXE CONTINENTAL
8. ZONAS FRÍAS: PAISAXE POLAR E PAISAXE DE ALTA MONTAÑA

TEMA 7. CLIMAS E PAISAXES DE EUROPA E ESPAÑA

1. CLIMAS E PAISAXES DE EUROPA
2. CLIMAS E PAISAXES DE ESPAÑA. AS PAISAXES HUMANIZADAS DE ESPAÑA
3. O relevo e as augas de Galicia
4. Clima e paisaxes de Galicia

TEMA 8. SOCIEDADE E MEDIO NATURAL

1. A TERRA É UN ECOSISTEMA
2. RISCOS NATURALS
3. RISCOS PROVOCADOS POLA ACCIÓN HUMANA. UN PROBLEMA AMBIENTAL: A DESERTIZACIÓN
4. O MEDIO AMBIENTE URBANO
5. A EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS NATURALS. O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

TEMA 9. A PREHISTORIA

1. OS PRIMEIROS SERES HUMANOS
2. O PALEOLÍTICO: A CAZA E A RECOLECCIÓN
3. A ARTE DAS CAVERNAS
4. O NEOLÍTICO: A PRODUCCIÓN DE ALIMENTOS. A VIDA NUNHA ALDEA NEOLÍTICA
5. A IDADE DOS METAIS
6. LA PREHISTORIA EN LA PENÍNSULA IBÉRICA

TEMA 10. AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓN: MESOPOTAMIA E EXIPTO

1. MESOPOTAMIA, TERRA ENTRE DOUS RÍOS
2. A ARTE MESOPOTÁMICA
3. EXIPTO, O NILO E O DESERTO
4. O EXIPTO DOS FARAÓS.. A VIDA COTIÁ NO ANTIGO EXIPTO
5. A RELIXIÓN EXIPCIA
6. O TEMPLO, MORADA DOS DEUSES
7. AS TUMBAS EXIPCIAS

TEMA 11. O MUNDO GREGO

1. O NACEMENTO DO MUNDO GREGO
2. AS POLIS GREGAS
3. AS COLONIZACIÓNS GREGAS
4. A DEMOCRACIA ATENIENSE
5. O ESPLENDOR DE ATENAS. A VIDA COTIÁ EN ATENAS
6. A GRECIA HELENÍSTICA

TEMA 12. O IMPERIO ROMANO

1. AS ORÍXES DE ROMA
2. A ROMA REPUBLICANA
3. ROMA, Á CONQUISTA DO MEDITERRÁNEO
4. O IMPERIO ROMANO. O CRISTIANISMO
5. UNHA SOCIEDADE URBANA
6. A PROSPERIDADE AGRÍCOLA E COMERCIAL
7. A CRISE DO IMPERIO ROMANO

TEMA 13. HISPANIA ROMANA

1. INVASIÓNS E COLONIZACIÓNS
2. OS POBOS PRERROMANOS: IBEROS E CELTAS
3. A CONQUISTA ROMANA DE HISPANIA
4. HISPANIA, PROVINCIA ROMANA..
5. O LEGADO DE ROMA

TEMA 14. A HERDANZA DA CULTURA CLÁSICA

1. A RELIXIÓN GREGA E ROMANA
2. A CULTURA CLÁSICA
3. A ARQUITECTURA GREGA
4. A ARQUITECTURA ROMANA
5. ESCULTURA, CERÁMICA E PINTURA EN GRECIA
6. ESCULTURA, PINTURA E MOSAICO EN ROMA

TEMA 15. A FRAGMENTACIÓN DO MUNDO ANTIGUO

1. OS REINOS XERMÁNICOS
2. O IMPERIO BIZANTINO (476-1453)
3. A HISPANIA VISIGODA
4. CARLOMAGNO

TEMA 16. GALICIA NA ANTIGÜIDADE

1. GALICIA NA PREHISTORIA
2. GALICIA ENTRA NA HISTORIA: A CULTURA CASTREXA
3. GALLAECIA, UNHA PROVINCIA DO IMPERIO ROMANO
4. A HERDANZA ROMANA
5. OS SUEVOS

METODOLOXÍA

Dende o punto de vista didáctico, pretendemos dar unhas Ciencias Sociais que se preocupen sobre todo de formar ós alumnos e alumnas intelectual e socialmente; a súa capacidade de comprensión, análise e síntese debe ser desenvolvida nunha clase activa que evite a simple memorización, buscando a interpretación e discusión dos diferentes temas tratados.

O alumnado do 1º Ciclo de Secundaria pola súa idade, é especialmente activo, e demanda unha maior atención por parte do profesor; por esta razón as clases deberán ser moito máis dinámicas para captar a maior atención posible, e que o proceso de aprendizaxe resulte sinxelo e non demasiado pesado.

Non tódolos alumnos e alumnas aprenden ó mesmo ritmo, nin todos teñen a mesma capacidade para aprender. Débese ter en conta a diversidade do alumnado, valorando o progreso realizado por cada un de xeito individual, aínda que o excesivo número de alumnos na aula (3 grupos de 30 alumnos) vai facer complicado un ensino individualizado así como a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais

A aprendizaxe realizarase a través do uso de distintos materiais e métodos didácticos, que terán como finalidade a participación activa do alumnado:

- exercicios prácticos destinados a que o alumno desenvolva capacidades de análise e síntese.
- uso de gráficos, mapas...
- uso do comic
- traballos en equipo
- uso de materiais audiovisuais: video, cine...
- uso da prensa como material didáctico.
- lecturas alternativas (en colaboración coa biblioteca do centro)
- saídas de traballo: o alumnado de 1º ESO participou nos últimos anos nas actividades propostas polo Concello de Vigo “Vigo por dentro” (saída ao Castro, Museo de Castrelos...). Neste curso o Concello non vai desenvolver esas visitas, polo que intentaremos organizar algunha saída pola nosa conta.
- colaboración co equipo de traballo do centro na Axenda 21: participación en actividades medioambientais que se organizarán tanto dentro do centro como fóra.

O libro de texto será un punto de referencia clave, e un material de traballo de uso diario.

1º ESO: Ciencias Sociais 1º ESO. FISTERRA . Ed. Vicens Vives

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e da simboloxía. Elaborar mapas sinxelos iniciándose no emprego de recursos informáticos.
2. Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de España e de Galicia, caracterizando os trazos que predominan nun espazo concreto.
3. Comparar os rasgos físicos máis destacados (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta, con especial referencia a Galicia, localizándoos no espazo representado e analizando exemplos das paisaxes que resultan da actividade humana.
4. Interpretar a paisaxe do seu contorno, identificando os seus trazos característicos e relacionando elementos físicos, recursos e formas de asentamento rurais ou urbanos.
5. Identificar e explicar exemplos de riscos e de impactos que a acción humana ten sobre o medio, analizando as súas causas e efectos, e proporcionando medidas e condutas para prevelos e limitalos, facendo unha especial referencia ao ámbito galego.
6. Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio, aplicándoas a feitos e procesos referidos á prehistoria e historia antiga do mundo, da Península Ibérica e de Galicia.
7. Identificar e expoñer os cambios que supuxo a revolución neolítica na evolución da humanidade e valorar a súa importancia e as súas consecuencias ao comparalos cos elementos que conformaron as sociedades cazadoras e recolectoras.
8. Diferenciar os trazos que caracterizan algunha das primeiras civilizacións urbanas e a civilización grega, identificando os elementos orixinais desta última e valorando aspectos relevantes da súa contribución á civilización occidental.
9. Comprender os trazos característicos da cultura castrexa, a área xeográfica na que se desenvolveu e a súa particular forma de ocupación do territorio.
10. Caracterizar os trazos da organización política, económica e social da civilización romana na súa época de expansión, valorando a transcendencia da romanización na Hispania e na Gallaecia e a pervivencia do seu legado.
11. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

PAUTAS DE AVALIACIÓN

O sistema de avaliación será continua e individualizada, de maneira que poidamos coñecer en cada momento cal é a marcha de cada un dos alumnos e alumnas (de novo condicionadas polo excesivo número de alumnos/as por aula).

Teráanse en conta os contidos mínimos, e avalairanse os contidos e competencias básicas

Valorarase:

- Interese do alumnado pola materia, participación na clase, atención...
 - Control sobre o traballo diario de clase: moi importante será o **caderno de clase**, no que será posible analizar e obter información sobre a súa aprendizaxe, organización dos traballos, constancia neles, etc. Será un requisito indispensable para superar cada unha das avaliacións
 - **Traballos**: valorarase a capacidade de comprensión, de síntese, a presentación, exposición oral, traballo en equipo....
 - Realización periódica de **probos escritos**.
-
- A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións celebradas ao longo do curso redondeada ao número enteiro máis próximo.
 - Ao final do curso farase unha recuperación daqueles contidos que o alumno non superara ao longo do curso.
 - Os alumnos/as que non superen a materia no mes de xuño poderán presentarse a unha proba extraordinaria do mes de setembro.
 - A proba extraordinaria de setembro versará sobre todos os contidos desenvolvidos ao longo do curso.

CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

2º CURSO DA ESO

PROGRAMACIÓN:

**OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE
AVALIACIÓN**

CURSO ACADÉMICO 2010-11

1 A poboación mundial

Objetivos

1. Coñecer o volume e a distribución da poboación mundial, e localizar os grandes focos e os grandes baleiros demográficos.
2. Comprender o movemento natural da poboación e as súas causas
3. Describir a evolución da poboación mundial, e interpretar as súas distintas etapas evolutivas e as súas consecuencias.
4. Descubrir a importancia das migracións, na historia e na actualidade, e diferenciar as súas causas, tipos e consecuencias
5. Estudar a estrutura da poboación: o sexo, a idade e estrutura económica.

Criterios de avaliación

- 1.1. Coñece e aplica conceptos demográficos, como poboación, ecúmene, anecúmene, focos de concentración e baleiros demográficos.
- 1.2. Explica os factores de distribución da poboación, e aplícaos ao comentario de mapas de poboación
- 2.1. Diferencia a variabilidade das taxas de natalidade e mortalidade na Terra, e enumera os seus factores explicativos.
- 3.1. Sabe a evolución xeral da poboación mundial, e coñece a teoría da transición demográfica, aplicando este coñecemento ás etapas de crecemento da poboación mundial.
- 3.2. Mostra a importancia dos desequilibrios demográficos e coñece as distintas políticas demográficas.
- 4.1. Diferencia os conceptos de migración, emigración, inmigración e saldo migratorio, e explica os distintos tipos de migracións.
- 4.2. Resume as causas e as consecuencias das migracións.
- 4.3. Interpreta as causas, orixe e destino das emigracións forzosas, aplicándoas ao caso dos refuxiados.
- 5.1. Comprende o concepto estrutura da poboación, e aplícao á idade, o sexo e a actividade económica.
- 5.2. Distingue e explica pirámides de poboación

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico.

- Localizar nun mapamundi os grandes focos de concentración da poboación e as zonas anecuménicas
- Buscar nun atlas países moi poboados
- Buscar nun atlas países que teñen un saldo migratorio positivo.

Matemáticas.

- Comentar unha pirámide de poboación.
- Contabilizar as variables que se utilizan nun gráfico demográfico
- Comparación de variables demográficas en distintas áreas da Terra.

Comunicación lingüística.

- Escribir unha definición correcta de conceptos xeográficos relacionados coa poboación.
- Explicar as causas das migracións.

Tratamento da información e competencia dixital.

- Redacción dunha síntese sobre as consecuencias das migracións internacionais.
- Buscar información en internet sobre a muller e as migracións.

Social e cidadá.

- Considerar como positiva ou negativa a chegada de inmigrantes a un país ou rexión xeográfica.

Aprender a aprender.

- Buscar información sobre a participación da muller nas migracións internacionais.

Autonomía e iniciativa persoal.

- Confeccionar un dosier.

Contidos

VOLUME E DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN

- Volume, distribución e factores de distribución da poboación mundial. os grandes focos de concentración da poboación e os baleiros demográficos.

 Uso de fórmulas demográficas: a densidade de poboación

 Análise e comentario do mapa xeral de distribución da poboación mundial

O MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

- A natalidade, a mortalidade e o crecemento natural e os seus contrastes.

 Aplicación da noción de saldo migratorio a casos concretos.

 Análise e comentario de dous mapas coa distribución das taxas de natalidade e de mortalidade na Terra.

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNDIAL

- A teoría da transición demográfica e as etapas de crecemento da poboación.

 Análise de gráficos de evolución demográfica

 Análise e comentario dun mapa mostrando a transición demográfica no mundo actual

- Desequilibrios demográficos e políticas demográficas diferenciadas.

 Busca de información sobre políticas de control da natalidade.

AS MIGRACIONES

- Causas, tipos e consecuencias. As migracións exteriores. O caso dos refuxiados.

 Aplicación da noción de saldo migratorio a casos concretos

 Explicación dos tipos de migracións a partir da observación de imaxes significativas.

 Confección dun mapa conceptual sobre os tipos de migracións.

A ESTRUCTURA DA POBOACIÓN

- A poboación segundo o sexo, a idade e a estrutura económica. As pirámides de poboación.

 Cálculo das taxas: feminidade, masculinidade, actividade e paro

 Análise e comentario de gráficos circulares coa distribución da poboación activa

 Análise e comentario de pirámides de poboación significativas.

- Interese por coñecer as causas e as consecuencias dos problemas demográficos actuais.
- Curiosidade por coñecer situacións demográficas de distintos países da Terra
- Actitude receptiva cara a inmigración
- Valoración da inmigración como un feito imprescindible nas sociedades desenvolvidas actuais
- Rexeitamento das actitudes de xenofobia e racismo
- Actitude favorable cara á sociedade multicultural.

2 A poboación de España e Galicia

Objectivos

1. Asimilar o volume, a distribución e os movementos da poboación española.
2. Observar de xeito analítico a estrutura da poboación española
3. Diferenciar os trazos básicos da poboación de Galicia.

Criterios de avaliación

- 1.1. Saca conclusións sobre o volume e distribución da poboación española, aplicando conceptos xa estudados a nivel xeral
- 1.2. Diferencia as etapas representativas da evolución histórica do movemento natural en España, e contrástaas coas diferenzas actuais.
- 1.3. Diferencia e explica os movementos migratorios en España.
- 2.1. Explica as principais diferenzas existentes na estrutura por sexo, por idade e por actividade económica da poboación española
- 3.1. Distingue os trazos básicos da poboación de Galicia, e compáraos coa poboación española

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Nomear as provincias españolas que se atopan por enriba e por debaixo da densidade de poboación media
- Localizar nun mapamundi os países de orixe dos inmigrantes

Matemática

- Calcular o número de españois e españolas maiores de 65 e de 80 anos

Comunicación lingüística

- Definir con propiedade conceptos xeográficos da poboación española e galega
- Calcular a porcentaxe da poboación galega respecto á española

Tratamento da información de competencia dixital

- Comparar características dos inmigrantes da UE e de España.
- Aclarar termos e frases sobre o envellecemento

Social e cidadanía

- Valorar, expresado os propios coñecementos para dar resposta a interrogantes seleccionados.

Autonomía e iniciativa persoal

- Cofecionar unha enquisa sobre a inmigración.

Contidos

A POBOACIÓN ESPAÑOLA, VOLUME, DISTRIBUCIÓN E MOVEMENTOS

- Volume e distribución da poboación española. Focos de concentración e despoboamento.
Análise de imaxes xeográficas significativas da poboación española
- Evolución histórica e situación actual. O movemento natural da poboación española
Comentario dun gráfico sobre o movemento natural da poboación española.
Interpretación de mapas xeográficos de poboación.

- Os movementos migratorios en España. Migracións interiores e exteriores. Análise de casos significativos: a emigración española a Esuropa e a inmigración estranxeira actual.
Análise e comentario de gráficos: evolución de estranxeiros residentes en España, rocedencia dos estranxeiros. O crecemento real da poboación española.

A ESTRUCTURA DA POBOACIÓN ESPAÑOLA

- A estrutura da poboación española por sexo, idade e actividade económica.
Observación, análise e comentario da pirámide de poboación de España en 2007.
Comentario de gráficos de barras e circulares coa estrutura da poboación española
Realización dun traballo en grupo sobre a situación da muller traballadora en España.

A POBOACIÓN DE GALICIA

- Volume e distribución da poboación de Galicia. Crecemento natural e movementos migratorios.
Trazos básicos da poboación.
Análise e comentario de gráficos, diagramas e ilustracións representativas relaonadas coa poboación de Galicia.

- Solidariedade cara aos grupos economicamente débiles.
- Toma de conciencia das implicacións sociais da problemática demográfica: emigración.
Envellecemento, redución da natalidade, etc.
- Valoración crítica das repercusións futuras do envellecemtno da poboación española
- Adoción de posicións persoais ante o problema do paro en España
- Curiosidade investigadora e rigor no traballo científico.

3 Un mundo de cidades

Objectivos

1. Analizar o poboamento humano, diferenciando entre o rural e o urbano.
2. Coñecer o crecente proceso de urbanización da poboación mundial
3. Interpretar a morfoloxía urbana: compoñentes e tipos de planos.
4. Coñecer os trazos básicos da estrutura urbana.
5. Analizar as distintas funcións urbanas e relacionalas cos conceptos de área de influencia e de rede urbana

Criterios de avaliación

- 1.1. Comprende o concepto de poboamento, e diferencia os tipos de poboamento rural e o concepto de cidade
- 1.2. Comprende e pon exemplos dos criterios utilizados para definir unha cidade.
- 2.1. Coñece e aplica as características esenciais das cidades preindustriais e industriais
- 2.2. Recoñece diferenzas no crecemento urbano actual.
- 3.1. Diferencia os elementos compoñentes da morfoloxía urbana, recoñecendo modelos significativos de planos.
- 4.1. Define o concepto de estrutura urbana e diferencia, utilizando diversos procedementos, as áreas estruturais dunha cidade.
- 4.2. Pon exemplos de cidades con funcións específicas e comprende os principios teóricos que explican a existencia de redes urbanas.

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Interpretar unha paisaxe rural.
- Interpretar espacialmente o crecemento recente da poboación española.

Matemática

- Calcular magnitudes e proporcións, utilizando como vehículo unha lista de cidades que son patrimonio mundial.

Comunicación lingüística

- Describir, utilizando a terminoloxía propia da disciplina, unha paisaxe xeográfica.

Tratamento da información de competencia dixital

- Confeccionar unha relación de Cidades Patrimonio da Humanidade, a partir do uso das TIC.

Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar a busca de datos sobre a pobreza urbana e redactar un traballo de síntese.

Cultural e artística.

- Comprender e valorar o concepto de patrimonio urbano.

Contidos

O POBOAMENTO HUMANO

- O poboamento humano e os seus tipos. O poboamento rural. Factores e tipos.

Observación e comentario de imaxes representativas do poboamento rural disperso e concentrado.

- O poboamento urbano. O concepto de cidade.
Análise de fotografías sobre distintos tipos de poboamento.

O PROCESO DE URBANIZACIÓN

- As cidades preindustriais.
Análise e comentarios de ilustracións gráficas sobre cidades antigas e modernas.
- A cidade industrial. A cidade actual
Análise e comentarios de gráficos e mapas sobre taxas de urbanización
Análise dos problemas do crecemento da urbanización

A MORFOLOXÍA URBANA. A CIDADE HERDADA

- A localización e o plano da cidade.
Estudo dos diversos tipos de planos e a súa valoración histórica.
- A construción e os usos do chan. A trama e a edificación na cidade.
Observación e análise de fotografías aéreas de cidades.

A ESTRUCTURA URBANA

- As áreas urbanas. O centro urbano, as áreas residenciais e sector heteroxeneo da periferia.
Interpretación de paisaxes urbanas mediante fotografías aéreas e panorámicas.
Análise e interpretación social de gráfico de barras sobre chabolismo no mundo.

AS FUNCIONS DA CIDADE E A REDE URBANA

- As funcións urbanas.
- A área de influencia das cidades e a rede urbana. A xerarquía entre as cidades, a rede urbana.
Cidades pequenas, medianas e metrópoles.
Valorar as funcións que desempeñan as cidades que forman a rede urbana.

- Mostrar interese por coñocer o propio medio cidadán.
- Apreciar a importancia de adquirir hábitos de investigación
- Mostrar curiosidade por coñocer outros lugares e cidades da Terra.

4 As cidades de España e Galicia

Objectivos

1. Diferenciar os tipos de poboamento, en xeral, e en España e Galicia en particular.
2. Aplicarlles conceptos xerais de xeografía urbana (proceso de urbanización e morfoloxía) ás cidades españolas
3. Observar de xeito analítico a estrutura das cidades españolas
4. Asimilar a rede urbana e os problemas das cidades españolas
5. Apreciar a singularidade urbana de Galicia

Criterios de avaliación

- 1.1. Aplica, ao caso español, os conceptos de poboamento rural, poboamento urbano, poboamento disperso e poboamento concentrado.
- 2.1. Coñece e explica a evolución do proceso de urbanización en España
- 2.2. Recoñece planos urbanos representativos de morfoloxía das cidades españolas.
- 3.1. Diferencia, de forma teórica e práctica, o casco antigo, o ensanche urbano e a periferia das cidades españolas.
- 4.1. Coñece e interpreta mapas e textos sobre a rede urbana española.
- 4.2. Aplica, a casos concretos, os seus coñecementos sobre os problemas das cidades españolas.
- 5.1. Aplica ao caso de Galicia os conceptos xerais de Xeografía urbana estudados con anterioridade

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Localizar nun mapa de España as colonias fundadas polos fenicios e os gregos, e os municipios con maior número de habitantes.
- Interpretar a paisaxe urbana.
- Situar nun mapa as comunidades autónomas onde hai cidades incluídas no patrimonio nacional.
- Localizar no mapa as sete cidades de Galicia.

Matemática

- Calcular, a partir da observación dun gráfico estístico, o crecemento da poboación urbana en números absolutos e en porcentaxes.

Comunicación lingüística

- Realizar un resumo sobre as partes esenciais das cidades españolas.
- Definir conceptos xeográficos relacionados coa xeografía urbana

Tratamento da información de competencia dixital

- Relacionar un debuxo esquemático coa morfoloxía e estrutura urbanas.
- Completar unha táboa comparativa cos datos extraídos da lectura dun texto.
- Explotar con propiedade unha páxina web.

APRENDER A APRENDER

- Recuperar información e elaborar con ela un cadro comparativo dos problemas das cidades españolas.

Autonomía e iniciativa persoal

- Realización dun póster.

- Establecer un debate sobre os problemas das cidades españolas.

Contidos

O POBOAMENTO E OS SEUS TIPOS

- O poboamento en España e os seus tipos. O poboamento rural .
Visualización e comentario de imaxes xeográficas relacionadas co poboamento rural en España.

O PROCESO DE URBANIZACIÓN EN ESPAÑA

- A urbanización na época preindustrial. A urbanización na actualidade
Análise dun gráfico coa evolución das taxas de urbanización en España

A MORFOLOXÍA DAS CIDADES ESPAÑOLAS

- As localizacións e planos máis habituais en España.
Comparación, a partir de imaxes seleccionadas, de localizacións e planos de cidades españolas.

A ESTRUCTURA DAS CIDADES ESPAÑOLAS

- O casco antigo, o ensanche urbano e a periferia das cidades españolas.
Busca de información sobre un plan de ensanche.
Interpretación de imaxes representativas da estrutura urbana das cidades españolas

A REDE URBANA ESPAÑOLA

- Tamano, funcións e área de influencia da rede urbana española. A xerarquía urbana española.
- Análise e comentario de mapas xeográficos sobre a rede urbana española e as áreas metropolitanas.

OS PROBLEMAS DAS CIDADES ESPAÑOLAS

- Urbanismo, sociedade e medio: crecemento, problemas sociais e ambientais.
- Busca de información sobre a contaminación nas grandes cidades.
- Análise das causas do microclima urbano.

AS CIDADES DE GALICIA

- Tipos de poboamento e proceso de urbanización na nosa comunidade autónoma. A estrutura e a rede urbana.
- Análise do tipo de poboamento de Galicia.

- Mostrar interese por coñocer o seu propio medio cidadán.
- Apreciar a importancia de adquirir hábitos de investigación
- Asumir a necesidade de respectar o ambiente e paisaxe urbanos, e mostrar unha colaboración activa na súa conservación e mellora.
- Toma de conciencia dos problemas que lles afectan ás cidades españolas.
- Valoración do patrimonio histórico das nosas cidades e participación activa nas actividades encamiñadas á súa conservación.
- Participación activa na busca de solucións para a mellora da cidade.
- Aprecio das vantaxes da vida na cidade e recoñecemento dos seus inconvenientes.

5. As sociedades actuais

Obxectivos

1. Analizar as diferenzas existentes entre os conceptos de sociedade e cultura, e diferenciar os elementos inmateriais e materiais desta.
2. Coñecer os distintos tipos de sociedades existentes na actualidade na Terra.
3. Diferenciar os grupos e as clases sociais existentes no mundo desenvolvido e subdesenvolvido.
4. Enumerar e explicar as principais diferenzas culturais existentes nas sociedades actuais.
5. Comprobar as transformacións acontecidas nas sociedades europea, española, e da comunidade autónoma, e analizar algúns dos seus principais problemas actuais.

Crterios de avaliación

- 1.1. Discrimina os conceptos de sociedade e cultura, e define conceptos como símbolos, valores, normas, etc.
- 2.1. Explica as principais características das sociedades tradicionais.
- 2.2. Coñece as sociedades industriais e postindustriais actuais, e diferencia as sociedades desenvolvidas das subdesenvolvidas.
- 3.1. Coñece os conceptos de estratificación e clase social, e explica as diferenzas existentes entre as clases sociais no mundo desenvolvido e subdesenvolvido.
- 4.1. Coñece os principais trazos culturais que diferencian entre si as sociedades actuais: lingua e relixión.
- 4.2. Toma partido ante a existencia de minorías sociais.
- 5.1. Explica as características diferenciais das sociedades europea, española e da comunidade autónoma, e cita algunhas transformacións e cambios sociais acontecidos nelas.
- 5.2. Fai unha relación de problemas actuais das sociedades europea, española e da comunidade autónoma.

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Localizar nunha mapa as sociedades tradicionais, industriais e postindustriais.

Matemática

- Analizar a evolución de gráficos estatísticos e explicar distribucións de variables.

Comunicación lingüística

- Anotar o significado de termos propios da disciplina.
- Resumir características das sociedades europea e española.

Tratamento da información e competencia dixital

- Explorar webs seleccionadas e confeccionar un resumo da información obtida.

Social e cidadá

- Emitir opinións fundadas sobre temas sociais de actualidade.
- Facer unha relación de consecuencias da intolerancia a partir dunha información textual.

Aprender a aprender

- Comentar pirámides representativas da sociedade a partir dos propios coñecementos.

Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar a explotación da información subministrada por unha páxina web.

Cultural e artística

- Coñecer culturas distintas á propia e valorar os seus dereitos.

Contidos

A SOCIEDADE E A CULTURA

- Características e definición dos principais conceptos sociais: sociedade, cultura, símbolos, valores, normas, etc.
- Os tipos de sociedades. As sociedades tradicionais, industriais e postindustriais.
- Plasmación nun mapamundi dos distintos tipos de sociedades actuais.
- Realización dun cadro-resumo sobre as características das sociedades tradicionais, industriais e postindustriais.
- Visualización e comentario dun mapamundi co IDH por países no informe de 2007.

A DIVERSIDADE INTERNA DAS SOCIEDADES: GRUPOS SOCIAIS E DESIGUALDADE SOCIAL

- A estratificación social. Os grupos e clases sociais.
- Diferenzas entre o mundo desenvolvido e o mundo subdesenvolvido.
- Comparación da estratificación social no mundo desenvolvido e subdesenvolvido.
- Investigación sobre o sistema de castas da India.
- Busca de imaxes representativas das distintas clases sociais.

AS DIFERENZAS CULTURAIS ENTRE AS SOCIEDADES

- As diferenzas lingüísticas e relixiosas no mundo. Minorías, discriminación e racismo.
- Análise do mapa das linguas no mundo.
- Busca de información sobre unha relixión histórica oriental.

AS SOCIEDADES EUROPEA E ESPAÑOLA E DA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- Unha sociedade postindustrial e de clases. Diferenzas lingüísticas e relixiosas en Europa e en España, as transformacións e os cambios sociais e familiares.
- Análise e comentario de gráficas e estatísticas sociais.
- Visualización dos mapas de linguas e relixións en Europa.
- Os problemas de integración, de envellecemento e de xénero. O traballo feminino.
- Análise e comentario de gráficas e estatísticas sociais.
- Valoración da existencia de prexuizos sobre as mulleres.

A SOCIEDADE GALEGA ACTUAL

- As características principais da sociedade galega actual e os retos de futuro.
- Elaboración dun cadro coas características da sociedade galega.

- Interese por coñecer a organización das sociedades actuais e as súas diferenzas.
- Actitude favorable cara ao pluralismo cultural.
- Disposición favorable cara ao entendemento das sociedades e dos seus logros culturais.
- Valoración da incorporación da muller ao mundo laboral e actitude favorable cara a esta situación.
- Desenvolvemento de hábitos de tolerancia e respecto cara aos grupos minoritarios da sociedade.
- Actitude favorable cara ao pluralismo cultural.

6. Bizancio e o imperio carolinxio

Obxectivos

1. Comprender a influencia do pasado histórico e do marco xeográfico na orixe e desenvolvemento da civilización bizantina, e diferenciar e datar as principais etapas da súa historia.
2. Distinguir as principais institucións políticas bizantinas, e analizar e explicar as súas bases económicas e sociais.
3. Comprender o importante legado cultural e artístico de Bizancio.
4. Diferenciar a orixe e o desenvolvemento dalgúns reinos xermánicos significativos.

Criterios de avaliación

- 1.1. Comprende a influencia do pasado histórico na orixe e desenvolvemento da civilización bizantina.
- 1.2. Localiza nun mapa a extensión aproximada do imperio bizantino, e sitúa sobre un eixe cronolóxico as principais etapas da súa historia.
- 2.1. Explica os trazos básicos da organización política bizantina, e relaciónaos coa súa sociedade e economía.
- 3.1. Identifica e explica algúns aspectos básicos do legado cultural e artístico de Bizancio.
- 4.1. Distingue a organización dos reinos xermánicos e localízalos nun mapa histórico.
- 4.2. Identifica, sitúa e data o imperio carolinxio, e explica as súas principais características políticas, económicas, sociais, culturais e artísticas.

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Localizar nun mapa de Europa a extensión máxima dos imperios carolinxio e bizantino.

Matemática

- Desenvolver a habilidade cronolóxica e de localización temporal.
- Calcular as dimensións aproximadas dun manso e expresala en metros cadrados.

Comunicación lingüística

- Definir con propiedade conceptos históricos, utilizando o vocabulario científico axeitado.
- Citar características representativas dun estilo artístico.

Tratamento da información e competencia dixital

- Analizar unha imaxe e sacar conclusións a partir da súa observación.
- Utilizar fontes históricas.
- Aplicar enderezos electrónicos para buscar información puntual.

Aprender a aprender

- Comprender o significado artístico do uso de módulos.
- Utilizar a etimoloxía para desentrañar o significado dun termo artístico.

Cultural e artística

- Recoñecer os códigos artísticos utilizados pola arte bizantina.

Contidos

A RUPTURA DA UNIDADE DO IMPERIO ROMANO

- A división do imperio romano. O imperio romano de Occidente e o imperio romano de Oriente.
- Análise e comentario do mapa da división do imperio romano.

O IMPERIO BIZANTINO

- A evolución histórica do imperio bizantino.
- Definición de conceptos básicos relacionados co imperio bizantino.
- Análise e interpretación dun eixe cronolóxico do imperio bizantino.
- Adestramento no cálculo cronolóxico.
- A vida en Bizancio. Organización política, económica e social. A importancia da igrexa bizantina.
- Localización nun mapa da cidade de Constantinopla, actual Estambul.
- Realización dunha pirámide social mostrando os principais grupos da sociedade bizantina.
- O legado cultural e artístico de Bizancio. A arquitectura, os mosaicos e as iconas. A orixinalidade da arte bizantina. Santa Sofía de Constantinopla.
- Realización dun mapa conceptual sobre a arquitectura bizantina.
- Observación e análise da ilustración da basílica de Santa Sofía de Constantinopla e de San Vital de Rávena.

OS REINOS XERMÁNICOS

- O asentamento dos reinos xermánicos e a súa organización.
- Localización nun mapa de Europa dos principais reinos xermánicos, con indicación da súa correspondencia con países actuais europeos.
- Síntese das principais características dos pobos xermánicos.

OS FRANCOS E O IMPERIO CAROLINXIO

- Os francos e o imperio de Carlomagno. Economía, sociedade, cultura e arte dos carolinxios.
- Representación nun debuxo elemental das partes dun latifundio da época carolinxia.
- Descrición, a partir de imaxes, da Capela Palatina de Aquisgrán.

- Valoración da transcendencia da civilización bizantina.
- Recoñecemento do legado cultural e artístico do imperio bizantino.
- Interese por coñecer os antecedentes históricos de feitos e situacións do presente.
- Curiosidade por coñecer pobos, costumes e tradicións distintas á propia.
- Actitude favorable cara ao traballo ben feito.

7. Orixe e expansión do islam

Obxectivos

1. Describir os fundamentos da doutrina islámica e coñecer os inicios do islam.
2. Coñecer as etapas da expansión islámica.
3. Apreciar a organización política e económica do imperio islámico.
4. Identificar os principais grupos sociais da sociedade islámica, e coñecer algúns aspectos da vida cotiá.
5. Diferenciar as características principais da cultura musulmá.
6. Distinguir a arquitectura musulmá, e apreciar a singularidade das súas principais edificacións.

Crterios de avaliación

- 1.1. Localiza nun mapa Arabia e o Próximo Oriente en tempos de Mahoma, e explica a doutrina musulmá e os inicios do islam ata o ano 632.
- 2.1. Resume as etapas básicas da expansión musulmá e comprende a importancia histórica da Kaaba.
- 3.1. Coñece e explica conceptos relacionados coa organización política e económica do imperio islámico: califa, diwans, visir, valí, dinar, etc.
- 4.1. Xerarquiza os grupos compoñentes da sociedade islámica, e explica aspectos da vida cotiá musulmá.
- 4.2. Distingue e recoñece as partes da estrutura urbana dunha cidade musulmá.
- 5.1. Diferencia os caracteres principais da cultura musulmá.
- 6.1. Recoñece as características, motivos decorativos e edificios principais da arquitectura islámica.

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Situar nun mapa cidades representativas da evolución histórica do islam.
- Delimitar as diferenzas espaciais existentes entre dous mapas histórico-xeográficos.

Matemática

- Confeccionar un eixe cronolóxico situando períodos e acontecementos históricos.
- Saber calcular o que aconteceu antes e despois dun feito histórico.

Comunicación lingüística

- Dar unha resposta meditada a interrogantes.

Tratamento da información e competencia dixital

- Extraer información de fontes históricas e textuais seleccionadas.

Social e cidadá

- Emitir un xuízo persoal sobre o papel da muller nalgunhas sociedades actuais.

Aprender a aprender

- Utilizar o atlas e comparar mapas xeográficos pertencentes a épocas históricas diferenciadas.

Autonomía e iniciativa persoal

- Realizar un debate a partir da recollida de opinións.

Cultural e artística

- Coñecer as manifestacións do feito artístico islámico.

Contidos

O NACEMENTO DO ISLAM

- Arabia antes de Mahoma.
- Mahoma, o islam e a doutrina musulmá. Un código ético de comportamento.
- Redacción dunha biografía de Mahoma.
- Os inicios do islam.
- Localización nun mapa de Arabia en tempos de Mahoma.

A EXPANSIÓN DO ISLAM

- As etapas da expansión musulmá. Os califatos ortodoxo, omeia e abasí. A Kaaba.
- Realización dun cadro comparativo coas etapas da expansión do islam.
- Análise e comentario dun mapa da expansión do islam.
- Análise e explicación dun cronograma das etapas da expansión musulmá.

A ORGANIZACIÓN DO IMPERIO

- A organización política e económica do imperio islámico. Actividades agrarias e urbanas. O comercio.
- Contribucións realizadas polos musulmáns á agricultura.
- Comentario dun mapa coas principais rutas comerciais do mundo musulmán na Idade Media.

A SOCIEDADE E A VIDA COTIÁ

- Os grupos sociais. Aspectos da vida cotiá: a casa, a familia e o papel da muller, a alimentación e a hixiene. A cidade musulmá.
- Descrición dunha casa musulmá.
- Análise e comentario dunha imaxe tipo dunha cidade musulmá.

O LEGADO ARTÍSTICO

- A arquitectura musulmá. A mesquita, os palacios e outros edificios.
- Localización das partes principais dunha mesquita.
- Busca de imaxes de edificacións islámicas e confección dun póster informativo.

A CULTURA MUSULMÁ

- A cultura musulmá e as súas contribucións no campo das ciencias, a literatura, a filosofía, a historia, a xeografía. O papel de intermediación entre Oriente e Occidente e a difusión dos adiantos técnicos.
- Busca de información sobre un científico musulmán e redacción dunha biografía.
- Explicación de conceptos básicos sobre a cultura musulmá.

- Valoración do legado da civilización islámica.
- Interese por coñecer outras formas de medir o tempo distintas ás habituais.
- Rexeitamento do integrismo e da xenofobia.
- Fomento do espírito de tolerancia e solidariedade entre distintos pobos e culturas.
- Interese polo coñecemento da cultura e a arte islámicas.

8. A Europa feudal entre os séculos IX e XI

Obxectivos

1. Estudar o nacemento do feudalismo e do sistema feudal.
2. Formar redes conceptuais sobre o poder, a economía e a sociedade na época feudal.
3. Identificar os caracteres básicos da nobreza na época feudal.
4. Identificar os caracteres básicos do clero na época feudal.
5. Identificar os caracteres básicos do campesiñado na época feudal.
6. Analizar a arte románica e percibir as súas características e exemplos principais.

Criterios de avaliación

- 1.1. Coñece o territorio ocupado pola Europa medieval, e explica o nacemento do feudalismo e as características básicas do sistema feudal.
- 2.1. Explica a distribución do poder na época feudal, e coñece os conceptos de feudo, reserva señorial, manso e estamentos.
- 3.1. Comprende o modo de vida da nobreza.
- 4.1. Comprende o modo de vida do clero.
- 5.1. Comprende o modo de vida do campesiñado.
- 6.1. Coñece os caracteres básicos do románico e a arquitectura románica.
- 6.2. Recoñece obras de escultura e pintura románicas.

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Comprender o espazo onde se producen as invasións de musulmáns, viquingos, húngaros ou maxiars e eslavos.

Matemática

- Calcular a cronoloxía entre acontecementos históricos.

Comunicación lingüística

- Adquirir un vocabulario específico da materia e con claro valor funcional na aprendizaxe.
- Explicar por escrito o significado de frases.
- Anotar definicións de termos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Obter e comprender información sobre o feudalismo procedente de fontes históricas.

- Obter información a partir dunha enciclopedia electrónica.

Social e cidadá

- Expresar unha opinión persoal sobre as rendas señoriais.

Aprender a aprender

- Desenvolver estratexias para organizar a información, completando un cadro sobre os distintos estamentos.
- Recuperar información e confeccionar un resumo das características dunha igrexa románica.
- Organizar información sobre os castelos medievais.

Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar e executar un traballo individual sobre a vida no interior dun castelo.

Cultural e artística

- Coñecer as manifestacións artísticas do románico.

Contidos

A EUROPA MEDIEVAL

- Territorio, orixes e caracteres básicos do sistema feudal: as relacións feudo-vasaláticas e as relacións de dependencia señorial.
- Localización nun mapa dos territorios da Europa medieval.
- Observación e comentario de imaxes significativas de época feudal.
- Comentario dun texto representativo da cerimonia de vasalaxe.

O PODER, A ECONOMÍA E A SOCIEDADE FEUDAL

- O poder real na época feudal. A economía feudal, feudos e señoríos.
- A sociedade feudal; a nobreza, o clero e o campesiñado.
- Análise e comentario de ilustracións representativas sobre o feudo e a sociedade estamental.
- Definición de conceptos históricos básicos: estamento, reserva señorial, etc.

A NOBREZA

- Modo de vida da nobreza, alimentación, diversións. O castelo, a residencia dos nobres. Os cabaleiros.
- Análise e comentario de debuxos representativos: o castelo nobiliario e as armas dun cabaleiro.

OS CLÉRIGOS

- Modo de vida do clero, importancia da igrexa. O mosteiro, a cidade de Deus. Os monxes beneditinos.
- Análise e comentario do debuxo dun mosteiro medieval.
- Descrición da indumentaria dun monxe beneditino.

O CAMPESIÑADO

- Modo de vida do campesiñado, alimentación, diversións. A indumentaria do campesiñado. A aldea campesiña e as vivendas.
- Observación e explicación dun debuxo sobre unha aldea campesiña medieval.
- Realización dunha redacción sobre a vida dos campesiños medievais.

A ARTE ROMÁNICA

- O primeiro estilo internacional. Características básicas da arquitectura, escultura e pintura románicas. A igrexa románica.
- Interpretación, a partir de imaxes representativas, de igrexas románicas.
- Análise e comentario de ilustracións de escultura e pintura románicas.

- Valoración con argumentos, da sociedade feudal europea.
- Interese por coñecer o mundo dos cabaleiros, así como os seus ideais e costumes.
- Valoración do papel da igrexa no campo da cultura e a arte da época medieval.
- Solidariedade coas capas sociais oprimidas da sociedade feudal.
- Interese pola conservación do legado artístico procedente da Idade Media e actitude favorable cara á súa recuperación.

9. A Península Ibérica. O predominio musulmán

Obxectivos

1. Establecer, datar e localizar no espazo as etapas e os feitos máis importantes da historia de Al-Ándalus.
2. Coñecer as características diferenciais da sociedade andalusí, constatando a evolución política, económica e social.
3. Analizar o legado cultural e artístico andalusí.
4. Diferenciar e localizar no espazo os principais núcleos de resistencia da España cristiá e coñecer a súa evolución histórica e organización entre os séculos VIII e XI.
5. Interpretar a evolución histórica de Galicia na Alta Idade Media e distinguir a importancia que o Camiño de Santiago tivo na súa época.
6. Coñecer a variedade do prerrománico e do románico peninsular.

Criterios de avaliación

- 1.1. Diferencia o islam español e coñece as súas etapas significativas ata 1086.
- 2.1. Explica a organización política, económica e social de Al-Ándalus, e recoñece a importancia da cidade nesta civilización.
- 3.1. Coñece as principais manifestacións artísticas e culturais de Al-Ándalus, e analiza e comenta edificios singulares.
- 4.1. Recoñece os distintos núcleos de resistencia da España cristiá e localízalos nun mapa da península.
- 4.2. Coñece as características básicas da organización dos distintos núcleos cristiáns de resistencia.
- 5.1. Coñece a evolución histórica de Galicia ao longo deste período e a importancia do Camiño de Santiago.
- 6.1. Recoñece obras significativas dos estilos asturiano e mozárabe, e valora a variedade do románico español.

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Localizar no espazo cidades históricas da Península Ibérica.
- Coñecer o espazo físico ocupado polos reinos cristiáns peninsulares.
- Localizar nun mapa de España comunidades autónomas.

Matemática

- Utilizar distintos criterios de medición do tempo histórico.

Comunicación lingüística

- Utilizar diferentes variantes do discurso, como a descrición, aplicándoa a certos inventos medievais.
- Precisar o significado de termos históricos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Comparar, de forma crítica, dúas interpretacións dun mesmo feito histórico.
- Precisar por escrito informacións procedentes de medios de comunicación.

Aprender a aprender

- Buscar nunha enciclopedia electrónica información sobre un personaxe histórico.

Autonomía e iniciativa persoal

- Utilizar estratexias para organizar a información, comparando nun cadro resumo.
- Planificar e executar un traballo individual sobre Sancho III o Maior.

Cultural e artística

- Adquirir habilidades perceptivas e interesarse pola conservación do patrimonio románico e islámico español.

Contidos

AL-ÁNDALUS

- A conquista e a formación de Al-Ándalus e a súa evolución histórica ata 1086. O waliato, o emirato, o califato e os reinos de taifas.
- Análise dun eixe cronolóxico, situando as etapas e os principais protagonistas da historia de Al-Ándalus.
- Comentario de mapas históricos coa evolución territorial de Al-Ándalus.

A ORGANIZACIÓN DE AL-ÁNDALUS

- A organización política e administrativa de Al-Ándalus. Economía e sociedade. A vida nas cidades andalusís.
- Comentario dun mapa histórico das actividades económicas de Al-Ándalus.
- Análise dun debuxo representativo do modelo de cidade andalusí.

A CULTURA E A ARTE EN AL-ÁNDALUS

- A cultura hispanomusulmá. A arte andalusí. Os tipos de edificios. A mesquita de Córdoba.
- Análise e comentario de edificacións andalusís significativas.
- Visualización e análise de imaxes e plano da mesquita de Córdoba.

OS NÚCLEOS CRISTIÁNS

- Os núcleos cantábrico e pirenaico de resistencia. O nacemento dos reinos cristiáns.
- Análise e comentario dos mapas de expansión dos reinos cristiáns.
- Ampliación da información sobre a batalla de Roncesvalles.

A ORGANIZACIÓN DOS NÚCLEOS CRISTIÁNS

- O avance cristián e a repoboación. Goberno e administración nos reinos cristiáns. A economía e a organización social.
- A vida nas cidades cristiás peninsulares.
- Análise dun debuxo representativo do modelo de cidade cristiá da época.

GALICIA NA ALTA IDADE MEDIA

- O reino de Galicia.
- A sociedade feudal galega.
- O Camiño de Santiago, a conexión humana, económica e cultural con Europa.
- Análise e comentario dun mapa do Camiño de Santiago.

A CULTURA E A ARTE DOS REINOS CRISTIÁNS

- A cultura, a arte asturiana e a arte mozárabe. O románico, a súa arquitectura, pintura e escultura.
- Comentario de fotografías de arte prerrománica.
- Busca de imaxes de arte prerrománica e románica e confección dun mural.
- A catedral de Santiago.
- Análise e comentario de imaxes.

- Valoración do legado cultural e artístico da civilización de Al-Ándalus.
- Manifestar interese pola arte islámica en xeral, e de Al-Ándalus en particular.
- Interese por coñecer o pasado.
- Interese por coñecer outras formas de medir o tempo distintas ás habituais.
- Fomento do espírito de tolerancia entre distintos pobos e culturas.
- Valoración da Escola de Tradutores de Toledo como reflexo do espírito de tolerancia.
- Rexeitamento das actitudes dogmáticas, integristas e xenófobas.
- Curiosidade por comprender as pegadas da presenza islámica en España.

10. A Europa feudal entre os séculos XII e XV

Obxectivos

1. Coñecer a situación dos Estados de Europa a principios do século XI, e os cambios políticos acontecidos entre os séculos XII e XIII.
2. Analizar os cambios agrícolas sucedidos en Europa entre os séculos XII e XIII.
3. Explicar o renacemento da vida urbana e algunhas das súas consecuencias, e identificar as características esenciais dunha cidade medieval e a súa forma de goberno.
4. Identificar as actividades artesanais e comerciais das cidades medievais, e interpretar o rexurdimento do comercio a longa distancia.
5. Recoñecer a importancia da relixiosidade na Idade Media e coñecer o fenómeno das Cruzadas.
6. Describir a crise do século XIV en Europa, e coñecer as súas causas e as súas consecuencias.
7. Recoñecer o legado cultural da Plena e Baixa Idade Media, e identificar os elementos esenciais da arquitectura, a escultura e a pintura góticas.

Criterios de avaliación

- 1.1. Coñece os trazos esenciais do mapa europeo a principios do século XII, e explica os cambios políticos acontecidos na época.
- 2.1. Analiza os cambios agrícolas sucedidos en Europa entre os séculos XII e XIII e expón as súas principais causas e consecuencias.
 - 3.1. Comprende o renacemento da vida urbana, e explica algúns trazos da poboación, as funcións, a morfoloxía e as formas de goberno das cidades medievais.
- 4.1. Coñece a organización dos gremios medievais e os tipos de comercio, incluíndo o comercio a longa distancia.
 - 4.2. Xerarquiza a sociedade urbana baixomedieval.
- 5.1. Comprende e explica conceptos relacionados coa relixiosidade medieval, como herexías, Inquisición ou Cruzadas.
- 6.1. Saca conclusións sobre a crise do século XIV, e identifica algunhas das súas causas e das súas consecuencias.
 - 7.1. Coñece o legado cultural da Plena e Baixa Idade Media.
 - 7.2. Analiza e comenta obras representativas do estilo gótico en arquitectura, escultura e pintura.

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Localizar espacialmente nun mapa de Europa reinos, cidades e rutas comerciais da Idade Media.

Matemática

- Realizar cálculos cronolóxicos e representar liñas temporais nunha liña do tempo.

Comunicación lingüística

- Definir conceptos históricos relevantes.
- Poñer un título a un texto a partir da análise dos seus elementos.
- Precisar o significado de termos artísticos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Obter información procedente dunha fonte documental da Idade Media.
- Comprender os elementos técnicos e artísticos dunha fachada gótica.
- Buscar imaxes artísticas e de patrimonio cultural en internet.

Social e cidadá

- Comprender os logros dunha sociedade histórica.

Aprender a aprender

- Aplicar razoamentos de distinto tipo para buscar causas e consecuencias de feitos históricos.
- Clasificar información nun cadro-resumo.

Autonomía e iniciativa persoal

- Utilizar o dicionario e un glosario de termos artísticos.
- Redactar un traballo individual, de síntese, sobre unha cidade medieval.

Cultural e artística

- Facer un esquema da fachada dunha catedral gótica, unha vez comprendidos os seus elementos técnicos.

Contidos

O TERRITORIO EUROPEO E OS SEUS GOBERNOS

- O territorio europeo entre os séculos XII e XIII. Os estados e os reinos. Os cambios políticos. O poder dos reis e os parlamentos.
- Comentario dun mapa histórico coa situación política de Europa a principios do século XI.
- Análise e comentario dunha ilustración sobre o poder real e o parlamento.

A EXPANSIÓN AGRARIA

- Causas e consecuencias da expansión agraria. As innovacións agrarias: arado de ferro e rotación trienal.
- Confección dun cadro sinóptico coas causas e as consecuencias da expansión agraria europea.
- Análise e comentario dun gráfico sobre a rotación trienal e as súas vantaxes.

A EXPANSIÓN URBANA

- O renacemento das cidades. O goberno cidadán. Os burgos ou cidades medievais. A poboación, as funcións, as vivendas, edificacións destacadas, etc.
- Análise dunha imaxe representativa de cidade medieval: Carcassone (Francia).
- Comentario de imaxes de época.
- As actividades artesanais. Os gremios e a súa organización. As actividades comerciais. Os tipos de comercio. Os núcleos e rutas do comercio a longa distancia. A sociedade urbana.
- Definición de termos históricos esenciais.
- Busca de información sobre a propia cidade en época medieval.
- Análise e comentario dun mapa histórico: as rutas e centros comerciais na Plena Idade Media.
- Ampliación da información sobre as asociacións de comerciantes. Hansa, commenda e compañía.

A RELIXIOSIDADE MEDIEVAL

- A relixiosidade da cristiandade medieval. As herexías e os musulmáns. O fenómeno das Cruzadas.
- Visualización e comentario do mapa das Cruzadas.
- Busca de información dunha das Cruzadas e redacción dun traballo de síntese.

A CRISE DO SÉCULO XIV

- Causas e consecuencias da crise do século XIV. A peste negra.
- Comentario do mapa histórico da expansión da peste negra no século XIV.

A CULTURA E A ARTE DA ÉPOCA

- Renacer cultural, as universidades. A cultura e a arte dunha época. A arte gótica, a catedral gótica. A escultura e a pintura góticas.
- Descrición, a partir de imaxes, dunha catedral gótica.
- Visualización e comentario de imaxes de escultura e pintura góticas.

- Predisposición a buscar os antecedentes históricos de situacións actuais.
- Valoración, con argumentos, da importancia do legado arquitectónico medieval.
- Aprecio do patrimonio arquitectónico herdado, e interese pola súa conservación e restauración.
- Interese por contemplar obras e obxectos artísticos da Idade Media.
- Valoración da busca das causas e das consecuencias dos feitos históricos.

11. A Península Ibérica. O predominio cristián

Objetivos

1. Establecer a evolución de Al-Ándalus entre os séculos XI e XV e recoñecer o seu patrimonio artístico.
2. Sinalar os trazos distintivos dos reinos cristiáns peninsulares entre os séculos XI e XV.
3. Coñecer a organización e institucións básicas dos reinos cristiáns.
4. Comprender a importancia da repoboación e distinguir os diferentes sistemas empregados para levala a cabo.
5. Captar as características económicas e sociais dos reinos cristiáns.
6. Identificar o legado cultural dos reinos cristiáns, e comprender o gótico e o mudéjar peninsular.
7. Interpretar a evolución histórica de Galicia na Baixa Idade Media.

Criterios de avaliación

- 1.1. Explica os trazos esenciais da evolución histórica de Al-Ándalus entre os séculos XI e XV, e recoñece e comenta obras do seu rico patrimonio arquitectónico.
- 2.1. Diferencia os reinos cristiáns peninsulares, localízaos nun mapa, e explica a súa evolución política entre os séculos XI e XV.
- 3.1. Sinala as principais institucións de goberno e a complexidade da administración territorial dos reinos cristiáns, e coñece o funcionamento das Cortes.
- 4.1. Sinala as diferentes modalidades de repoboación e os seus espazos xeográficos.
- 5.1. Comprende e explica os trazos básicos da propiedade, a agricultura, a artesanía e o comercio dos reinos peninsulares, e explica a importancia económica da transhumancia e a Mesta.
- 5.2. Coñece a sociedade dos reinos cristiáns e as súas características.
- 6.1. Sinala os aspectos fundamentais da cultura dos reinos cristiáns, e recoñece a importancia histórica da Escola de Tradutores de Toledo.
- 6.2. Coñece e explica os estilos gótico e mudéjar, e recoñece edificios significativos.
- 7.1. Coñece a evolución de Galicia nesta época histórica.

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Localizar nun mapa da península os reinos cristiáns do século XV.
- Localizar nun mapa as localidades citadas nun texto.
- Comprender o espazo da transhumancia peninsular.
- Localizar nun mapa de Galicia os principais focos do conflito irmandiño.

Matemática

- Ordenar conceptos históricos nunha representación gráfica.
- Calcular porcentaxes das vías pecuarias actuais en relación con outras épocas históricas.
- Calcular anos e séculos.

Comunicación lingüística

- Practicar a expresión a partir da resposta a preguntas seleccionadas.
- Explicar o sentido dunha frase.

Tratamento da información e competencia dixital

- Observar documentos gráficos relativos á sociedade estamental.
- Obter informacións históricas a partir de fontes indirectas.

Aprender a aprender

- Utilizar estratexias para recuperar información xa traballada.
- Aplicar estratexias de explicación con múltiples causas a partir dunha noticia de actualidade.

Cultural e artística

- Comprender as características da arte mudéxar e os seus elementos técnicos.
- Coñecer o significado e elementos técnicos do gótico español.
- Coñecer as principais manifestacións artísticas do gótico galego.

C ontidos

AL-ÁNDALUS ENTRE OS SÉCULOS XI E XV

- Evolución histórica, manifestacións culturais e legado artístico de Al-Ándalus. A Alhambra de Granada.
- Comentario e comparación de mapas recollendo a expansión almorábide e almohade.
- Análise e comentario de edificios construídos nas épocas almohade e nazarí.

OS ESTADOS CRISTIÁNS ENTRE OS SÉCULOS XI E XV

- Os estados cristiáns ata o século XIII: Castela e León, e os reinos orientais. A expansión castelá e aragonesa nos séculos XIV e XV.
- Confección dun mapa co avance das conquistas cristiás ata mediados do século XIII.
- Análise e comentario dun mapa histórico: os reinos peninsulares a mediados do século XV.

A ORGANIZACIÓN DOS REINOS CRISTIÁNS

- O goberno e as institucións. A monarquía e as Cortes e a Curia Rexia. O funcionamento e as atribucións das Cortes.
- Confección dunha relación dos poderes reais.
- Busca nun dicionario do significado de termos históricos.
- Análise e comentario dun debuxo sobre as Cortes dos reinos peninsulares.

A REPOBOACIÓN DO TERRITORIO

- A repoboación concellil, das ordes militares e os repartimentos.
- Comentario dun mapa histórico da repoboación cristiá da Península Ibérica.

A ECONOMÍA E A SOCIEDADE DOS REINOS CRISTIÁNS

- A propiedade da terra e as actividades agrarias. A Mesta e a transhumancia.
- Explicación do mapa das cañadas da Mesta.
- O desenvolvemento das actividades urbanas. A artesanía e o comercio. Rutas e focos comerciais.
- Extracción de datos dun mapa co comercio peninsular na Plena Idade Media.
- Comparación, nun cadro resumo, das artesanías de Castela e a coroa de Aragón.
- A sociedade estamental. Os estamentos privilexiados e o terceiro estado.

A CULTURA E A ARTE GÓTICA E A MUDÉXAR

- A convivencia cultural. As innovacións culturais. O gótico e o mudéxar.
- Ampliación da información sobre a Escola de Tradutores de Toledo.
- Observación e explicación de ilustracións artísticas do gótico e do mudéxar.

GALICIA NA BAIXA IDADE MEDIA

- Evolución política e social de Galicia. O conflito irmandiño.
- Investigación biográfica sobre a figura de Diego Xelmírez.

- Respecto polo legado cultural dos reinos hispanocristiáns.
- Interese por coñecer o patrimonio artístico baixomedieval, gótico e musulmán.
- Respecto polo patrimonio artístico en xeral.
- Espírito de tolerancia cara aos inmigrantes doutras culturas.
- Rexeitamento das manifestacións de racismo ou de xenofobia.
- Interese por facilitar a convivencia pacífica entre pobos e culturas diferentes.
- Valoración da importancia histórica do fenómeno da transhumancia.
- Interese pola busca de antecedentes históricos de situacións do presente.

12. Nacemento e esplendor do Estado moderno

Obxectivos

1. Comprender as características das monarquías autoritarias.
2. Coñecer as transformacións demográficas, económicas e sociais acontecidas durante os séculos XV e XVI en Europa.
3. Coñecer e diferenciar a Reforma protestante e a Contrarreforma católica.
4. Comprender o concepto de humanismo, e asimilar as súas canles de difusión.
5. Identificar os trazos e as obras básicas da arquitectura e a escultura renacentista en Italia.
6. Coñecer os trazos básicos da pintura italiana do Renacemento, e analizar obras significativas dos grandes mestres.
7. Asimilar as notas diferenciais do Renacemento no resto de Europa.

Criterios de avaliación

- 1.1. Coñece e explica as transformacións políticas acontecidas ao inicio da Idade Moderna.
- 2.1. Coñece as transformacións demográficas e económicas dos séculos XV e XVI.
- 2.2. Comprende as transformacións sociais e cidadás acaecidas en Europa nos inicios da Idade Moderna.
- 3.1. Distingue as principais características da Reforma (luterana, calvinista e anglicana) e explica a súa extensión por Europa.
- 3.2. Identifica e explica a Contrarreforma católica ou tridentina.
- 4.1. Diferencia o concepto de humanismo, e distingue as súas principais canles de difusión, recoñecendo a importancia da invención da imprenta.
- 5.1. Coñece a evolución do Renacemento en Italia, e cita e explica características do novo estilo.
- 5.2. Cita autores e obras representativos da arquitectura e escultura renacentista en Italia.
- 6.1. Identifica os recursos expresivos utilizados pola pintura italiana do Renacemento e explica obras significativas do estilo.
- 7.1. Coñece os «primitivos flamencos» e sinala algunhas características do Renacemento en Francia e en Alemaña.

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Localizar no espazo as áreas de difusión das Reformas.
- Comprender o espazo da cidade de Florencia onde se levou a cabo o Humanismo e o Renacemento.

Matemática

- Utilizar criterios de medición e codificación numérica de informacións temporais.

Comunicación lingüística

- Explicar as diferenzas que existen entre termos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Potenciar as destrezas de comprensión da información.
- Obter información dunha imaxe histórica.
- Facer unha visita virtual á cidade de Florencia utilizando as TIC.

Aprender a aprender

- Explicar as causas de determinados feitos históricos.

- Comprender a relación que houbo entre a invención da imprenta e á ruptura da unidade relixiosa europea.
- Completar un cadro-resumo a partir dunha información textual.

Autonomía e iniciativa persoal

- Organizar grupos para buscar información nunha enciclopedia ou en internet.
- Confeccionar un póster ilustrativo a partir de informacións.

Cultural e artística

- Valorar a contribución ao patrimonio cultural de artistas renacentistas relevantes.
- Gozar da arte renacentista.
- Analizar ilustracións artísticas do Renacemento.

Contidos

AS TRANSFORMACIÓNS POLÍTICAS, ECONÓMICAS E SOCIAIS

- Os inicios da Idade Moderna. O nacemento das monarquías autoritarias e os seus instrumentos de poder. Territorio, administración e exército.
- Localización nun mapa dos principais estados europeos a finais do século XVI.
- Busca e definición de termos históricos básicos.
- Os cambios económicos, demográficos e sociais da Idade Moderna. A poboación das cidades.
- Realizar unha relación dos cambios que supuxo a Idade Moderna.
- Observación dunha táboa estatística da poboación de Europa no século XVI.
- Análise e comentario dun mapa histórico: o comercio no século XVI.

OS CAMBIOS RELIXIOSOS: REFORMA E CONTRARREFORMA

- Os cambios relixiosos. Causas da reforma. A reforma luterana e as reformas calvinista e anglicana. A Contrarreforma. O Concilio de Trento e a Compañía de Xesús.
- Visualización de imaxes históricas dos principais reformistas.
- Confección e comentario dun mapa coa extensión da Reforma en Europa.
- Busca de información sobre os hugonotes e redacción dun traballo de síntese.

O CAMBIO DE MENTALIDADE

- Unha nova visión do ser humano, o Humanismo. Diversidade e difusión das ideas humanistas. O papel da imprenta na difusión das ideas humanistas.
- Observación de debuxos representativos das teorías heliocéntrica e xeocéntrica.
- Facer unha redacción sobre a importancia da difusión da imprenta.

UN NOVO ESTILO ARTÍSTICO: O RENACEMENTO

- O estilo renacentista. Características e periodización. A arquitectura e a escultura do Renacemento italiano.
- Ampliación da información sobre os mecenas do Renacemento italiano.
- Realización dunha biografía sobre algún artista significativo do Renacemento italiano.
- Análise e comentario de obras de arte significativas.
- A pintura do Renacemento italiano. Os grandes mestres. Miguel Anxo e a decoración da Capela Sixtina.
- Ampliación da información sobre o concepto de perspectiva lineal.
- Busca de información sobre Miguel Anxo e Leonardo da Vinci.
- Análise da Capela Sixtina.
- O Renacemento fóra de Italia. Os «primitivos flamencos».
- Análise e comentario de cadros representativos.

- Interese pola busca de antecedentes históricos de acontecementos actuais.
- Predisposición a non axuizar o pasado con criterios do presente.
- Respecto polo patrimonio cultural e artístico procedente da época histórica analizada.
- Recoñecemento do papel dos grandes xenios artísticos na evolución da arquitectura, a escultura e a pintura.
- Respecto polas crenzas relixiosas distintas á propia.
- Apreciación da influencia dos avances doutras épocas na configuración do noso mundo.
- Valoración do legado cultural e artístico do Renacemento á cultura europea e universal.

13. Os inicios da Idade Moderna en España e Galicia

Obxectivos

1. Relacionar o reinado dos Reis Católicos co establecemento do Estado moderno en España e a perda de peso político de Galicia.
2. Coñecer os principais acontecementos dos reinados de Carlos I e Felipe II, e valorar a política española na Europa da época.
3. Identificar as causas dos grandes descubrimentos e coñecer os descubrimentos portugueses e españois e as súas consecuencias.
4. Sinalar as principais empresas da conquista de América e coñecer a súa organización e explotación económica.
5. Mostrar a importancia que tivo na época a organización da monarquía hispánica.
6. Captar a singularidade do renacemento español.
7. Interpretar a evolución histórica de Galicia nos séculos XV e XVI.

Criterios de avaliación

- 1.1. Relaciona os trazos do Estado moderno en España e a perda de peso político de Galicia co reinado dos Reis católicos.
- 2.1. Coñece e distingue os principais acontecementos da política interior e exterior dos reinados de Carlos I e de Felipe II.
- 3.1. Clasifica e explica as causas dos grandes descubrimentos, e sitúa nun mapa as viaxes de descubrimento dos portugueses.
- 3.2. Relaciona a figura de Cristóbal Colón co descubrimento de América.
- 3.3. Coñece os caracteres diferenciais das principais culturas precolombianas, e sitúaaas nun mapa de América.
- 4.1. Explica os trazos básicos da conquista de México e Perú polos españois, e identifica os seus conquistadores.
- 4.2. Coñece as principais institucións da organización da América española, e sinala as características da súa explotación económica.
- 5.1. Organiza informacións sobre a política, a poboación, a economía e a sociedade españolas do século XVI.
- 5.2. Coñece e describe algunhas manifestacións da vida cotiá da España dos Austrias.
- 6.1. Distingue as principais características da arquitectura, a escultura e a pintura do Renacemento español.
- 7.1. Comprende a singularidade do período renacentista en Galicia.

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Coñecer o espazo onde se produciu a hexemonía española.
- Localizar nun mapamundi rexións e cidades da época dos descubrimentos.
- Localizar nun mapa de América a civilización inca.

Comunicación lingüística

- Definir conceptos históricos básicos utilizando o vocabulario científico máis axeitado.
- Xustificar o título dun documento.
- Argumentar sobre os significados dun discurso.

Tratamento da información e competencia dixital

- Aclarar informacións utilizando os coñecementos propios.

- Organizar informacións nun cadro-resumo.
- Utilizar as TIC para obter información sobre o santuario de Machu Pichu.

Social e cidadá

- Valorar o patrimonio renacentista en España e o rico patrimonio cultural de América.

Aprender a aprender

- Buscar explicacións causais de acontecementos históricos relevantes.
- Organizar as consecuencias en esquemas coherentes.
- Recuperar informacións a partir da reflexión sobre a intencionalidade de determinadas situacións históricas.

Autonomía e iniciativa persoal

- Buscar información sobre a práctica polos incas de sacrificios humanos.

Cultural e artística

- Comprender os estilos e as obras do renacemento español.

Contidos

O REINADO DOS REIS CATÓLICOS

- A unión dinástica das coroas de Castela e de Aragón, a unificación territorial e relixiosa. A implantación do Estado moderno, a administración e a política exterior.
- Elaboración dunha biografía dos Reis Católicos.

GALICIA NO REINADO DOS REIS CATÓLICOS

- Integración do reino de Galicia no estado castelán.
- Coñecemento das novas institucións implantadas en Galicia polos Reis Católicos.

A HEXEMONÍA DA MONARQUÍA HISPÁNICA

- A hexemonía hispánica baixo os Austrias, problemas internos e externos.
- Ampliación sobre a vida de Carlos I e de Felipe II.
- Análise do mapa da herdanza de Carlos I e do mapa do imperio de Felipe II.
- Afondamento dun feito histórico relevante: a Armada Invencible.

OS DESCUBRIMENTOS. A AMPLIACIÓN DO MUNDO COÑECIDO

- As causas dos descubrimentos. As viaxes de exploración portuguesas. O descubrimento de América e as súas consecuencias. As culturas precolombianas.
- Análise da reconstrución dunha carabela e realización dunha redacción sobre a vida a bordo.
- Confección dun mapa conceptual sobre as causas dos grandes descubrimentos.
- Busca de información sobre a viaxe de Magalhães e de Elcano darredor do mundo.
- Localización nun mapa de América das culturas precolombianas.

A CONQUISTA E A ORGANIZACIÓN DE AMÉRICA

- Características e fases da conquista. O goberno e a administración das Indias. A explotación económica das Indias. As consecuencias da conquista e colonización americanas.
- Explicación dun mapa histórico: a América española no século XVI.
- Definición e explicación de conceptos sobre economía colonial.

O GOBERNO, A ECONOMÍA E A SOCIEDADE BAIXO OS AUSTRIAS

- A organización da monarquía hispánica. A poboación e as actividades económicas. A artesanía e o comercio.

- A sociedade española do século XVI. A vida cotiá da nobreza e das clases populares.
- Extracción de datos sobre un debuxo dos terzos españois e debuxos da indumentaria masculina e feminina da época.

A CULTURA E A ARTE

- A cultura e a arte na España dos Austrias. O Renacemento en España. A arquitectura, a escultura e a pintura renacentistas. O Greco.
- Análise e comentario de obras artísticas representativas do período en España.

GALICIA NO SÉCULO XVI

- A economía e a sociedade neste período.
- A arquitectura renacentista en Galicia.
- Caracterización das etapas do Renacemento galego e lista das obras máis importantes.

- Interese pola busca de antecedentes históricos de acontecementos e situacións actuais.
- Valoración da política de España en Europa no contexto da época.
- Valoración con argumentos da importancia do descubrimento de América.
- Predisposición a non axuizar o pasado con criterios do presente.

14. O século XVII en Europa, en España e en Galicia.

O Barroco

Obxectivos

1. Coñecer os trazos políticos básicos das monarquías europeas no século XVII, así como a situación da monarquía española.
2. Distinguir as transformacións económicas acontecidas no século XVII en Europa e España.
3. Establecer a organización social da época e introducir o alumnado no coñecemento da vida cotiá.
4. Saber en que consistiu a revolución científica e técnica e o Século de Ouro español.
5. Coñecer as características da arquitectura e escultura barrocas, e coñecer e valorar o legado artístico español.
6. Descubrir a gran diversidade de escolas da pintura barroca.
7. Apreciar as singularidades sociais e artísticas da época barroca en Galicia.

Criterios de avaliación

- 1.1. Identifica as transformacións políticas acontecidas en Europa no século XVII, e coñece as diferenzas existentes entre as monarquías absolutas e as potencias non absolutistas.
- 1.2. Sinala as características da monarquía española no século XVII, e cita monarcas e validos representativos.
- 2.1. Comprende a teoría mercantilista e recoñece as características da crise da agricultura e da artesanía e as novas formas de produción.
- 2.2. Coñece o desenvolvemento do comercio e os grandes inimigos do comercio español no século XVII.
- 3.1. Distingue os trazos esenciais dos diferentes estamentos sociais: nobreza, clero e terceiro estado, e menciona algúns aspectos da vida cotiá no século XVII.
- 4.1. Coñece as bases da ciencia moderna, e identifica o concepto de Século de Ouro.
- 5.1. Identifica os autores e as obras máis significativos da arquitectura e a escultura barrocas en Europa.
- 5.2. Identifica as principais obras e autores da arquitectura e da escultura do barroco español.
- 6.1. Resume as escolas da pintura barroca europea.
- 6.2. Identifica os principais pintores españois do barroco, e relaciónaos con obras significativas.
- 7.1. Identifica a evolución social e artística de Galicia na época barroca.

Competencias

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Localizar nun mapamundi os espazos xeográficos citados nunha noticia de prensa actual.

Matemática

- Representar informacións nun diagrama de barras.

Comunicación lingüística

- Definir o concepto representado por unha imaxe.
- Definir conceptos básicos.
- Explicar o significado de frases concretas, dentro dun texto.

Tratamento da información e competencia dixital

- Interpretar unha imaxe histórica de Louis XIV.
- Obter información a partir de fontes escritas.

- Facer unha relación de causas a partir da análise de informacións textuais.
- Utilizar as TIC para coñecer o edificio e a pinacoteca do Museo do Prado.

Social e cidadá

- Comprender a realidade da vida cotiá nunha época histórica determinada.
- Valorar a piratería como forma de vida.
- Coñecer institucións históricas.

Aprender a aprender

- Utilizar estratexias para pensar, organizar, memorizar e recuperar a información.
- Redactar unhas liña sobre a crise do século xvii a partir da recuperación de informacións xa coñecidas.

Cultural e artística

- Valorar as obras barrocas como parte do patrimonio cultural dunha época.

Contidos

AS TRANSFORMACIÓNS POLÍTICAS

- As transformacións políticas do século xvii, unha época de cambios. O panorama internacional. Monarquías absolutas e os sistemas e potencias non absolutistas, críticas ao absolutismo. Os validos dos Austrias menores.
- Análise e comentario de mapas de Europa.
- Diferenza entre monarquía absoluta e monarquía autoritaria.

A POBOACIÓN E AS ECONOMÍAS EUROPEA E ESPAÑOLA

- A evolución da poboación. A agricultura, a artesanía e as novas formas de produción. O mercantilismo e os seus tipos. O comercio e as transformacións no colonialismo. Piratas, corsarios e filibusteiros.
- Ampliación da información sobre a expulsión dos mouriscos.
- Análise e comentario do mapa coas principais rutas comerciais do século xvii.

A EVOLUCIÓN DA SOCIEDADE E A VIDA COTIÁ

- Os grupos privilexiados, a diversidade do terceiro estado. Aspectos da vida cotiá.
- Realización dunha redacción sobre a vida da muller no século xvii.

O DESENVOLVEMENTO CIENTÍFICO, TÉCNICO E CULTURAL

- O nacemento da ciencia moderna. O esplendor cultural do Século de Ouro español, o teatro e a literatura.
- Busca de información sobre a vida e a obra de Galileo Galilei.
- Localización nun eixe cronolóxico dos principais inventos do século xvii.
- Desenvolvemento oral do argumento, os personaxes e a época dalgunha obra do Século de Ouro.

GALICIA NO SÉCULO xvii

- A sociedade galega na época do barroco.
- Análise da sociedade galega no século xvii.

A ARTE BARROCA

- A arte barroca en Europa e España, as novas ideas. A arquitectura e a escultura. A pintura barroca en Europa. A pintura barroca en España. Velázquez, un xenio universal.
- Confección dun resumo sobre as principais escolas, artistas e obras da pintura barroca europea.
- Identificación e comentario de obras barrocas de arquitectura e escultura significativas.

- Explicación dos trazos básicos da técnica pictórica de Velázquez en *Las meninas*.

A ARTE BARROCA GALEGA

- A arquitectura e a escultura barrocas en Galicia.
 - Análise das características da arquitectura barroca galega.
-
- Percepción da incompatibilidade entre o absolutismo e o parlamentarismo.
 - Valoración da política de España en Europa durante o século XVII.
 - Comprensión, desde a nosa visión de homes e mulleres do século XXI, dos costumes e mentalidades dos europeos e dos españois da época.
 - Valoración do legado económico de épocas anteriores á sociedade actual.
 - Valoración, con argumentos, da importancia do legado científico e artístico do século XVII.
 - Comprensión da importancia, riqueza e diversidade do noso patrimonio histórico-artístico.

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS

Ao longo do curso 2010-11 os alumnos/as de 2º de ESO terán que realizar diversos traballos escritos, como parte práctica da materia, entre eles os relacionados ao dorso.

Todos os traballos escritos faranse en follas cuadrículadas e agrupados por temas.

Na avaliación da materia terase en conta a realización dos mencionados traballos prácticos, de xeito que a súa presentación será requisito indispensable para a superación das avaliacións.

Os traballos realizados polos alumnos/as do tema ou temas obxecto dun control serán revisados polo profesor nos últimos días. A data límite para a súa entrega será a mesma do control.

Nos controis que se realicen ao longo do curso haberá preguntas relacionadas coas devanditas actividades (recoméndase a memorización dos conceptos).

MATERIAL NECESARIO PARA A CLASE DE CIENCIAS SOCIAIS DE 2º DE ESO

- Libro de texto en galego: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia de 2º de ESO de M. Burgos e outros. Editorial Anaya (ISBN: 978-84-667-7043-9)
- Follas cuadrículadas e funda ou carpeta de plástico para gardalas
- Bolígrafo azul ou negro, bolígrafo verde, lapis ou portaminas.
- Funda ou carpeta de plástico para gardar os controis (ou subcarpeta de cartolina cun fastener.)

VIGO, 16 DE SETEMBRO DE 2011

Alumno/a: 2º ESO

Os traballos propostos corresponden ao libro de texto utilizado no Centro no 2º de ESO: "Ciencia Sociais, Xeografía e Historia" Galicia de M. Burgos e outros da editorial Anaya (ISBN: 978-84-667-7043-9)

HISTORIA 2º DE ESO

TEMA	PÁXINA	ACTIVIDADES A REALIZAR
6	103 104	Comproba o que aprendiches: 1, 2, 4, 5, 6, 7, 8 Desenvolve as túas competencias: 1, 4, 5 e 6
7	119 120	Comproba o que aprendiches: 1, 2, 4, 5 e 6 Desenvolve as túas competencias: 1 e 2
8	137 138	Comproba o que aprendiches: 1, 3, 4, 5 e 6 Desenvolve as túas competencias: 2
9	157 158-159	Comproba o que aprendiches: 1, 3, 4, 5 e 6 Desenvolve as túas competencias: 1, 2, 6 e 8
10	175 176 e 177	Comproba o que aprendiches: 1, 3, 4, 5 e 6 Desenvolve as túas competencias: 2, 4, 5, 6 e 7
11	195 196-197	Comproba o que aprendiches: 1, 2, 4, 5, 6 e 7 Desenvolve as túas competencias: 1, 2, 11, 12, 13 e 14
12	215 216	Comproba o que aprendiches: 1, 2, 3, 4, 5, 7 e 8 Desenvolve as túas competencias: 1, 2, 3, 4, 5 e 6
13	239 240-241	Comproba o que aprendiches: 1, 4, 5, 6, 7 e 8 Desenvolve as túas competencias: 2, 3 e 9
14	263 264	Comproba o que aprendiches: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9 e 10 Desenvolve as túas competencias: 1, 2 e 3

XEOGRAFÍA 2º DE ESO

TEMA	PÁXINA	ACTIVIDADES A REALIZAR
1	25 27	Comproba o que aprendiches: 1, 2, 3, 4 e 5 Desenvolve as túas competencias: 3, 4, 6 e 8
2	39 40	Comproba o que aprendiches: 1, 2, 3, 4, 5 e 6 Desenvolve as túas competencias: 4, 5 e 6
3	55 56	Comproba o que aprendiches: 3, 4, 5, 6 e 7 Desenvolve as túas competencias: 5, 6 e 7
4	71 72	Comproba o que aprendiches: 2, 3, 4, 5, 6 e 7 Desenvolve as túas competencias: 1, 2 e 3
5	89 90	Comproba o que aprendiches: 1, 2, 3, 4, 5 e 6 Desenvolve as túas competencias: 1 e 3

Curso académico 2010/11

CURSO ACADÉMICO 2010-11

PAUTAS DE CUALIFICACIÓN 2º ESO

(Grupos: 2º A, 2º B, 2º C e 2º AE)

- A orde de desenvolvemento dos temas será:
 - Primeiro Historia: temas 6 a 14
 - Segundo Xeografía: temas 1 a 5
- A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións celebradas ao longo do curso redondeada ao número enteiro máis próximo.
- Cada avaliación constará de varias probas escritas en función da materia desenvolvida.
- A cualificación da avaliación será a media aritmética das calificacións das distintas probas realizadas nesa avaliación, sempre que a súa nota sea igual ou superior a catro, redondeada ao número enteiro máis próximo.
- Cando nunha proba escrita a nota sea inferior a catro haberá que recuperala.
- Os traballos realizados polos alumnos/as do tema ou temas obxecto dun control serán revisados polo profesor nos últimos días. A data límite para a súa entrega será a mesma do control.
- A presentación dos traballos escritos será requisito indispensable para a superación das avaliacións.
- Terase en conta as intervencións dos alumnos/as na aula, tanto as positivas como as negativas.
- Os alumnos/as que non superen a materia no mes de xuño poderán presentarse a proba extraordinaria do mes de setembro.
- A proba extraordinaria de setembro versará sobre os contidos desenvolvidos ao longo do curso.

FOMENTO DA LECTURA

Coa fin de mellorar a comprensión lectora dos alumnos/as se realizará na clase e en voz alta a lectura dos temas obxecto de estudo, procedéndose despois a facer

- Unha síntese concisa do parágrafo lido
- A búsqueda da idea ou ideas fundamentais do texto
- A indicar as ideas secundarias
- Unha aclaración de conceptos

Igual proceso se seguirá cos distintos documentos utilizados no desenvolvemento das clases

Os alumnos/as terán que buscar información sobre temas ou personaxes determinados que despois terán que presentar de xeito conciso (síntese, mapa cneptual, cadro sinóptico, liña do tempo, ...)

PROGRAMACIÓN DE CIENCIAS SOCIAIS 3º ESO.

XEOGRAFÍA. CURSO 2011-2012.

1.- Introducción

A materia de 3º ESO adícase a análise do territorio como espazo humanizado e a comprensión das singularidades e interrelacións do espazo coas sociedades que se asentan nel . O currículo ven deseñado no Decreto 133/2007 do 5 de xullo, no que se regulan as ensinanzas da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na memoria doutros cursos, fixemos constar o interese mostrado polo alumnado na realización de exposicións orais de diferentes aspectos dos temas da materia e de traballos de investigación realizados individualmente e/ou en grupo. O Alumnado mostrou o seu interese en continuar nesta liña. Valoraban a importancia de aprender a expresarse oralmente sabedores da falta de experiencia e escasa práctica na súa traxectoria escolar. Alumnos con dificultades para a atención ou desmotivados responderon moi ben a este tipo de iniciativas e conseguiron participar positiva e activamente na clase. Polo tanto consideramos necesario indicir neste tipo de estratexias de aprendizaxe que potencian a adquisición das competencias curriculares e 3º de ESO. Ademais dende o curso pasado O IES asumiu o proxecto Axenda 21 Escolar Galega. Este programa promove valores medioambientais e estimula a traballar co alumnado como protagonista da súa propia aprendizaxe fomentando a realización de proxectos que eles mostrarán aos seus compañeiros.

Coa intención de relacionar o coñecemento xeográfico co respecto a o patrimonio natural e construído tamén se implementan os materiais didacticos do *Proxecto Terra* que teñan conexión coa programación curricular. As actividades ofertadas polo Concello de Vigo no seu programa “Vigo por Dento” non se incorporarán este curso ao ser suprimido dito programa debido aos efectos da crise económica e a decisión do concello de Vigo de non ofertalo. Outras actividades extraescolares incluíránse na medida que sexa posible e se as circunstancias do curso o permiten.

O Libro de texto seleccionado para este curso e para os próximos anos é: *Xeografía 3º ESO* da editorial Santillana .Proxecto “os camiños do saber” editado en tres volumes . ISBN 978-84-8793-743-9

Os bloques de contidos desta materia son:

2.-.- Bloques de contidos.

BLOQUE 1: Contidos Comúns.

-Obtención e procesamento da información a partir da percepción das paisaxes xeográficas do contorno ou de imaxes, de fontes orais e de documentos visuais, cartográficos e estatísticos incluídos os proporcionados polas tecnoloxías da información e comunicación. Comunicación oral ou escrita da información obtida.

-Realización de debates, análises de casos ou resolución de problemas sobre cuestións de actualidade, servíndose das fontes que proporcionan os medios de comunicación, e utilizando o vocabulario xeográfico axeitado.

- Realización de traballos de síntese e investigación, utilizando fontes variadas e presentándoos correctamente.

BLOQUE 2: Actividade económica e espazo xeográfico.

- A actividade económica. A economía de mercado
- As actividades agrarias e a pesca
- As actividades agrarias e a pesca en Europa, España e Galicia.
- As actividades industriais. En Europa, España e Galicia
- As actividades terciarias. En Europa, España e Galicia
- Consecuencias ambientais da actividade económica.

BLOQUE 3: Organización política e espazo xeográfico

- A organización política das sociedades.
- Tipos de Estado
- O mapa político do mundo
- A organización política da UE
- A organización política de España
- A organización política de Galicia

BLOQUE 4: Transformacións e desequilibrios no mundo actual

- Interdependencia e globalización. O desenvolvemento desigual
- Os grandes cambios xoeconómicos:
 - As potencias mundiais e rexionais
 - As áreas dependentes.

2.-Secuenciación e Periorización dos contidos:

1º Avaliación: da unidade 1 á 4

2º Avaliación: da unidades 5 á 8

3º Avaliación: da unidade 9 á 12

Esta secuenciación podería variar en función da duración de cada trimestre, días lectivos, actividades extraescolares e complementarias nas que participe o alumnado, e outros factores.

Programación da aula extraída do modelo proposto pola editorial Santillana.

Unidade 1: O espazo físico en que vivimos

OBXECTIVOS

1. Coñecer os trazos característicos do medio físico terrestre: relevo, augas, climas e paisaxes.
2. Analizar como afectan os trazos do medio físico (positiva ou negativamente) á vida das persoas.
3. Reflexionar sobre os diversos mecanismos mediante os cales os seres humanos aproveitan as vantaxes do medio e superan os obstáculos que presentan para a súa vida.
4. Interpretar distintos tipos de mapas físicos: de relevo e ríos e de climas.
5. Interpretar climogramas.
6. Analizar os principais problemas actuais relacionados co medio físico e propoñer solucións.

CONTIDOS

Conceptos

- A tectónica de placas e os seus efectos na paisaxe.
- O relevo: formas e influencia sobre a vida das persoas.
- Conceptos principais relacionados coas augas terrestres: océanos, ríos, lagos e augas subterráneas.
- A auga e a ocupación humana.
- O sistema climático: características, factores e elementos do clima.
- As zonas climáticas, variacións rexionais e microclimas
- O clima e a nosa vida

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas físicos.
- Comparación de mapas físicos e mapas de poboación.
- Análise de imaxes.
- Elaboración e interpretación de climogramas.
- Uso de *Google Earth*.

Actitudes

- Curiosidade por coñecer o medio físico terrestre, concretamente o do noso medio europeo, espacial e galego.
- Valoración do medio como soporte fundamental da nosa vida.
- Conciencia de que o peso do medio físico é maior nas sociedades pobres, que carecen de medios económicos para financiar as obras necesarias para superar os factores limitantes do medio físico.

- Aprecio da natureza como un patrimonio que é fundamental conservar para as xeracións futuras.
- Preocupación polos grandes problemas aos que se enfronta o medio natural e participación activa na súa resolución.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico relacionado co medio físico.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e ideas tratados no tema.

Competencia matemática

- Elaborar e interpretar climogramas.

Aprender a aprender

- Elaborar un cadro de dobre entrada sobre as distintas zonas climáticas.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Buscar información en Internet.
- Ler noticias de prensa.

Competencia social e cidadá

- Reflexión crítica sobre o peso que o medio físico ten nos países ricos e nos países pobres, a causa dos diferentes medios económicos cos que contan para realizar investimentos en infraestruturas.

Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar un traballo en grupo e executalo segundo o planificado.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Coñecer os principais trazos físicos do mundo en que vivimos.
- Observar e describir paisaxes naturais.
- Interpretar mapas de placas tectónicas, físicos e climáticos.

Pensamento social

- Valorar se un trazo físico (relacionado co relevo, as augas, os climas ou as paisaxes) é un factor favorable ou limitador para a vida das persoas.
- Analizar como as persoas intentan superar eses aspectos limitadores do medio físico.
- Avaliar os efectos que esa intervención humana terá sobre o medio.

- Formular hipóteses sobre os lugares máis adecuados para a localización dunha nova localidade tendo en conta as súas características físicas.
- Sacar conclusións sobre cales son os factores físicos máis favorables para a nosa vida.
- Predicir como afectará ao desenvolvemento dos países agora subdesenvolvidos a súa dependencia do medio físico.
- Determinar qué aspectos (positivos e negativos) deben terse en conta cando analicemos o medio físico dun lugar.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible empregando para iso as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
2. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno, manifestando actitudes de solidariedade.

Unidade 2: O medio físico de Europa, España e Galicia

OBXECTIVOS

1. Coñecer os trazos característicos do medio físico de Europa: relevo, augas, climas e paisaxes.
2. Coñecer os trazos característicos do medio físico de España: relevo, augas, climas e paisaxes.
3. Coñecer os trazos característicos do medio físico de Galicia: relevo, augas, climas e paisaxes.
4. Analizar como afectan (positiva ou negativamente) a nosa vida.
5. Reflexionar sobre os diversos mecanismos mediante os cales os seres humanos aproveitan as vantaxes do medio e superan os obstáculos que presenta para a súa vida.
6. Interpretar distintos tipos de mapas e climogramas.
7. Analizar os principais problemas actuais relacionados co medio físico e propoñer solucións.

CONTIDOS

Conceptos

- O relevo e as costas de Europa.
- Os ríos e lagos de Europa.
- Climas e paisaxes europeos.
- A situación de España en Europa.
- O relevo e as costas de España.
- Os ríos e lagos de España.
- Climas e paisaxes de España.
- O medio físico de Galicia.

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas físicos.
- Interpretación dun mapa litolóxico.
- Análise de imaxes
- Interpretación do mapa topográfico nos seus aspectos físicos.
- Análise dun perfil topográfico.
- Estudo de casos.
- Investigación en Internet: a web da Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET).

Actitudes

- Curiosidade por coñecer o medio físico terrestre, concretamente o do noso medio europeo, español e galego.
- Valoración do medio como soporte fundamental da nosa vida.

- Aprecio da natureza como un patrimonio que é fundamental conservar.
- Preocupación polos grandes problemas aos que se enfronta o medio natural e participación activa na súa resolución.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico relacionado co medio físico.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e das ideas tratados no tema.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Buscar información en Internet.
- Elaborar un informe sobre Galicia a partir da consulta de información fóra do tema.
- Ler noticias de prensa.

Autonomía e iniciativa persoal

- Opinar sobre a sobreexplotación dos acuíferos, a partir da información do libro de texto.
- Opinar sobre as medidas que se adoptan en casos de falta de auga, argumentando a opinión propia e rebatendo de forma crítica as opinións coas que non se está de acordo.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Coñecer os principais trazos físicos do noso continente de España e de Galicia.
- Utilizar as coordenadas xeográficas para localizar lugares.
- Observar e describir paisaxes naturais.
- Interpretar mapas físicos, litolóxicos e climáticos.
- Interpretar mapas topográficos e utilízalos para moverse no espazo.

Pensamento social

- Clasificar os trazos físicos de Europa, de España e de Galicia: o relevo polas súas formas, os ríos por vertentes.
- Valorar se un trazo físico (relacionado co relevo, coas augas, cos climas ou coas paisaxes) é un factor favorable ou limitador para a vida das persoas.
- Valorar as actividades económicas máis favorecidas polos trazos físicos españois.
- Analizar como as persoas intentan superar os aspectos limitadores do medio físico.

- Avaliar os efectos que esa intervención humana terá sobre o medio.
- Enumerar as consecuencias da sobreexplotación dos acuíferos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Describir os trazos xeográficos comúns e diversos que caracterizan o espazo xeográfico español e galego e explicar o papel que xogan os principais centros de actividade económica e os grandes eixes de comunicación como organizadores do espazo, e como a súa localización se relaciona cos contrastes rexionais.
2. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para iso as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
3. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno, manifestando actitudes de solidariedade.

Unidade 3: Os Estados do mundo

OBXECTIVOS

1. Coñecer os trazos característicos do espazo xeopolítico mundial.
2. Saber qué é un Estado e cantos Estados hai no mundo.
3. Utilizar a noción de poder para xerarquizar os Estados do mundo e analizar en qué factores reside ese poder.
4. Comprender que existen diversas formas de organizar politicamente un Estado.
5. Apoiar a democracia como o sistema político que garante mellor a convivencia, os dereitos e as liberdades.
6. Explicar por que os Estados cooperan entre si, valorando o papel que desempeñan as organizacións internacionais.
7. Analizar problemas actuais relacionados coa organización política e propoñer solucións.

CONTIDOS

Conceptos

- O Estado: definición e compoñentes.
- Os Estados do mundo.
- A diversidade dos Estados.
- As funcións do Estado.
- O Estado de benestar.
- Os Estados democráticos: participación dos cidadáns, separación de poderes e Estado de dereito.
- As ditaduras.
- Estados laicos, confesionais e teocracias.
- Monarquías e repúblicas.
- A organización territorial do Estado: Estados centralizados e descentralizados.
- As relacións entre os Estados.
- As organizacións internacionais. A ONU

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas, gráficos e imaxes para obter información.
- Interpretación de mapas políticos.
- Interpretación e elaboración de mapas de símbolos proporcionais.
- Lectura de textos, especialmente de textos periodísticos.

Actitudes

- Curiosidade por coñecer como se organiza politicamente o mundo en que vivimos.
- Rexeitamento das grandes desigualdades de poder que existen entre uns Estados e outros do planeta.

- Valoración positiva do sistema democrático e toma de conciencia de que é importante a participación activa dos cidadáns na súa mellora e pervivencia.
- Cumprimento dos deberes e das obrigas que temos como cidadáns dentro dun sistema democrático.
- Participación no formulación de propostas que melloren a cooperación entre os Estados da Terra.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico relacionado co sistema político.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e ideas tratados no tema.

Competencia matemática

- Calcular proporcións.

Aprender a aprender

- Elaborar cadros sinópticos.
- Elaborar un *dossier* sobre un país.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Buscar información en Internet.
- Ler noticias de prensa.

Competencia social e cidadá

- Reflexión crítica sobre tres problemas actuais: a falta de democracia e a vulneración dos dereitos e das liberdades fundamentais en moitos países do mundo; as desigualdades de poder entre os Estados do planeta; e a necesidade de mellorar as canles de cooperación entre os Estados.

Autonomía e iniciativa persoal

- Comparar as distintas visións que teñen sobre o Estado de benestar as correntes políticas e partidos do noso medio e decidir con cal delas está de acordo o alumno, xustificando a súa elección de forma razoada.
- Opinar sobre o papel que a relixión debe ter nun Estado.
- Valorar qué competencias deberían ser estatais e cales rexionais e dar xustificacións para a elección.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Comprender que o territorio é un compoñente fundamental do Estado, coñecer a

noción de fronteira e percibir a fronteira como algo variable ao longo da historia.

- Situar nun mapa os Estados do mundo e as súas capitais.
- Avaliar as diferenzas (de extensión, poboación, poder, historia...) que hai entre os Estados.

Pensamento social

- Determinar qué funcións debe cumprir un Estado e se un Estado concreto as cumpre ou non.
- Explicar a noción de Estado de benestar e avaliar distintos mecanismos que fagan posible a súa pervivencia no futuro.
- Imaxinar como sería a nosa vida se non existise o Estado e valorar a importancia das súas funcións.
- Achegar razóns que expliquen por que non existe un Estado de benestar nos países subdesenvolvidos.
- Descompoñer os elementos necesarios para que exista unha democracia e utilízalos para valorar se unha serie de Estados son democracias, falsas democracias ou ditaduras.
- Analizar as relacións entre o Estado e as Igrexas e os distintos tipos de réximes (Estados laicos, confesionais e teocracias) que son posibles.
- Investigar sobre conflitos actuais e a intervención da ONU neles.
- Analizar o poder militar de Estados Unidos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar e localizar no mapa de España as Comunidades Autónomas e as súas capitais, os Estados de Europa e os principais países e áreas xeoeconómicas e culturais do mundo, recoñecendo a organización territorial, os trazos básicos da estrutura e organización político-administrativa do Estado español e a súa pertenza á Unión Europea.
2. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible.
3. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade.

Unidade 4: A organización política de Europa, España e Galicia

OBXECTIVOS

1. Localizar nun mapa os Estados europeos e as súas capitais.
2. Explicar os cambios territoriais recentes que se produciron en Europa.
3. Analizar as principais desigualdades entre os Estados europeos e distinguir diferentes rexións.
4. Comprender qué é a UE, por que se formou, os principais fitos da súa historia, as súas institucións e o seu peso no mundo.
5. Valorar o grao de consecución dos obxectivos da UE.
6. Localizar nun mapa de España as Comunidades Autónomas, as provincias e as capitais autonómicas e provinciais.
7. Comprender por que o sistema político español é unha democracia.
8. Describir a organización territorial española.
9. Analizar os principais desequilibrios rexionais que se dan en España.
10. Describir a organización política e territorial de Galicia.

CONTIDOS

Conceptos

- Os actuais Estados de Europa.
- As desigualdades entre os Estados europeos.
- A Unión Europea: historia, obxectivos e peso no mundo.
- As institucións da Unión.
- O sistema político español.
- A organización territorial do Estado español.
- Os desequilibrios rexionais en España.
- A organización política e territorial de Galicia.

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas, gráficos e imaxes para extraer información.
- Interpretación e elaboración de organigramas.
- Análise de casos.
- Investigacións sobre a UE e o municipio do alumno en Internet.

Actitudes

- Sentimento de pertenza a distintos ámbitos (Europa, UE, España, Galicia, localidade, etc.), e defensa das identidades múltiples.
- Curiosidade por coñecer como se organizan politicamente a UE, España e Galicia.
- Rexeitamento das grandes desigualdades que existen entre uns Estados e outros da Unión Europea e entre unhas rexións e outras de España.

- Valoración positiva do sistema democrático e toma de conciencia da importancia da participación activa dos cidadáns na súa mellora e pervivencia.
- Cumprimento dos deberes e das obrigas que temos como cidadáns dentro dun sistema democrático.
- Participación na formulación de propostas que melloren a cooperación entre os Estados da Unión Europea e entre as distintas rexións españolas.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico relacionado co sistema político e coa Unión Europea.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e das ideas tratados no tema.

Aprender a aprender

- Elaborar e interpretar organigramas da UE, do sistema político español e do galego.
- Elaborar mapas conceptuais.
- Elaborar un *dossier* sobre un país.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Buscar información en Internet.
- Ler noticias de prensa.

Autonomía e iniciativa persoal

- Valorar se é positivo que os países unan os seus esforzos nunha organización supranacional e argumentar a súa opinión.
- Planificar un traballo en grupo e executalo segundo o planificado.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Localizar nun mapa os países de Europa e as súas capitais.
- Analizar procesos de cambios recentes de fronteiras en Europa.
- Analizar os cambios de conformación territorial dun país europeo: Alemaña.
- Localizar nun mapa os países membros da UE, e clasificalos segundo o seu ano de incorporación á Unión.
- Localizar nun mapa as Comunidades Autónomas e as provincias españolas.

Pensamento social

- Determinar as grandes desigualdades que hai entre uns países e outros de Europa

e valorar cales delas son importantes á hora de explicar o distinto peso no mundo destes países.

- Determinar as grandes desigualdades que hai entre unhas rexións e outras de España e valorar as que son máis importantes á hora de explicar o distinto peso de cada unha delas.
- Analizar casos de xestión compartida de recursos entre dous países (por exemplo, a xestión dalgúns ríos peninsulares entre Portugal e España), e valorar as razóns que a provocan.
- Predicir como evolucionará a UE.
- Determinar que aspectos deben terse en conta cando analicemos o sistema político e o peso xeopolítico dun lugar.
- Analizar de que forma afecta á nosa vida a pertenza de España país á UE.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar e localizar no mapa de España as Comunidades Autónomas e as súas capitais, os Estados de Europa e os principais países e áreas xeoeconómicas e culturais do mundo, e recoñecer a organización territorial, os trazos básicos da estrutura e organización político-administrativa do Estado español e a súa pertenza á Unión Europea.
2. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para facelo as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
3. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno, manifestando actitudes de solidariedade.

Unidade 5: A actividade económica

OBXECTIVOS

1. Comprender que é a economía e as actividades que comprende.
2. Utilizar termos económicos comúns.
3. Explicar o funcionamento da economía: axentes que interveñen nela e factores que son necesarios.
4. Comprender que a actividade económica pode organizarse en sistemas diferentes (de subsistencia, comunista e capitalista) e describir o funcionamento do sistema económico capitalista.
5. Analizar problemas do mundo do traballo: desemprego, economía somerxida, discriminación da muller e traballo infantil.
6. Tomar conciencia de que a economía non é algo abstracto, senón que está presente en case todas as nosas actividades.

CONTIDOS

Conceptos

- A actividade económica: definición e estudo.
- Os sectores económicos.
- Os axentes económicos: as familias, as empresas e o Estado.
- Os factores produtivos: o traballo, os recursos naturais, o capital, a tecnoloxía, o coñecemento e o «saber facer».
- Principais problemas relacionados co traballo: o desemprego, a economía somerxida, a discriminación da muller e o traballo infantil.
- Os sistemas económicos: de subsistencia, comunista e capitalista.
- A lei da oferta e da demanda: como funciona e problemas que presenta.

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas e gráficos con contido económico.
- Análise e elaboración de mapas de coropletas.
- Traballo en equipo sobre os problemas laborais en Galicia.
- Análise de noticias de prensa.
- Estudo de casos

Actitudes

- Curiosidade por coñecer como funciona a economía.
- Rexeitamento das situacións de desigualdade que se producen por motivos económicos entre uns e outros países do mundo.
- Valoración positiva da ciencia económica.
- Preocupación polos grandes problemas económicos do mundo de hoxe e participación activa na súa resolución.

- Rexeitamento das situacións laborais de marxinación por causa do desemprego, o traballo na economía somerxida, o sexo ou a idade do traballador.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Definir vocabulario básico relacionado coa economía: beneficio, IPC, inflación, investimento, mercado, produción, produtividade, PIB, PIB per cápita, etc.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e ideas tratados no tema.

Competencia matemática

- Utilizar porcentaxes con soltura.

Aprender a aprender

- Aprender a traballar en equipo.
- Elaborar cadros comparativos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Analizar e contrastar noticias de prensa.
- Buscar información económica en Internet.

Competencia social e cidadá

- Analizar catro problemas laborais: o desemprego, a economía somerxida, a discriminación da muller e a explotación infantil.
- Traballar en equipo para realizar unha investigación sobre os problemas laborais en Galicia.
- Participar en debates suscitados pola lectura de noticias da prensa.

Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar un traballo en equipo e executalo segundo o planificado.
- Dar opinións sobre distintos problemas económicos, defender posturas propias e criticar as doutros.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Comprender que no mundo conviven distintos sistemas económicos, describilos a grandes trazos e localizar a súa extensión.

Pensamento social

- Comprender que a economía xorde ante a necesidade de cubrir as nosas necesidades con recursos limitados.

- Clasificar as actividades económicas por sectores.
- Analizar o papel económico de distintos factores: familias, empresas e Estado.
- Clasificar as empresas pola súa propiedade, o seu tamaño e o seu número de propietarios.
- Explicar o papel económico e social dos impostos.
- Analizar a relación entre tecnoloxía, desenvolvemento e innovación económica.
- Utilizar a información do tema para dar razóns que expliquen o porqué das diferenzas económicas entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos.
- Describir o funcionamento da lei da oferta e da demanda.
- Explicar causas que poden facer que o sistema económico capitalista non funcione segundo a lei da oferta e da demanda.
- Analizar por que o Estado intervén na economía dos países capitalistas.
- Determinar qué aspectos deben terse en conta ao estudar o sistema económico dun país.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar os principais axentes e institucións económicas, así como as súas funcións no marco dunha economía cada vez máis interdependente, e aplicar este coñecemento á análise e valoración dalgunhas realidades económicas actuais.
2. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países e utilizar ese coñecemento para recoñecer desequilibrios territoriais na distribución dos recursos.
3. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible.
4. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno.

Unidade 6: Unha economía globalizada.

OBXECTIVOS

1. Comprender o mecanismo de funcionamento do sistema económico mundial.
2. Comprender que vivimos nun mundo globalizado e describir os principais trazos da globalización.
3. Distinguir entre os factores que fan posible a globalización e as súas características.
4. Analizar os efectos positivos e negativos da globalización e analizar criticamente os argumentos dos que están a favor ou en contra deste proceso.
5. Coñecer as principais institucións económicas internacionais e valorar a súa influencia no sistema económico mundial.
6. Situar nun mapa os principais centros da economía mundial e describir as súas principais fortalezas e debilidades.
7. Criticar as grandes desigualdades económicas que caracterizan o mundo actual.

CONTIDOS

Conceptos

- A globalización: definición, factores, efectos.
- As institucións da economía mundial: FMI, BM, OMC, G-20.
- Potencias económicas tradicionais: Estados Unidos, Xapón e a UE.
- Potencias emerxentes: China, India, Brasil e Rusia.
- Outros centros económicos importantes, sobre todo a escala rexional: África do Sur, Australia, «dragóns asiáticos» e países petrolíferos do golfo Pérsico.

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas e gráficos con contido económico.
- Interpretación de mapas de fluxos.
- Análise de países.
- Participación no debate.

Actitudes

- Curiosidade por coñecer como funciona a economía.
- Rexeitamento das situacións de desigualdade que se producen por motivos económicos entre uns e outros países do mundo.
- Postura crítica ante o peso desigual que teñen os distintos países do mundo nas organizacións económicas internacionais.
- Preocupación polos grandes problemas económicos do mundo de hoxe e participación activa na súa resolución.
- Interese por crear unha opinión propia sobre o proceso de globalización, despois de analizar criticamente distintos argumentos a favor e en contra.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico relacionado coa globalización.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e das ideas tratados no tema.

Competencia matemática

- Utilizar porcentaxes con soltura.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Buscar información económica en Internet.
- Ler noticias de prensa.

Competencia social e cidadá

- Analizar o problema dos desequilibrios económicos mundiais.
- Participar nun debate sobre a globalización.

Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar un traballo de procura de información sobre a economía dun país do mundo e executalo segundo o planificado.
- Dar unha opinión propia sobre a globalización a partir da análise crítica de argumentos a favor e en contra.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Analizar un espazo virtual: o sistema-mundo globalizado.
- Recoñecer cales son as principais potencias mundiais e rexionais da actualidade e localizar estes países nun mapa.
- Observar e describir paisaxes económicas.

Pensamento social

- Diferenciar entre os factores que favoreceron a globalización e as características deste proceso.
- Valorar o papel de Internet na globalización.
- Analizar o papel que desempeñan as institucións económicas internacionais.
- Comparar as fortalezas e debilidades das grandes potencias actuais.
- Sacar conclusións sobre cales son os factores que fan que un país sexa unha gran potencia na actualidade.
- Predicir como afectará o desenvolvemento dos países agora subdesenvolvidos aos recursos naturais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar os principais axentes e institucións económicas, así como as funcións que desempeñan no marco dunha economía cada vez máis interdependente, e aplicar este coñecemento á análise e valoración dalgunhas realidades económicas actuais.
2. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países e utilizar ese coñecemento para recoñecer desequilibrios territoriais na distribución dos recursos, explicando algunhas das súas consecuencias e mostrando sensibilidade ante as desigualdades.
3. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para facelo as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
4. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno, manifestando actitudes de solidariedade.

Unidade 7: Agricultura, gandaría, pesca e explotación forestal.

OBXECTIVOS

1. Definir o que son a agricultura, a gandaría, a pesca e a explotación forestal.
2. Analizar o seu peso na economía mundial.
3. Coñecer as principais características destas actividades económicas.
4. Distinguir os diferentes tipos que se poden diferenciar nelas.
5. Analizar os principais problemas aos que se enfrontan na actualidade.
6. Valorar o impacto destas actividades económicas sobre o medio natural e a saúde dos consumidores.
7. Comprender qué trazos caracterizan a actividade agrícola nos países desenvolvidos e nos subdesenvolvidos.
8. Analizar os factores que condicionan o aproveitamento agrícola.
9. Recoñecer os elementos que conforman as distintas paisaxes agrarias da Terra.

CONTIDOS

Conceptos

- O sector primario na actualidade: peso económico e na poboación activa.
- Os factores físicos e humanos que condicionan o aproveitamento agrícola.
- A agricultura de mercado: características e efectos.
- A agricultura de plantación: características e efectos.
- A agricultura tradicional: características, variedade e efectos.
- A gandaría: definición, características e cambios que está sufrindo na actualidade.
- A gandaría intensiva e a extensiva.
- A explotación forestal.
- Os elementos das paisaxes agrarias: as leiras, o grao de aproveitamento, os sistemas de rega, os cultivos, o hábitat e a rede viaria.
- A pesca: definición, tipos (litoral, de baixura e de altura), principais caladoiros e potencias pesqueiras.
- A acuicultura.

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas, gráficos e imaxes con contido económico.
- Análise de casos reais.
- Interpretación dunha paisaxe rural.
- Debate sobre os cultivos trasxénicos.
- Investigación en Internet: CORINE.
- Análise de noticias de prensa.

Actitudes

- Rexeitamento das situacións de desigualdade que se producen entre uns e outros países do mundo.
- Valoración positiva dos labores no sector primario, dada a súa importancia para a nosa supervivencia.
- Preocupación polos grandes problemas económicos do mundo de hoxe e participación activa na súa resolución.
- Preocupación polos problemas ambientais que xera a actividade económica e participación na procura de solucións.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Definir vocabulario básico relacionado co sector primario.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e ideas tratados no tema.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Analizar e contrastar noticias de prensa.
- Buscar información en Internet.

Competencia social e cidadá

- Analizar tres retos do noso mundo: ter alimentos para todos, ter alimentos seguros e utilizar métodos de explotación que sexan pouco agresivos para o medio natural.
- Participar nun debate sobre os transxénicos.

Autonomía e iniciativa persoal

- Dar opinións sobre distintos problemas económicos, defender posturas propias e criticar as doutros.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Diferenciar como é a actividade agrícola nos países desenvolvidos e nos subdesenvolvidos.
- Analizar paisaxes rurais.
- Interpretar un mapa de usos de solo agrarios.
- Localizar os principais caladoiros e potencias pesqueiras.

Pensamento social

- Buscar causas que expliquen o distinto peso da agricultura nos países desenvolvidos e nos subdesenvolvidos.
- Enumerar os factores físicos e humanos que explican como é unha determinada paisaxe rural.
- Enumerar os factores físicos e humanos que explican o problema da fame nalgúns territorios da Terra.
- Identificar os elementos que forman unha paisaxe rural concreta.
- Valorar a influencia que o uso de distintas técnicas ten na produtividade agrícola, no prezo dos produtos, no medio natural e na alimentación da poboación.
- Determinar qué técnicas de cultivo son máis adecuadas nun lugar, tras analizar como é o medio físico e social.
- Analizar as consecuencias que as subvencións agrícolas nos países ricos teñen sobre os países pobres.
- Comparar os trazos, vantaxes e desvantaxes de distintos tipos de agricultura e gandaría.
- Valorar os proles e os contras da acuicultura.
- Valorar as vantaxes da silvicultura fronte a outras formas de explotación forestal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Caracterizar os principais sistemas de explotación agraria existentes no mundo, localizando algúns exemplos representativos destes, e utilizar esa caracterización para analizar algúns problemas da agricultura española.
2. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países e utilizar ese coñecemento para recoñecer desequilibrios territoriais na distribución dos recursos, explicando algunhas das súas consecuencias e mostrando sensibilidade ante as desigualdades.
3. Describir algún caso que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais, discriminando as formas de desenvolvemento sustentable das que son nocivas para o medio natural e dando algún exemplo dos acordos e das políticas internacionais para frear a súa deterioración.
4. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para facelo as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
5. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno, manifestando actitudes de solidariedade.

Unidade 8: O sector primario na UE, España e Galicia

OBXECTIVOS

1. Coñecer as principais características do sector primario europeo.
2. Contextualizar o sector primario español nese marco, analizando as características específicas.
3. Explicar qué son a PAC e a Política Pesqueira Común e cales foron os seus efectos sobre o sector primario europeo e español.
4. Distinguir as paisaxes agrarias características de España: localización, hábitat, cultivos, relación co clima, etc.
5. Localizar e caracterizar as principais rexións pesqueiras españolas.
6. Investigar como é o sector primario de Galicia e cales son os seus retos.
7. Comparar o sector primario de Galicia coas características xerais do sector primario español.

CONTIDOS

Conceptos

- O sector primario na UE: trazos xerais e políticas comúns (PAC e Política Pesqueira Común).
- A modernización do sector primario español.
- A agricultura española.
- A gandaría española.
- As paisaxes agrarias españolas: norte de España, mediterráneo litoral, mediterráneo interior e canario.
- A pesca en España.
- Problemas do sector primario español.
- O sector primario en Galicia.

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas, fotos e gráficos con contido económico.
- Estudo de casos reais.
- Análise de noticias de prensa.
- Investigación de campo sobre os produtos agrícolas, gandeiros e pesqueiros que consomen os alumnos.
- Análise dunha paisaxe rural e os usos do solo nun mapa topográfico.

Actitudes

- Sentimento de pertenza á Unión Europea e preocupación por coñecer o que sucede no ámbito desta organización.
- Rexeitamento das situacións de desigualdade que se producen por motivos

económicos entre uns e outros países europeos e entre unhas e outras rexións de España.

- Valoración positiva da investigación relacionada co sector primario, posto que é a base da nosa alimentación e de moitos medicamentos.
- Preocupación polos problemas ambientais que xera a actividade económica no noso medio e participación na procura de solucións.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Definir vocabulario relacionado co sector primario na UE.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e das ideas tratados no tema.

Aprender a aprender

- Como utilizar distintas fontes para elaborar un traballo de síntese.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Analizar e contrastar noticias de prensa.
- Buscar información en Internet.

Competencia social e cidadá

- Participar nun debate sobre os transxénicos.

Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar un traballo de campo e executalo segundo o planificado.
- Opinar sobre distintos problemas económicos, defender posturas propias e criticar as doutros.
- Facer unha proposta de solución ante o problema da xestión dos residuos agrícolas.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Distinguir as paisaxes agrarias europeas e localizalas nun mapa.
- Relacionar eses usos do solo co medio físico de cada zona.
- Xerarquizar os países da UE pola súa importancia como exportadores de produtos primarios.
- Diferenciar as distintas rexións agrícolas españolas: características e localización.
- Localizar as rexións pesqueiras españolas.
- Analizar unha paisaxe rural e os usos do solo no mapa topográfico.

Pensamento social

- Distinguir as distintas fases que tivo a PAC.
- Explicar as causas que motivaron as distintas orientacións da PAC en cada momento.
- Analizar se os obxectivos propostos se cumpriron e se xeraron problemas novos.
- Analizar como intentan manter as políticas comunitarias o equilibrio entre a explotación económica e a preservación do medio natural.
- Valorar o custo ao que a UE alcanza algúns dos seus obxectivos (custo económico, custo sobre outros países...).
- Analizar as vantaxes e os inconvenientes que tivo a incorporación de España á UE para o sector primario español.
- Analizar como evolucionou o sector primario en España e proporcionar causas que xustifiquen esta evolución.
- Identificar os principais problemas do sector primario en España.
- Prever como evolucionará o sector no futuro en España e Galicia.
- Estudar un caso concreto: a agricultura en Almería.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Caracterizar os principais sistemas de explotación agraria, localizando algúns exemplos, e utilizar esa caracterización para analizar algúns problemas da agricultura española e galega.
2. Describir os trazos comúns e diversos que caracterizan o espazo xeográfico español e explicar o papel que xogan os principais centros de actividade económica e os grandes eixes de comunicación como organizadores do espazo.
3. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países e utilizar ese coñecemento para recoñecer desequilibrios territoriais na distribución dos recursos, explicando algunhas das súas consecuencias.
4. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible.
5. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno.

Unidade 9: O sector secundario: materias primas, enerxía e industria

OBXECTIVOS

1. Distinguir entre materias primas e fontes de enerxía e entre recursos e reservas.
2. Comprender os efectos que ten a distinta localización dos produtores e dos consumidores de materias primas e enerxía.
3. Analizar as vantaxes e os inconvenientes dos distintos tipos de enerxía que utilizamos.
4. Valorar a importancia que na historia da humanidade tivo a revolución industrial.
5. Comprender que na actualidade nos atopamos nunha nova fase da revolución industrial e coñecer os principais trazos da chamada terceira revolución industrial.
6. Coñecer os principais factores que explican a localización das industrias e aplicar estes coñecementos á análise de casos concretos.
7. Coñecer as diferentes características e necesidades dos distintos tipos de industrias.
8. Localizar as principais rexións industriais da actualidade.
9. Comparar as características e problemáticas da industria nos países desenvolvidos e nos países subdesenvolvidos.
10. Avaliar os problemas ambientais que provoca o sector secundario.

CONTIDOS

Conceptos

- Os recursos: renovables e non renovables, reciclables e non reciclables.
- As materias primas: definición e tipos.
- A produción e o consumo de minerais non enerxéticos.
- O petróleo e o gas natural: a diferente localización dos produtores e dos consumidores; a evolución do seu consumo.
- A produción de electricidade: formas convencionais e enerxías alternativas.
- A terceira revolución industrial: novas industrias, mundialización da produción e orientación cara ao consumidor.
- Os factores de localización industrial.
- Os tipos de industria: a industria pesada e a industria lixeira.
- As grandes rexións industriais do mundo.
- A industria nos países desenvolvidos e nos países subdesenvolvidos.

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas e gráficos de contido económico.
- Análise de textos.
- Estudo de casos.

- Análise de fotografias de paisaxes industriais

Actitudes

- Toma de conciencia do carácter finito de gran parte dos recursos naturais que explotamos.
- Valoración dos esforzos por investigar novas formas de enerxía.
- Preocupación polas condicións laborais de explotación de moitas persoas no mundo.
- Curiosidade por coñecer as problemáticas relacionadas co sector secundario no mundo actual.
- Preocupación polo impacto ambiental que ten a actividade industrial.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico relacionado co sector secundario.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e das ideas tratados no tema.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Buscar información en Internet.
- Ler noticias de prensa.

Competencia social e cidadá

- Reflexionar criticamente sobre problemas do mundo actual: o esgotamento dos recursos, o incremento do seu prezo, a conversión da posesión e transformación destes recursos nun factor de poder de primeira magnitude, a perda de empregos nas industrias nos países ricos, as condicións laborais nos países pobres e os efectos sobre o medio natural da actividade industrial.

Autonomía e iniciativa persoal

- Propoñer cal debería ser a política enerxética do futuro, tras analizar as vantaxes e os inconvenientes das distintas formas de enerxía.
- Opinar sobre o consumo de produtos elaborados por industrias que non cumpren a lexislación laboral.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Analizar a distribución da produción das principais materias primas e fontes de enerxía e do seu consumo.
- Explicar o concepto de deslocalización e describir como se manifesta no espazo.
- Coñecer cales son as grandes rexións industriais do mundo actual.

- Explicar qué factores explican a localización dunha industria nun lugar determinado.
- Observar imaxes de paisaxes industriais, describir as súas características e formular hipóteses sobre o tipo de industria de que se trata.

Pensamento social

- Analizar os efectos que provoca a disparidade entre os lugares de produción de materias primas e fontes de enerxía e os lugares de consumo.
- Explicar a relación entre revolución industrial e desenvolvemento.
- Buscar causas que expliquen o actual proceso de concentración empresarial que está en marcha.
- Analizar por que son tan importantes os servizos de I+D, publicidade e márketing nas industrias.
- Comparar a localización, necesidades de recursos naturais e efectos sobre o medio natural das industrias pesadas e das industrias lixeiras.
- Comparar a evolución do sector secundario nos países desenvolvidos e subdesenvolvidos.
- Comparar o tipo de industrias e de departamentos dentro dunha mesma empresa que se localizan nos países desenvolvidos e subdesenvolvidos e dar razóns que expliquen as diferenzas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Describir a transformación que nos campos das tecnoloxías, a organización empresarial e a localización se están producindo nas actividades, nos espazos e nas paisaxes industriais, e localizar e caracterizar os principais centros de produción no mundo e en España.
2. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países e utilizar ese coñecemento para recoñecer desequilibrios territoriais na distribución dos recursos, e explicar algunhas das súas consecuencias.
3. Describir algún caso que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais, e discriminar as formas de desenvolvemento sustentable das que son nocivas para o medio natural.
4. Utilizar fontes diversas para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible.
5. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade.

Unidade 10: O sector secundario na UE, España e Galicia

OBXECTIVOS

1. Comprender que na UE e en España a produción de minerais e enerxía é insuficiente para cubrir as necesidades.
2. Valorar o peso da industria na produción e a poboación activa da UE e de España.
3. Localizar as principais rexións industriais na UE e en España.
4. Explicar qué é unha reconversión industrial e analizar o caso español.
5. Describir os principais trazos do sector secundario español na actualidade.
6. Comprender cales son os retos que supón o sector secundario na UE e en España.
7. Describir a minaría, a enerxía e o sector secundario de Galicia.
8. Propoñer distintas solucións aos principais problemas que supón o sector secundario no noso medio.

CONTIDOS

Conceptos

- A minaría e a enerxía na Unión Europea.
- A Política Europea da Enerxía (PEE).
- A industria na UE: peso mundial, peso dentro da economía e a poboación activa da Unión e principais tipos de industrias.
- As diferenzas rexionais no sector secundario dos países da UE.
- Os retos da industria europea.
- O proceso de industrialización en España.
- As características da industria española actual: principais rexións industriais, tipos de empresas e tipos de industrias.
- A minaría, a enerxía e o sector secundario en Galicia.

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de imaxes, mapas e gráficos de contido económico.
- Análise de noticias de prensa.
- Estudo de casos.
- Participación nun debate.

Actitudes

- Curiosidade por coñecer as problemáticas relacionadas co sector secundario no mundo actual.
- Toma de conciencia do carácter finito de gran parte dos recursos naturais que explotamos.
- Preocupación polo impacto ambiental que ten a actividade industrial.

- Rexeitamento das condicións laborais de explotación de moitas persoas no noso medio.
- Preocupación polos efectos que a deslocalización está producindo nas industrias españolas.
- Valoración positiva do espírito emprendedor de moitos empresarios como motor da actividade económica.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico relacionado co sector secundario.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e das ideas tratados no tema.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Buscar información en Internet.
- Ler noticias de prensa.

Competencia social e cidadá

- Reflexionar criticamente sobre a perda de empregos nas industrias nos países ricos e os efectos sobre o medio natural da actividade industrial.
- Participar nun debate sobre a enerxía nuclear.

Autonomía e iniciativa persoal

- Opinar de forma razoada sobre a importancia do investimento en I+D na industria actual.
- Argumentar, desde a propia experiencia como consumidor, sobre as vantaxes e os problemas de empresas industriais das que o alumno é consumidor habitual.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Describir como se manifesta a deslocalización na UE e en España.
- Coñecer cales son as grandes rexións industriais da UE e de España e de Galicia.
- Observar imaxes de paisaxes industriais, describir as súas características e, a partir delas, formular hipóteses sobre o tipo de industria.

Pensamento social

- Analizar os efectos que provoca a dependencia enerxética da UE e de España.
- Analizar os puntos fortes e débiles que ten a industria europea na actualidade.
- Determinar as distintas fases que se poden distinguir no proceso de industrialización español.
- Valorar o impacto que tivo a incorporación á UE para a industria española.

- Valorar a importancia das políticas dos gobernos á hora de explicar por que algúns países se están industrializando con rapidez e outros permanecen no subdesenvolvemento.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Describir os trazos xeográficos comúns e diversos que caracterizan o espazo xeográfico español e explicar o papel que xogan os principais centros de actividade económica e os grandes eixes de comunicación como organizadores do espazo.
2. Describir a transformación que nos campos das tecnoloxías, da organización empresarial e da localización se están producindo nas actividades, nos espazos e nas paisaxes industriais; localizar e caracterizar os principais centros de produción no mundo e en España e analizar as relacións de intercambio que se establecen entre países e zonas.
3. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países e utilizar ese coñecemento para recoñecer desequilibrios territoriais na distribución dos recursos, e explicar algunhas das súas consecuencias.
4. Describir algún caso que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais, discriminar as formas de desenvolvemento sustentable das que son nocivas para o medio natural e dar algún exemplo dos acordos e das políticas internacionais para frear a súa deterioración.
5. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible empregando para facelo as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
6. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno.

Unidade 11: As actividades de servizos?

OBXECTIVOS

1. Definir o sector servizos e clasificar os servizos segundo distintos criterios.
2. Valorar a súa importancia na economía actual.
3. Coñecer como se distribúe este sector no mundo e valorar o actual proceso de deslocalización dos servizos.
4. Analizar as principais actividades do sector: definición, tipos, distribución, fluxos, e causas e consecuencias destes.
5. Comprender que o mundo é un espazo virtual, conformado por un conxunto de redes e fluxos nos que os servizos desempeñan un papel fundamental.
6. Valorar as desigualdades nos servizos entre os países desenvolvidos e os países subdesenvolvidos.
7. Interpretar mapas de redes e fluxos.
8. Analizar o impacto dalgúns servizos (especialmente os medios de transporte e o turismo) no medio natural

CONTIDOS

Conceptos

- O sector servizos: definición e clasificación.
- A localización do sector servizos e a súa deslocalización.
- O comercio: factores, tipos (exterior e interior), principais fluxos comerciais e a súa organización internacional.
- Os servizos financeiros.
- Os transportes: tipos (terrestre, naval, aéreo), fluxos e redes principais, a súa importancia para o desenvolvemento.
- O turismo: definición, tipos, principais destinos, vantaxes e inconvenientes desta actividade.
- Os servizos de información e comunicación: peso económico e valoración como factor imprescindible da globalización.
- Os servizos da Administración do Estado.
- Os servizos sociais e persoais
- Os servizos a empresas.

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas e gráficos de contido económico.
- Elaboración e interpretación de mapas de redes e fluxos.
- Estudo de casos.
- Interpretación de noticias de prensa.

Actitudes

- Curiosidade por coñecer o sector servizos.
- Rexeitamento das grandes desigualdades nos servizos entre os países desenvolvidos e os subdesenvolvidos.
- Preocupación polo impacto ambiental que teñen moitas actividades do sector servizos.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico relacionado co sector servizos.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e das ideas tratados no tema.

Aprender a aprender

- Elaborar fichas informativas.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Buscar información en Internet.
- Ler noticias de prensa.

Competencia social e cidadá

- Reflexionar criticamente sobre problemas fundamentais do mundo actual: os servizos deficientes nos países pobres, o impacto ambiental dalgúns servizos, e o proceso de concentración empresarial no sector dos medios de comunicación.

Autonomía e iniciativa persoal

- Analizar o propio comportamento como consumidor de novas tecnoloxías e medios de comunicación.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Analizar a distribución do sector terciario no mundo e plasmala nun mapa.
- Describir e cartografar os principais fluxos comerciais, as redes de transporte mundiais e os principais fluxos turísticos.

Pensamento social

- Analizar as vantaxes e os inconvenientes da deslocalización dos servizos nos países pobres e nos países ricos.
- Comparar os trazos do sector servizos nos países desenvolvidos e nos países subdesenvolvidos.
- Distinguir os factores do comercio.

- Formular hipóteses que expliquen por que os países se unen formando bloques comerciais, mentres que noutras actividades económicas non existen estes esforzos de cooperación.
- Analizar se o mercado financeiro é un mercado globalizado.
- Avaliar por que ter unha rede de transporte deficiente é un límite para o desenvolvemento.
- Avaliar o impacto ambiental dos transportes e do turismo.
- Determinar qué tipo de turismo é o máis apropiado para un lugar, tras analizar as súas características físicas e culturais.
- Tirar conclusións sobre os efectos que ten nos países pobres a falta de servizos sociais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar o desenvolvemento e a transformación recente das actividades terciarias, para entender os cambios que se están producindo, tanto nas relacións económicas coma sociais.
2. Analizar indicadores socioeconómicos de diversos países e utilizar ese coñecemento para recoñecer desequilibrios na distribución dos recursos e explicar algunhas das súas consecuencias e mostrando sensibilidade ante as desigualdades.
3. Describir algún caso que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais, discriminando as formas de desenvolvemento sustentable das que son nocivas para o medio natural.
4. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquexos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, utilizando para facelo as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
5. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno.

Unidade 12: O sector terciario na UE, España e Galicia.

OBXECTIVOS

1. Describir como é o sector servizos na UE.
2. Analizar en que servizos están especializados algúns países europeos.
3. Explicar por que se considera que a Unión Europea é a gran potencia comercial do mundo.
4. Valorar a importancia da existencia de políticas comúns no comercio e nos transportes no seo da Unión.
5. Describir como é o sector servizos en España: peso na poboación activa e a produción total e principais subsectores.
6. Analizar o impacto no desenvolvemento económico que ten a conformación da rede de transportes española e galega.
7. Valorar a importancia do turismo dentro da economía española.
8. Describir o sector terciario de Galicia.

CONTIDOS

Conceptos

- Trazos xerais do sector terciario na UE.
- As políticas comúns no sector servizos: a política comercial común e a política común de transportes.
- Trazos xerais do sector terciario en España.
- O comercio en España.
- Os servizos financeiros en España.
- Os transportes en España.
- O turismo en España.
- O sector terciario en Galicia.

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de fotografías, mapas e gráficos de contido económico.
- Análise do impacto do turismo nunha localidade española.
- Estudo de casos.
- Lectura de noticias de prensa.
- Aplicación do estudado a Galicia.
- Investigación en internet

Actitudes

- Curiosidade por coñecer o sector servizos.
- Rexeitamento das grandes desigualdades nos servizos entre uns países e outros da

UE e entre unhas rexións e outras de España.

- Preocupación polo impacto ambiental que teñen moitas actividades do sector servizos.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico relacionado co sector servizos.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e das ideas tratados no tema.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Buscar información en Internet.
- Ler noticias de prensa.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Analizar a distribución do sector terciario na UE e plasmala nun gráfico.
- Analizar a distribución do sector terciario en España e plasmala nun mapa coroplético.
- Analizar a rede de transportes española e plasmala nun mapa de fluxos.
- Analizar a distribución do turismo en España e cartografala.
- Analizar o impacto do turismo na paisaxe nunha localidade litoral a través da análise de dúas fotografías aéreas de dúas épocas diferentes.

Pensamento social

- Aplicar o estudado á análise de Galicia.
- Analizar o impacto económico e social do turismo nunha localidade litoral.
- Explicar por que determinados servizos españois (financeiros, servizos a empresas) están moi localizados no espazo.
- Avaliar o impacto da rede de transportes no crecemento económico.
- Determinar que tipo de turismo é o máis apropiado para un lugar, tras analizar as súas características físicas e culturais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar o desenvolvemento e a transformación recente das actividades terciarias, para entender os cambios que se están producindo, tanto nas relacións económicas coma sociais.
2. Describir os trazos xeográficos comúns e diversos que caracterizan o espazo xeográfico español e explicar o papel que xogan os principais centros de actividade económica e os grandes eixes de comunicación como organizadores do espazo e como a súa localización se relaciona cos contrastes rexionais.
3. Describir algún caso que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais, discriminando as formas de desenvolvemento sustentable das que son nocivas para o medio natural e dando algún exemplo dos acordos e políticas internacionais para frear a súa deterioración.
4. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, e empregar para facelo as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
5. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno, e manifestar actitudes de solidariedade.

Unidade 13: Os retos da poboación

OBXECTIVOS

1. Coñecer os principais conceptos e taxas que debemos utilizar para estudar a poboación.
2. Describir como evolucionou a poboación do mundo ata o presente.
3. Comparar os trazos demográficos dos países desenvolvidos e dos países subdesenvolvidos.
4. Explicar o que son os movementos migratorios e distinguir os seus tipos.
5. Analizar as causas que explican as migracións.
6. Analizar os efectos positivos e negativos das migracións tanto nos países de saída dos inmigrantes coma nos países de chegada.
7. Explicar as fases das migracións na España contemporánea.
8. Describir os grandes conxuntos culturais do mundo e analizar grandes problemas relacionados coa diversidade cultural.

CONTIDOS

Conceptos

- Termos fundamentais relacionados coa poboación: natalidade, mortalidade, fecundidade, crecemento natural, etc.
- As taxas coas que se estuda a poboación.
- A evolución da poboación mundial: etapas (ata o século XIX, o século XIX, a explosión demográfica).
- As características da poboación dos países desenvolvidos e dos subdesenvolvidos e as políticas demográficas que se derivan delas.
- As migracións: definición, causas e tipos.
- As migracións actuais: principais migracións interiores e exteriores, tanto nos países desenvolvidos coma nos países subdesenvolvidos.
- Os efectos positivos e negativos das migracións nos países de saída e nos países de chegada.
- Os movementos migratorios en España.
- Diversidade cultural e retos culturais.

Procedementos, destrezas e habilidades

- Uso de taxas demográficas.
- Interpretación de mapas e gráficos de poboación, con especial atención á pirámide de poboación.
- Interpretación de mapas de fluxos.
- Investigación en Internet: o Census Bureau.

Actitudes

- Conciencia dos distintos problemas demográficos que hai no mundo actual, nos países desenvolvidos e nos subdesenvolvidos.
- Rigor no manexo de datos estatísticos.
- Valoración da necesidade de investigar a poboación para poder formular políticas económicas e sociais para o futuro.
- Preocupación pola situación dos refuxiados no mundo.
- Empatía cara aos inmigrantes e en especial cara aos ilegais, pois son os que sofren unha peor situación.
- Valoración da diversidade cultural do mundo.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e das ideas tratados no tema.

Competencia matemática

- Coñecer e usar as principais taxas demográficas.
- Calcular porcentaxes.
- Elaborar unha pirámide de poboación a partir de datos calculados anteriormente.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Buscar información en Internet.
- Buscar noticias na prensa relacionadas coas migracións.

Competencia social e cidadá

- Reflexionar criticamente sobre tres problemas demográficos actuais: a superpoboación dos países subdesenvolvidos, o envellecemento dos países desenvolvidos e a diversidade cultural.
- Ter en conta aspectos éticos e non só pragmáticos á hora de avaliar as políticas de inmigración.

Autonomía e iniciativa persoal

- Formular políticas demográficas adecuadas, dados os trazos da poboación dun lugar.
- Propoñer como debería ser a política de inmigración española.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Rexionalizar o mundo atendendo a diversos indicadores: pola natalidade, pola mortalidade, polo crecemento natural.
- Interpretar mapas e gráficos de poboación.
- Localizar as principais áreas de saída e de destino dos emigrantes na actualidade e explicar o porqué desa distribución.
- Interpretar mapas de fluxos sobre os movementos migratorios.

Pensamento social

- Avaliar por que determinados indicadores demográficos son tamén bos indicadores do nivel de desenvolvemento dun lugar.
- Describir a evolución da poboación mundial ao longo da historia, distinguindo diferentes etapas segundo as súas características.
- Predicir como evolucionará a poboación mundial a curto, medio e longo prazo a partir dos datos demográficos actuais.
- Comparar o réxime demográfico dos países desenvolvidos e dos países subdesenvolvidos.
- Explicar o pasado, o presente e o futuro da poboación dun lugar, a partir da análise da súa pirámide de poboación.
- Explicar as causas das migracións.
- Comparar as migracións polo seu carácter (forzadas, voluntarias), a súa duración (temporais, definitivas) e o seu destino (interiores, internacionais).
- Comparar as migracións interiores e exteriores nos países desenvolvidos e nos países subdesenvolvidos.
- Valorar os aspectos positivos e negativos dunha política de inmigración concreta.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Analizar algún exemplo representativo das tendencias migratorias na actualidade identificando as súas causas, relacionándoo co proceso de globalización e de integración económica que se está producindo, así como sinalando as consecuencias para os países receptores e emisores.
2. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para facelo as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
3. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno.

Unidade 14: O reto do desenvolvemento e do benestar

OBXECTIVOS

1. Comprender a noción de desenvolvemento e coñecer os principais indicadores mediante os que se mide.
2. Analizar os grandes contrastes económicos e sociais que existen entre os países desenvolvidos e os países subdesenvolvidos.
3. Saber explicar as causas do subdesenvolvemento.
4. Propoñer solucións viables que permitan paliar o problema do subdesenvolvemento, a partir da análise desas causas.
5. Analizar as situacións de pobreza e exclusión no noso medio, tanto na Unión Europea coma en España.
6. Preocuparse polas situacións de pobreza e exclusión que sofren miles de millóns de persoas no mundo.

CONTIDOS

Conceptos

- A definición de desenvolvemento.
- Os indicadores do desenvolvemento.
- Países desenvolvidos, países en transición e países subdesenvolvidos.
- Os principais contrastes económicos entre os países desenvolvidos e os países subdesenvolvidos.
- Os principais contrastes sociais entre os países desenvolvidos e os países subdesenvolvidos.
- As causas do subdesenvolvemento.
- Formas de frear o subdesenvolvemento.
- Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.
- Pobreza de Exclusión na UE e en España

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas, imaxes e gráficos para extraer información.
- Estudo de casos.
- Lectura de noticias de prensa e documentos oficiais.
- Interpretación de cartogramas.
- Investigación en Internet

Actitudes

- Conciencia do baixo nivel de vida da maioría da poboación do mundo e empatía cara á súa situación.
- Conciencia das situacións de pobreza e exclusión no noso medio.

- Participación en actividades de cooperación con persoas máis pobres, tanto do estranxeiro como de España.
- Rexeitamento das grandes diferenzas nas situacións económicas e sociais entre uns e outros países do mundo, entre unhas rexións e outras dun mesmo país e entre as persoas dun mesmo lugar.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico relacionado co desenvolvemento e co subdesenvolvemento.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e das ideas tratados no tema.

Competencia matemática

- Comparar datos estatísticos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Buscar información en Internet.
- Ler noticias de prensa.

Competencia social e cidadá

- Reflexión crítica sobre o problema do subdesenvolvemento no mundo.

Autonomía e iniciativa persoal

- Proponer medidas que poidan frear o subdesenvolvemento, atacando tanto os factores internos coma os externos que o provocan.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Explicar a noción de Norte e Sur, noción xeográfica que corresponde a un espazo virtual e non a un espazo físico.
- Localizar nun mapa as rexións desenvolvidas, en transición e subdesenvolvidas do noso planeta.
- Interpretar cartogramas.

Pensamento social

- Clasificar os países do mundo polo seu nivel de desenvolvemento, tras a análise dun conxunto de datos estatísticos.
- Describir os principais trazos económicos e sociais dun país subdesenvolvido.
- Comparar os principais trazos dos países desenvolvidos, dos países en transición e dos países subdesenvolvidos.

- Valorar o peso dunha serie de factores internos e externos á hora de explicar o subdesenvolvemento dun país: o legado colonial, a débeda externa, o desfasamento tecnolóxico, o peso da poboación, os gobernos corruptos, os conflitos armados e a organización do comercio mundial.
- Prever o grao de cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países e utilizar ese coñecemento para recoñecer desequilibrios territoriais na distribución dos recursos, explicando algunhas das súas consecuencias e mostrando sensibilidade ante as desigualdades.
2. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para facelo as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
3. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno, manifestando actitudes de solidariedade.

Unidade 15: Un mundo só de cidades?

OBXECTIVOS

1. Describir o proceso de urbanización da época contemporánea, distinguindo entre os países desenvolvidos e os menos desenvolvidos.
2. Describir o proceso de urbanización en España e valorar as súas consecuencias.
3. Valorar o impacto da globalización nas cidades: incremento do seu papel económico, político e cultural e creación dunha rede urbana mundial.
4. Explicar o concepto de rede urbana.
5. Clasificar cidades nos rangos xerárquicos que lles corresponden na rede urbana mundial, europea e española.
6. Distinguir entre aglomeración urbana, conurbación, megalópole e megacidade.
7. Explicar qué é unha cidade difusa, qué factores a condicionan e qué problemas crea.
8. Analizar as novas funcións e novos espazos que se crearon nas cidades no marco da globalización.
9. Analizar algúns problemas das cidades actuais: o incremento da segregación social do espazo, os retos culturais (coidado do patrimonio, multiculturalidade), a mobilidade, a contaminación, o abastecemento, a xestión dos residuos e os conflitos sociais.

CONTIDOS

Conceptos

- O proceso de urbanización no mundo e en España.
- O impacto da globalización: unha rede de cidades mundiais.
- Grandes aglomeracións e megacidades.
- A rede urbana na UE e en España.
- A cidade difusa.
- Novas funcións e novos espazos na cidade central e na periferia urbana.
- O incremento da segregación social do espazo urbano.
- Os retos culturais das cidades.
- Outros problemas urbanos

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas, imaxes e gráficos para extraer información.
- Interpretación de imaxes de satélite.
- Investigación en Internet.
- Lectura dun texto literario.

Actitudes

- Valoración positiva das cidades, polo seu papel de motor das innovacións da humanidade.
- Preocupación polos problemas sociais, económicos, culturais e ambientais das cidades actuais.
- Participación na formulación de solucións para os problemas da propia localidade.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico relacionado coas cidades.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e das ideas tratados no tema.

Competencia matemática

- Elaborar gráficos a partir de datos estatísticos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fontes de información.
- Buscar información en Internet.
- Ler noticias de prensa.

Competencia social e cidadá

- Reflexionar criticamente sobre os problemas das cidades.

Autonomía e iniciativa persoal

- Proponer medidas para paliar ou solucionar os problemas da propia localidade.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Interpretar mapas de coropletas sobre a porcentaxe de poboación urbana.
- Interpretar mapas de redes de cidades: a rede mundial, a rede europea e a rede española.
- Analizar os cambios que a globalización está provocando no espazo urbano.
- Coñecer as principais cidades globais e megacidades do planeta.

Pensamento social

- Describir a evolución do proceso de urbanización no mundo e en España.
- Distinguir os diferentes ritmos neste proceso nos países desenvolvidos e nos países subdesenvolvidos.
- Analizar o impacto da globalización na rede urbana mundial e a configuración de auténticas cidades globais.
- Explicar dous procesos: a suburbanización e a rururbanización.

- Analizar o modelo de cidade difusa: factores e consecuencias.
- Determinar os cambios funcionais que se están producindo nas grandes áreas urbanas, tanto na cidade central coma na periferia, e buscar factores que os expliquen.
- Explicar o concepto de segregación social do espazo e analizar como se manifesta nas cidades.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Describir os trazos xeográficos comúns e diversos que caracterizan o espazo xeográfico español e explicar o papel que xogan os principais centros de actividade económica e os grandes eixes de comunicación como organizadores do espazo, e como a súa localización se relaciona cos contrastes rexionais.
2. Describir algún caso que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais, discriminando as formas de desenvolvemento sustentable das que son nocivas para o medio natural e dando algún exemplo dos acordos e políticas internacionais para frear a súa deterioración.
3. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible empregando para iso as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
4. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno, e manifestar actitudes de solidariedade.

Unidade 16: O reto ambiental

OBXECTIVOS

1. Comprender que o ser humano está transformando profundamente o medio natural, sobre todo nas últimas décadas.
2. Analizar os distintos tipos de posturas que se opoñen á hora de facer fronte aos problemas ambientais.
3. Describir os principais problemas ambientais.
4. Analizar as súas causas e as súas consecuencias.
5. Valorar os resultados das medidas que están en marcha para reducir e/ou deter os problemas ambientais máis inmediatos.
6. Tomar decisións persoais e comportarse de maneiras acordes co obxectivo de preservar o medio natural.

CONTIDOS

Conceptos

- O ser humano modifica o medio coas súas actividades: factores que afectan máis intensamente ao medio.
- Dúas posturas opostas á hora de facer fronte aos problemas ambientais: desenvolvemento sustentable ou redución do consumo.
- As políticas nacionais sobre medio natural: políticas de protección, de prevención e de corrección e mellora.
- A necesidade da cooperación internacional, posto que os problemas ambientais son problemas globais.
- Principais tratados e acordos internacionais que están en marcha: descrición e valoración dos seus resultados.
- A contaminación atmosférica e o cambio climático.
- O excesivo consumo de auga.
- A contaminación das augas.
- A deforestación.
- A perda de biodiversidade.
- A degradación do solo.

Procedementos, destrezas e habilidades

- Interpretación de mapas, imaxes e gráficos para extraer información.
- Estudo de casos.
- Lectura de noticias de prensa.
- Interpretación de imaxes de satélite.
- Investigación en Internet.

Actitudes

- Conciencia dos problemas ambientais que os seres humanos estamos creando polo noso consumo desmedido de recursos.
- Valoración do medio natural como un patrimonio que é necesario conservar tanto para a nosa propia supervivencia como para a das xeracións futuras.
- Participación na formulación de propostas que favorezan a conservación do medio natural e que sexan viables desde un punto de vista económico e social.
- Toma de decisións na propia vida acordes coa preservación do medio natural.

COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

COMPETENCIAS XERAIS

Comunicación lingüística

- Usar vocabulario específico relacionado co medio natural.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas e orais.
- Poñer exemplos reais dos conceptos e das ideas tratados no tema.

Aprender a aprender

- Redactar un tema panorámico e un tema analítico.

Tratamento da información e competencia dixital

- Usar os mapas, os gráficos e as imaxes como fonte de información.
- Buscar información en Internet.
- Ler noticias de prensa.
- Contrastar datos.

Competencia social e cidadá

- Reflexionar criticamente sobre os problemas ambientais no mundo.
- Apoiar a necesidade de políticas internacionais para intentar frear estes problemas ambientais.

Autonomía e iniciativa persoal

- Comparar posturas enfrontadas sobre a deterioración ambiental (a posibilidade dun desenvolvemento sustentable e a redución dos niveis de consumo), avaliar a adecuación de cada unha delas á realidade e formación dunha postura propia a partir desta análise.
- Propoñer medidas que poidan frear os problemas ambientais que sexan razoables desde varios puntos de vista: a urxencia do problema, os efectos económicos e os efectos sociais.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

Competencia espacial

- Analizar espazos naturais e espazos transformados.
- Comparar espazos concretos, antes de que se producise un problema ambiental e despois; propoñer causas que expliquen a transformación, estudar os efectos e propoñer solucións.
- Analizar a deterioración ambiental a través de imaxes de satélite.

Pensamento social

- Determinar os factores humanos que máis afectan ao medio natural.
- Explicar por que o medio natural se deteriorou máis a partir da revolución industrial e, sobre todo, nas últimas décadas.
- Analizar as causas dos problemas ambientais estudados no tema.
- Determinar as consecuencias que estes problemas ambientais están creando.
- Valorar o grao de eficacia das políticas e propostas que hai formuladas para cada un dos problemas ambientais estudados no tema.
- Valorar que problemas ambientais son máis críticos para a supervivencia do planeta.
- Prever a evolución que pode ter o medio natural mundial en distintos escenarios.
- Analizar exemplos concretos de intervencións humanas do noso medio que estean afectando ao medio natural.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Describir algún caso que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais, discriminando as formas de desenvolvemento sustentable das que son nocivas para o medio natural e poñendo algún exemplo dos acordos e políticas internacionais para frear a súa deterioración.
2. Utilizar fontes diversas (gráficos, bosquejos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes, fontes escritas) para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para iso as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
3. Utilizar con rigor a información obtida de fontes diversas e expoñer opinións razoadas ao participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumno, e manifestar actitudes de solidariedade.

3.- Incorporación do Proxecto lector de Centro á materia de Xeografía

Coa finalidade de promover a competencia lectora e o desenvolvemento do hábito de lectura, adicaráse un tempo mínimo semanal a lectura de :

- Documentos relacionados cos contidos das unidades.
- Lectura de artigos periodísticos, xa que nesta materia, a prensa resulta de gran

interese como recurso didáctico e fonte de información.

-A principios de curso se ofertará a posibilidade de realizar lecturas voluntarias de libros (novela, cómic,..) que, polo seu contido, conectan co currículo en diferentes temas e que están adaptados e seleccionados para as idades do alumnado deste nivel. O Alumnado ten ademais a portunidade de mellorar a súa nota media trimestral, pois cada lectura pode subir a nota media ata 0,75 pts. A relación de libros estará no Departamento de Sociais a disposición do alumnado que quere escoller esta posibilidade.

4.-Avaliación e Calificación

Para aprobar a materia de CC.SS o alumnado debe cumprir os seguintes criterios:

- A nota media do curso necesaria para obter o aprobado é un cinco.
- Cada avaliación constará de varias probas obxectivas escritas (controis e exames de avaliación) en función da materia do trimestre. Tamén se avaliarán e puntuarán as exposicións orais dos temas e traballos que o alumnado realice individualmente ou en grupo.
- O Caderno de clase é un instrumento de traballo para o alumnado e para o docente, nel terán que estar realizadas e correxidas as tarefas correspondentes a cada unidade e periodo escolar, así como o material complementario (fotocopias, mapas, documentos, etc.) que a profesora proporcione durante o curso. Será revisado e valorado cando a profesora o solicite.
- Se valorarán as intervencións na aula, o manexo correcto dos procedementos específicos desta materia, e as actividades e investigacións voluntarias que o alumnado realice facendo aportacións positivas á clase.
- Terase en conta a actitude negativa e positiva do alumno.
- Por cada avaliación suspensa faráse un exame de recuperación.
- O traballo continuado e o esforzo por superarse será valorado, a nota final é resultado dunha serie de tarefas realizadas durante todo.
- A lectura voluntaria de libros relacionados coa materia e seleccionados para 3º de ESO (A profesora pon disposición unha lista a principio de curso) será valorada ata 0,75 pts (farase control de lectura). Traballos con documentais e películas dos temas 0,5 puntos (elaboración do documento “Para comentar una película”).

CIENCIAS SOCIAIS

HISTORIA

PROGRAMACIÓN

4º da E.S.O.

Curso 2011 - 2012

INTRODUCCIÓN

No cuarto curso da E.S.O. as Ciencias Sociais abordan a evolución e caracterización das sociedades actuais, comenzando polas bases históricas, desde o fin do antigo réxime e as transformacións económicas, políticas e sociais que caracterizan o mundo contemporáneo desde o século XVIII ata a primeira metade do século XX, sen esquecer referencias concretas a España e a Galicia.

OBXECTIVOS

- Promover o sentimento de pertenza á comunidade galega e ás outras entidades políticas, sociais e culturais en que se integra .
- Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen a realidade social e as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais e culturais.
- Comprender que o territorio e a súa ordenación son resultado da interacción das sociedades, ao longo da historia, sobre o medio en que se desenvolven e organizan.
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos máis relevantes na historia do Mundo, de Europa, de España e de Galicia, identificando as súas causas e consecuencias.
- Resolver problemas e levar a cabo estudos e investigacións escolares, aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos da indagación característicos das ciencias sociais.
- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores fundamentais e o feito de que os dereitos e liberdades humanas constitúen un logro irrenunciable da humanidade e unha condición necesaria para a paz.
- Procurar a comprensión da realidade social galega actual como unha realidade dinámica e cambiante que se constrúe continuamente en contacto con outras sociedades e culturas.

CONTIDOS

O Antigo Réxime e o século XVIII en Europa

- A Europa do Antigo Réxime
- século XVIII. Un período de transformacións.
- As novas correntes culturais e artísticas

O século XVIII en España e Galicia

- Os Borbóns. Una nova dinastía.
- A Ilustración e o reformismo borbónico.
- A cultura e a arte do século XVIII.
- Galicia no século XVIII.

A era das revolucións. A crise política do Antigo Réxime

- A era das revolucións: 1770 – 1870.
- A revolución e a independencia de Estados Unidos.
- A Revolución Francesa (1789 – 1799).
- período napoleónico (1799 – 1815)
- A Europa da Restauración.
- O liberalismo e as vagas revolucionarias.
- nacionalismo. As unificacións de Italia e Alemania.

A Revolución e os cambios sociais, culturais e artísticos

- A Revolución Industrial en Gran Bretaña.
- As transformacións industriais.
- Os cambios demográficos e urbanos.
- Os cambios económicos e os cambios sociais.
- movemento obreiro, o socialismo e a Primeira Internacional.
- A cultura e a arte na sociedade industrial.

A época do imperialismo e do colonialismo (1870 – 1914)

- panorama internacional na época do imperialismo.
- Os cambios demográficos e urbanos.
- Os cambios económicos.
- Os cambios sociais e o movemento obreiro.
- imperialismo e o colonialismo.
- A cultura e a arte.

A era das revolucións en España e en Galicia (1808 – 1874)

- A era das revolucións e as súas limitacións.
- A crise política do Antigo Réxime.
- A implantación do Estado liberal

- Población, economía e sociedade da época isabelina.
- A cultura e as manifestacións artísticas.
- Galicia na crise do Antigo Réxime .

A Primeira Guerra Mundial e o periodo de entreguerras

- O mundo entre 1914 e 1939.
- A Primeira Guerra Mundial (1914 – 1918).
- A Revolución Rusa de 1917.O nacemento da URSS.
- A economía no período de entreguerras.
- Ascenso dos sistemas políticos totalitarios.
- A cultura e a arte no período de entreguerras.

España e Galicia : da Restauración á Guerra Civil.

- A restauración da monarquía borbónica (1874 – 1902).
- Crise do Estado liberal. O reinado de Alfonso XIII (1902 – 1931).
- A Segunda República (1931 – 1936).
- A Guerra Civil (1936 – 1939).
- Poboación, economía e sociedade. A cultura e as manifestacións artísticas.
- Galicia entre 1875 e 1939.

A Segunda Guerra Mundial e a nova situación internacional (1939 – 1991).

- Panorama internacional entre 1939 e 1991.
- A Segunda Guerra Mundial (1939 – 1945).
- A división do mundo en bloques (1946 – 1947).
- A guerra fría (1947 – 1991).
- A descolonización.

A evolución política e socioeconómica dos bloques (1945 – 1991).

- A organización do bloque occidental (1945 – 1973).
- A evolución do mundo capitalista (1973 – 1991).
- A organización do bloque comunista (1945 – 1980).
- Final do bloque comunista (1980 – 1991).
- A evolución no resto do mundo (1945 – 1990).

A dictadura franquista (1939 – 1975)

- O réxime de Franco. Bases ideolóxicas e apoios.
- A evolución política (1939 – 1975).
- A evolución da economía (1939 – 1975).
- A poboación, a sociedade e o territorio.
- A cultura e as manifestacións artísticas.
- Galicia durante o franquismo.

O mundo actual e os seus problemas

- A situación internacional.
- A globalización. Causas, ámbitos e consecuencias.
- Os conflitos políticos.
- As desigualdades socioeconómicas.
- Outros problemas actuais.

Sociedade, cultura e arte na segunda metade do século XX

- O panorama mundial desde 1945 á actualidade.
- A sociedade e as súas características.
- A evolución da ciencia e da cultura.
- Os novos movementos artísticos.

Europa, un espazo de crecente integración

- O proceso de integración de Europa
- Os tratados comunitarios.
- As actuacións políticas, económicas e sociais da UE.
- As actuacións da UE noutros ámbitos.

A transición e a España democrática

- O inicio da democracia (1975 – 1979).
- O novo sistema político e o Estado das Autonomías.
- Os gobernos da democracia desde 1979.
- A economía española (1975 – 2008).
- A poboación, a sociedade e as transformacións sociais.
- España na Unión Europea.
- A cultura e a arte na España democrática.
- Galicia, da transición á democracia.

TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN :

- Unidade 1 : O antigo Réxime e o século XVIII en Europa
- Unidade 2 : O século XVIII en España e en Galicia
- Unidade 3 : A era das revolucións. A crise política do Antigo Réxime

2ª AVALIACIÓN :

- Unidade 4 : A Revolución Industrial e os cambios sociais, culturais e artísticos
- Unidade 5 : A época do imperialismo e do colonialismo (1870 – 1914)
- Unidade 6 : A era das revolucións en España (1788 – 1874)

3ª AVALIACIÓN :

- Unidade 7 : A Primeira Guerra Mundial e o período de entreguerras
- Unidade 8 : España e Galicia: da Restauración á Guerra Civil
- Unidade 9 : A Segunda Guerra Mundial e a nova situación internacional(1939-1991)

Epílogo : As unidades que dea tempo a traballar ata finalizar o curso.

ESTA TEMPORALIZACIÓN ESTARÁ SUXEITA A POSIBLES ALTERACIÓNS EN FUNCIÓN DA MARCHA DO CURSO E DA EVOLUCIÓN DO ALUMNADO.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Situar no tempo e no espazo períodos, feitos e procesos históricos relevantes aplicando as convencións habituais no estudo da historia.
- Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos significativos, establecendo conexións entre elas e recoñecendo a causalidade múltiple que comportan os feitos sociais.
- Expoñer as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime derivando delas as transformacións que se producen en Europa no século XVIII e explicando os trazos significativos do reformismo borbónico en España e en Galicia.
- Identificar os trazos fundamentais das revolucións industriais e liberal-burguesas, valorando os grandes procesos de transformación que experimentou o mundo occidental, e analizando as particularidades destes procesos en España e Galicia en comparación con outros exemplos representativos.
- Explicar as razóns da hexemonía política e económica dos países europeos desde a segunda metade do século XIX, identificando os conflitos e problemas que caracterizan estes anos, tanto entre como dentro dos estados, especialmente os relacionados coa expansión colonial e coas tensións sociais e políticas.
- Caracterizar e situar cronolóxica e xeográficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar na primeira metade do século XX.
- Analizar os procesos de cambio desde a segunda metade do século XX, e aplicar este coñecemento á comprensión dalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.
- Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución política, social e económica de España e de Galicia durante o século XX e os avances e retrocesos no camiño cara á modernización económica, á consolidación do sistema democrático, e á pertenza á Unión Europea.
- Realizar traballos individuais e en grupo sobre algún foco de tensión política ou social no mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, analizando as causas e previndo posibles desenlaces, utilizando para iso diversas fontes de información, incluídas as que permitan obter interpretacións diferentes ou complementarias dun mesmo feito.
- Realizar en pequeno grupo unha investigación no contorno sobre algún aspecto da historia recente, utilizando fontes orais que permitan traballar aspectos de vida cotiá e memoria histórica, e procurar conectalos a contextos máis amplos, sendo capaz de expoñer e defender as súas conclusións.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- A cualificación da primeira avaliación será a suma da nota de dous controis escritos (3+3), máis 1 punto de estética (caligrafía, ortografía, puntuación, redacción, e presentación), máis 3 puntos polo traballo na clase.
- A cualificación da segunda avaliación será a media aritmética da cualificación da primeira avaliación e da obtida na segunda avaliación mediante os mesmos sumandos que na primeira.
- A cualificación da terceira avaliación e final será a media aritmética da cualificación da segunda avaliación e da obtida na terceira avaliación mediante os mesmos sumandos que na primeira.
- As cualificacións das avaliacións redondearanse ao número enteiro máis próximo.
- Os insuficientes na primeira e/ou na segunda avaliación terán un control escrito de recuperación que comprenderá toda a materia desenvolvida na avaliación suspendida.
- Para a cualificación de estética(caligrafía, ortografía, puntuación, redacción, e presentación) teranse en conta os controis escritos, as anotacións do profesor da labor feita polas/polos alumnas/alumnos na clase, e os manuscritos de traballo que deberán entregar as/os alumnas/alumnos nas datas fixadas polo profesor.
- Para a cualificación do traballo na clase teranse en conta as anotacións do profesor da labor feita polas/polos alumnas/alumnos na clase, e os manuscritos de traballo que deberán entregar nas datas fixadas polo profesor.
- Os suspensos no mes de xuño deberán presentarse á proba de setembro. Esta proba comprenderá toda a materia desenvolvida ao longo do curso, con varias cuestións por valor total de 10 puntos.

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

1º Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais

Programación para o curso 2011-2012

IES O Castro. Vigo

OBXECTIVOS

-Coñecer, situándoos adecuadamente no tempo e no espacio, feitos e acontecementos relevantes da Historia do Mundo Contemporáneo, valorando a súa significación no proceso histórico e as súas repercusións no presente.

-Comprende-los principais procesos económicos, sociais, políticos e culturais que configuran a historia recente, identificando os seus rasgos máis significativos e analizando os factores que os conformaron.

-A comprensión do mundo actual, a través da análise e valoración das súas realidades e dos antecedentes e factores que inflúen nelas. Entender o presente como un proceso inacabado, resultado do éxito de determinados proxectos sociais e do fracaso doutros, no que se teñen producido importantes avances pero tamén inxustizas e conflitos que aínda hoxe persisten e que exigen un compromiso activo a favor da paz, da xustiza, da igualdade e dos dereitos humanos no mundo.

-Empregar con propiedade unha terminoloxía histórica básica, iniciando ó alumno na natureza e tipos de fontes e nos métodos propios dos historiadores, para que comprenda a problemática da historia como ciencia. Realizar actividades de indagación e de síntese nas que se analicen, contrasten e integren informacións diversas, valorando o papel das fontes e a labor do historiador. Planificar e realizar informes ou breves investigacións escolares, de xeito individual ou en grupo, nos que se integren informacións diversas, facendo referencia á súa procedencia, así como aos diferentes enfoques históricos. Presentar os resultados de forma oral e escrita utilizando as tecnoloxías da comunicación.

-Desenvolve-la sensibilidade e o sentido da responsabilidade ante os problemas sociais do noso tempo, en especial os que afectan ós dereitos humanos e á paz, adoptando actitudes democráticas e tolerantes e adquirindo independencia de criterio e hábitos de rigor intelectual.

-Adquirir unha visión global do mundo contemporáneo e dos seus problemas á luz dos antecedentes históricos, superando enfoques eurocéntricos e parciais, comprendendo as súas relacións de interdependencia e a interrelación de factores (políticos, económicos, tecnolóxicos,...)que se dan nel , e analizando a función que cumpren as institucións supranacionais. Revisar criticamente estereotipos e prexuízos respecto das sociedades que se incorporan tardiamente á contemporaneidade.

-Argumenta-las propias ideas sobre a sociedade e revisalas de forma crítica tendo en conta novas informacións, corrixindo estereotipos e prexuízos, e entendendo a análise histórica como un proceso en constante reelaboración.

-Desenvolver unha actitude crítica acerca dos valores que subxacen na actuación dos distintos grupos sociais e das persoas, analizando a correspondencia entre principios declarados e condutas.

-Participar de forma ordenada en debates e discusións sobre problemas controvertidos do mundo contemporáneo e da actualidade, argumentar as propias ideas e incorporar as doutras persoas para chegar a conclusións que obteñan un maior consenso, sen esquecer o dereito a discrepar e a que se escoiten as diferentes opinións.

- Valorar positivamente os conceptos de democracia, liberdade, igualdade e solidariedade ante os problemas sociais, asumindo o compromiso coa defensa dos valores democráticos ante situacións de discriminación e de inxustiza, en especial as relacionadas cos dereitos humanos e a paz.

UNIDADES DIDÁCTICAS

CONTIDOS COMÚNS

-Localización no espazo e no tempo de procesos, estruturas e acontecementos relevantes do mundo contemporáneo, identificando semellanzas e diferenzas na súa concreción en distintas sociedades e reparando na diversidade de ritmos da difusión destes procesos.

-Identificación de relacións significativas entre factores de tipo económico, social, político, cultural e tecnolóxico á hora de manexar explicacións causais sobre os procesos de evolución e cambio máis relevantes no mundo contemporáneo e na configuración do mundo actual.

-Utilización de diferentes escalas (global, europea, española, galega) na análise dos procesos e acontecementos contemporáneos e actuais; capacidade para cuestionar prexuízos e estereotipos cara a outros pobos e culturas.

-Busca, selección e tratamento de información procedente de fontes diversas (documentos históricos, datos estatísticos, textos historiográficos, mapas, prensa, tecnoloxías da información, etc.); capacidade crítica para interpretar e valorar as informacións tendo en conta a fonte de procedencia e os intereses e intencións de quen as pon en circulación.

-Elaboración de informes e investigacións escolares utilizando información procedente de diferentes fontes; presentación dos resultados de forma estruturada e clara, manexando correctamente a linguaxe e os conceptos históricos específicos.

UNIDADE 1 :AS BASES DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

- Transformacións políticas:

- A ruptura co Antigo Réxime.
- Os movementos revolucionarios liberais.
 - A) S. XVIII.
 - A Independencia dos EE. UU
 - A Revolución Francesa.
 - B) S. XIX: 1820-1830-1848
- Caracteres básicos dos novos estados liberais
- Os Nacionalismos.

- Transformacións económicas:

- A Revolución Industrial
- Capitalismo e Liberalismo económico

-Transformacións sociais: a sociedade de clases.

- A burguesía
- O proletariado e o movemento obreiro
- O papel das mulleres

UNIDADE 2 : O IMPERIALISMO

- O concepto de imperialismo:
 - Causas do imperialismo.
- Imperialismo e imperios coloniais: o reparto do mundo
 - A expansión imperialista
 - O reparto de África
 - A expansión colonial en Asia
 - Os Estados Unidos.

UNIDADE 3 : A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

- Causas e antecedentes inmediatos do conflito.
- Os camiños cara a guerra.
- Os bloques belixerantes e as fases da guerra
- Consecuencias do conflito bélico
- As bases da paz:
 - Os Tratados de Paz
 - A Sociedade de Nacións.

UNIDADE 4 : A REVOLUCIÓN RUSA E O SISTEMA SOVIÉTICO.

- Antecedentes da Revolución Rusa.
 - A guerra ruso-xaponesa
 - A revolución de 1905
 - A influencia da 1º guerra mundial
- O programa bolchevique.Lenin.
- A Guerra Civil
- A NEP e a constitución da URSS.
- Stalin e a política de planificación económica.

UNIDADE 5 : A CRISE DAS DEMOCRACIAS.

- A crise de entreguerras:
 - A herdanza económica da 1º Guerra Mundial
 - A crise de 1929.
 - As consecuencias da crise: demográficas, sociais, económicas, políticas, ideolóxicas.
- Os fascismos:
 - Características xerais dos fascismos
 - os seus métodos de actuación
 - Os movementos fascistas: Italia e Alemania
- Evolución social: sociedade de masas e incorporación da muller ao traballo asalariado. O voto feminino.

UNIDADE 6 : A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL.

- Os principais bloques belixerantes.
- Xeneralización do conflito.
- Desenvolvemento da contenda.
- Consecuencias da guerra
- Organizacións da posguerra

UNIDADE 7 : POLÍTICA DE BLOQUES E GUERRA FRÍA.

- A organización do mundo en bloques:
 - O bloque occidental
 - O bloque oriental
 - As organizacións supranacionais: ONU, CEE.
- A guerra fría(1947-1958).Exemplos de confrontación.

UNIDADE 8 : A DESCOLONIZACIÓN

- Bases teóricas dos movementos de descolonización:
 - o sentimento nacionalista
 - os factores sociolóxicos
 - os factores externos
- A descolonización de África
- A descolonización de Asia
- A Conferencia de Bandung.
- Consecuencias da descolonización: neocolonialismo e dependencia

UNIDADE 9 : UN MUNDO DIVIDIDO EN BLOQUES(1945-1991)

- O mundo capitalista:
 - Crecemento económico e estado de benestar
 - A hexemonía dos EE.UU.
 - Crise e transformación do capitalismo en Occidente
- O mundo socialista: a hexemonía soviética
- A desaparición da URSS e o fin do mundo bipolar.

UNIDADE 10: O MUNDO ACTUAL

- A formación da Unión Europea: as dificultades do proceso de integración, Maastricht.
- Xeopolítica do mundo actual:
 - A nova orde internacional
 - Conflictos e guerras no cambio de milenio
 - Os sistemas políticos democráticos.
 - Ditaduras e dereitos humanos.
 - Os refuxiados
- Desenvolvemento tecnolóxico, globalización e cambio social.
- Iberoamérica no século XXI

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS POR TRIMESTRES:

1º TRIMESTRE:

Unidade 1: As bases do mundo contemporáneo

Unidade 2: O Imperialismo

Unidade 3: A Primeira Guerra Mundial

2º TRIMESTRE:

Unidade 4: A revolución rusa e o sistema soviético

Unidade 5: A crise das democracias.

Unidade 6: A Segunda Guerra Mundial

3º TRIMESTRE:

Unidade 7: Política de bloques e Guerra Fría.

Unidade 8: A Descolonización

Unidade 9: Un mundo dividido en bloques.

Unidade 10: O mundo actual.

Esta secuenciación estará suxeita a posibles alteracións, en función da marcha do curso e da evolución do alumnado.

METODOLOXÍA

En primeiro lugar, hai que ter en conta que a Historia do Mundo Contemporáneo ten un carácter de preparación especializada do alumnado para a súa incorporación a estudos posteriores ou á vida activa,, polo tanto a metodoloxía da asignatura procurará ser coherente con este aspecto.

A aprendizaxe realizarase a través do uso de distintos materiais e métodos didácticos, que terán como finalidade a participación activa do alumno:

- materiais facilitados polo profesorado(apuntes, textos...)
- uso de gráficos, mapas...
- documentos históricos: análise e comentario
- traballos en grupo
- uso de materiais audiovisuais: diapositivas, video, cine...
- Promover a necesidade de buscar outras informacións en fontes diferentes do libro de texto ou dos materiais da clase (incluídas as TIC), que complementen ou amplíen a información que proporciona o profesorado.
- uso da prensa como material didáctico.
- lecturas alternativas
- Promover o papel activo do alumnado de forma que participe, exprese opinións e faga presentacións orais e escritas.

Tratarase de que nas diferentes unidades didácticas exista un equilibrio das diferentes categorías de coñecemento histórico, tratando de evitar que as actividades que se lle propoñan ó alumnado sexan esencialmente memorísticas, de acumulación de datos. Dentro das diferentes unidades, será convinte seleccionar un número limitado de problemas para traballalos con máis profundidade.

Favorecerase a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplica-los métodos apropiados de investigación.

AVALIACIÓN

O sistema de avaliación será continua e individualizada, de maneira que poidamos coñecer en cada momento cal é a marcha de cada un dos alumnos.

Pautas de avaliación:

- Interese do alumno pola materia, participación na clase, atención...
- Traballos: valorarase a capacidade de comprensión, de síntese, a presentación, exposición oral...
- Realización periódica de probas escritas.
- Conceptos claros, relacións e interrelacións entre elementos, capacidade de dedución...
- Elaboración e interpretación de gráficos.
- Comentario de textos.

A cualificación de cada avaliación dividirse en dúas partes:

- Un 80% corresponderá ás notas obtidas nas probas escritas realizadas, unha ou dúas por avaliación. Para facer nota media deberán ter polo menos un 3 nos exames.

- O 20% restante corresponderá ás cualificacións obtidas nos exercicios prácticos propostos polo profesor(comentarios de texto, traballos de investigación, exposicións orais, etc...). É obrigatoria a súa realización, polo que a súa presentación será un requisito indispensable para a superación das avaliacións.

Recuperacións:

Farase unha recuperación de cada avaliación, que consistirá na realización dunha proba escrita que comprenderá toda a materia desenvolvida na avaliación. O alumnado deberá entregar tamén os exercicios prácticos pendentes

Avaliación final ordinaria:

- A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións (sempre que sexan superiores a 4).
- Aqueles alumn@s que teñan unha ou dúas avaliacións con 4 ou menos de 4 poderán presentarse a unha recuperación final (sempre que houberen entregado os exercicios prácticos de todas as avaliacións);
- os que teñan as tres avaliacións suspensas deberán examinarse en setembro.

Avaliación extraordinaria:

Realizarase unha proba extraordinaria en setembro, que versará sobre todos os contidos desenvolvidos ao longo do curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar e caracterizar as transformacións económicas, sociais e políticas máis importantes do mundo contemporáneo dende a crise do Antigo Réxime ata a Primeira Guerra Mundial, sinalando o distinto grao de influencia en diferentes zonas do mundo e destacando o papel hexemónico das potencias occidentais que acaban impulsando a expansión imperialista.
2. Coñecer e caracterizar as grandes correntes ideolóxicas que teñen exercido unha maior influencia nos movementos sociais e políticos ao longo dos séculos XIX e XX, identificar as contribucións máis destacadas no pensamento e dar conta das realizacións políticas e sociais a que deron lugar nos diferentes ámbitos territoriais.
3. Situar cronoloxicamente os acontecementos e procesos relevantes da historia do mundo nos séculos XIX e XX, valorar o seu significado e consecuencias posteriores, así como as relacións entre a acción individual e os comportamentos colectivos.
4. Identificar os mecanismos que rexen as relacións entre os estados no século XX, analizando en profundidade as causas dos dous conflitos bélicos mundiais e os acordos establecidos para articular as relacións internacionais, valorando a súa eficacia.
5. Coñecer e explicar os principios e as institucións que caracterizan os réximes políticos democráticos, as loitas que os fixeron posibles, así como os factores que influíron na quebra do réxime democrático e o auxe de sistemas ditatoriais e fascistas durante o período de entreguerras.
6. Situar cronoloxicamente e distinguir as características dos períodos de expansión e recesión que ten experimentado a economía mundial contemporánea, determinando, a través dalgún caso significativo, as implicacións que os períodos dun e outro signo teñen nas relacións sociais, nos modos de vida, na ocupación laboral ou nas políticas nacionais e internacional.
7. Sintetizar o proceso histórico que conduciu no século XX á descolonización e á configuración do chamado Terceiro Mundo, identificando os seus trazos máis significativos. Establecer, a través do estudo dalgún país pertencente a el, as posibles relacións coa experiencia colonial ou as dificultades para a súa integración nun mundo interrelacionado.
8. Describir o proceso de construción da Unión Europea e a súa configuración actual, valorando os seus logros e dificultades, así como o papel que xoga no contexto internacional, establecendo relacións significativas con outros movementos de integración internacional que se producen fóra de Europa.
9. Caracterizar as transformacións máis significativas que se produciron no mundo desde o último terzo del século XX, valorando a existencia de novos centros de poder e o impacto da globalización nas esferas política, económica e cultural, e establecendo conexións entre o global e o local.
10. Obter e analizar información sobre o pasado procedente de fontes diversas, valorar a súa relevancia e os posibles nesgos e mais relacionar a información obtida cos coñecementos adquiridos, empregando adecuadamente a terminoloxía histórica e facendo referencia á pluralidade de interpretacións que pode ter un feito histórico.
11. Redactar un informe sobre algún feito histórico ou cuestión da actualidade a partir da información de distintas fontes, incluídos os medios de comunicación, a historia oral e as tecnoloxías da información, tomando en consideración os antecedentes históricos, analizando as interrelacións e axuizando a súa importancia no contexto.

ALUMNADO DO BACHARELATO INTERNACIONAL

O grupo de 1º E de bacharelato correspóndense co alumnado que cursa ao mesmo tempo o Bacharelato LOE e o Programa do Diploma do Bacharelato Internacional.

Estas alumnas serán avaliadas de dúas maneiras.

- Bacharelato LOE: aplicaráselles os mesmos criterios que ao resto do alumnado, xa espostos na programación, e recibirán as súas calificacións LOE nas mesmas datas.

- Programa do Diploma: segundo os requisitos establecidos pola organización do Diploma. Os exames realizaránse en maio de 2012.

Estas alumnas seguirán un ritmo de traballo superior ao resto do alumnado, dado que algúns temas impartiranse segundo a programación anterior, pero deberán preparar outros do mesmo temario con máis profundidade que o resto do alumnado. Ás súas calificacións LOE aplicaráselles os mesmos criterios que ao alumnado dos outros grupos.

Vigo, 16 de Setembro de 2011.

Departamento de Ciencias Sociais do IES do Castro

HISTORIA DE ESPAÑA 2º BACHARELATO

PROGRAMACIÓN DO ANO LECTIVO 2010-2011

A programación da disciplina de Historia de España de 2º Bacharelato reflicte os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e a metodoloxía presentada no Decreto 126/2008, de 19 de Xuño (DOG, 23.06.2008).

En relación aos contidos, considerando que a Historia de España só conta con tres horas lectivas semanais, téntase compaxinar unha visión introdutória sobre os trazos máis salientes da historia peninsular anteriores ao século XIX con un tratamento en profundidade dos procesos de transformación da España contemporánea até o presente. A disciplina de Historia de España parte dos coñecementos e do nivel de competencias adquirido polo alumno nas etapas educativas anteriores. A disciplina visa aprofundar no coñecemento crítico da heranza colectiva da sociedade en que o alumno se insere. Por outro lado, deberá facilitar a tomada de consciencia do alumno sobre a súa responsabilidade na configuración do presente e do futuro, pois o pasado concretamente realizado consistiu no triunfo de determinados acontecementos históricos, cando ao mesmo tempo outras opcións históricas tiveron tamén as súas oportunidades. Alén diso, o carácter globalizador do coñecemento histórico permite que o alumno se aproxime dos acontecementos históricos de modo interdisciplinar na abordaxe da complexidade do mundo actual, o que poderá axudarlle a comprender e a participar na sociedade en que vive.

OBXECTIVOS

O ensino da disciplina de Historia de España no 2º Bacharelato terá como finalidade que os alumnos desenvolvan as seguintes capacidades:

- Identificar e situar no espazo e no tempo os procesos históricos globais e os acontecementos máis importantes da Historia de España, a prestar atención á súa diversidade territorial, onde tamén será tratada a especificidade histórica da Galiza, nas súas diferentes etapas históricas.
- Coñecer e comprender os procesos máis importantes da historia contemporánea de España, a focar a súa xénese, as súas consecuencias na actualidade e as interrelacións que se dan entre feitos políticos, sociais, económicos e culturais.
- Desenvolver unha perspectiva integradora da historia de España, respeitosa com as diferentes identidades territoriais e sociais que a caracterizan, que sirvan de base ao desenvolvemento de actitudes de solidariedade e tolerancia por parte dos alumnos.
- Situar o proceso histórico español e a súa variedade identitaria no seu encuadramento internacional, por forma a se poder entender a Historia de España na súa articulación con a Historia europea e mundial.
- Distinguir as mudanzas históricas conxunturais dos procesos históricos profundos, a contribuir deste modo para o desenvolvemento do pensamento histórico nos alumnos.

- Coñecer o proceso de formación das normas xurídicas que regulan os ordenamentos constitucionais da historia contemporánea de España, procurando tamén com isto que os alumnos se compomentan con os valores democráticos e se interesen por participar na vida cidadá.
- Valorar e comprender as loitas contra as discriminacións decorrentes da opresión e das inxustizas (entre elas, as relacionadas con as mulleres), contribuíndo así para que os alumnos aprecien en toda a súa importancia a defensa dos dereitos humanos.
- Seleccionar e interpretar a información procedente de diversas fontes históricas a través da aplicación de diferentes técnicas características da ciencia histórica – composición sobre textos históricos, interpretación de imaxes, mapas, gráficos, series estatísticas, etc.-, de modo a contrastar os diferentes puntos de vista sobre as situacións e os procesos históricos e desenvolver así a capacidade de exercer a crítica histórica.
- Realizar investigacións de carácter histórico no ámbito de referencia dos alumnos, manexando fontes históricas como a historia oral, a prensa ou as TIC, con a finalidade de aproximarse da propia comunidade, comprender o carácter provisorio do coñecemento e captar a diversidade das manifestacións históricas.

CONTIDOS

1. As raíces históricas da España contemporánea

UNIDADE 1: As primeiras culturas e a dominación romana da Península Ibérica.

UNIDADE 2: Al-Ándalus e os reinos cristiáns medievais.

- Formas de vida e intercambio cultural na España musulmana e cristiá.
- A ocupación do territorio e as consecuencias socio-económicas.
- Principais características da Galiza feudal.

UNIDADE 3: Formación e desenvolvemento da Monarquía Hispánica.

- Castela e os outros reinos da Monarquía Hispánica nos reinados dos Reis Católicos e da dinastía dos Áustria. A Galiza durante os séculos XV-XVII.
- Conquista e explotación da América española. O impacto da colonización.

UNIDADE 4: A Monarquía Borbónica no Antigo Réxime.

- Características económicas, sociais e políticas do Antigo Réxime.
- A política centralizadora dos Borbóns. O carácter reformista do despotismo ilustrado e os seus límites. A Galiza no século XVIII.

2. A quebra da Monarquía Absoluta e o desenvolvemento do Liberalismo en España

UNIDADE 5: Inicios e consolidación do Réxime Liberal en España.

- Guerra e revolución en Europa na pasaxe do século XVIII para o século XIX. A guerra contra os franceses en España (1808-1813). O seu impacto na Galiza. A obra lexislativa das Cortes de Cádiz: os decretos e a Constitución de 1812.
- O reinado de Fernando VII (1814-1833) e as loitas entre absolutistas e liberais.

- A independencia da América española (1808-1825).
- Construción e evolución do Estado liberal durante o reinado de Isabel II (1833-1868): A primeira guerra carlista e o aceso ao poder dos liberais. O dominio do liberalismo moderado na época isabelina. Grupos políticos, protagonismo do exército e inestabilidade política e institucional.
- O Sexenio Democrático (1868-1874): da Gloriosa Revolución ao primeiro ensaio republicano da historia de España.

UNIDADE 6: Estado e nación na Restauración borbónica.

- O réxime da Restauración (1875-1902): características e funcionamento do sistema canovista. A oposición ao réxime. Guerra hispano-norteamericana e crise de 1898.
- O reinado de Afonso XIII e a crise da Restauración (1902-1931): O fracaso das sucesivas propostas de reforma (1902-1916) e a quebra dos sistema da Restauración (1917-1923). A conflictividade social e o problema de Marrocos.
- A crise do sistema liberal e o contexto internacional no período de entreguerras (1918-1939): ditadura e democracia. A ditadura do xeneral Primo de Rivera (1923-1930).
- O Estado-nación español e os nacionalismos periféricos. A evolución do galeguismo.

3. Transformacións económicas e mudanzas sociais no século XIX e no primeiro terzo do século XX

UNIDADE 7: As transformacións socio-económicas na España liberal.

- O proceso de desamortización e as súas consecuencias políticas, económicas e sociais no campo español. As transformacións da agricultura española nas diferentes rexións. Características e consecuencias da desamortización na Galiza e trazos de modernidade na súa agricultura.
- Debilidade e fragmentación do desenvolvemento industrial español. A modernización dos transportes: o ferrocarril. A emerxencia do sistema financeiro español. A debilidade do mercado nacional. Fracaso da industrialización e surximento de novos sectores económicos na Galiza.
- Modernización demográfica e emigración en España. Os movementos migratorios. Efeitos da emigración na Galiza.
- A nova sociedade de clases e o dominio burgués. A conflictividade social e os movementos obreiro e campesino. O agrarismo na Galiza caciqueira. A situación da muller e o surximento das reivindicacións feministas.

4. A II República, a Guerra Civil e a Ditadura Franquista

UNIDADE 8: Segunda República e Guerra Civil.

- A Segunda República. A Constitución de 1931: principios e institucións dunha democracia avanzada. O voto feminino. Política de reformas e polarización social. O nacionalismo catalán, basco e galego.
- Os diferentes gobernos republicanos. Confrontación política e revoltas sociais. As reaccións antidemocráticas.

- A sublevación militar e a guerra civil. Dimensión política e internacional do conflito. Evolución das dúas zonas: a revolución social e os diferentes gobernos na zona republicana; a formación do Estado franquista na zona nacional.

UNIDADE 9: España no Franquismo.

- O franquismo na inmediata pós-guerra: bases ideolóxicas, políticas e sociais. Autarquía e isolamento internacional. A resistencia da guerrilla.
- A consolidación do réxime durante a Guerra Fria. Crecemento económico e transformacións sociais. Emigración para Europa. A oposición ao réxime no interior e no exilio.
- A agonia do franquismo (1973-1975). O incremento das forzas de oposición.
- A vida cotidiana no franquismo. O seu impacto na Galiza.

5. A España actual

UNIDADE 10: España en Democracia.

- O proceso de transición á democracia, os seus éxitos e os seus límites. A Constitución de 1978: principios e institucións democráticas. O proceso autonómico en España. O Estatuto de Autonomía da Galiza.
- Os gobernos democráticos españois dos últimos trinta anos. Mudanzas sociais, económicas, lexislativas e culturais. A construción do Estado de Ben-estar.
- A Galiza e España na Unión Europea. O papel de España no contexto internacional.
- Problemas e perspectivas actuais da política e da sociedade española

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer os procesos da historia peninsular anteriores ao século XVIII que resultan máis significativos para a comprensión da Historia contemporánea de España, asinalando ao mesmo tempo os procesos máis característicos da Historia da Galiza no mesmo período.

- Analisar e caracterizar a crise do Antigo Réxime en España e as dificultades na construción do Estado liberal, sinalando as relacións destes procesos con o contexto internacional, así como as súas repercusións na Galiza.

- Comprender as dificultades no surximento e no desenvolvemento da economía capitalista e da sociedade de clases en España. Deberá recoñecerse a diversidade do ritmo e da intensidade con que acontece nos diferentes territorios peninsulares, dando atención, por outro lado, ás peculiaridades que terán na Galiza ambos os procesos históricos. Alén diso, deberán recoñecerse as súas conexións con o contexto internacional.

Recoñecer os procesos de exclusión da sociedade liberal burguesa en España e os novos mecanismos de dominación e integración das mulleres. Será tamén preciso comprender o carácter oligárquico dos grupos hexemónicos, a debilidade das clases medias e a importancia do internacionalismo en diferentes correntes dos movementos obreiro e campesino en España.

- Comprender as mudanzas e os conflitos na España do período de entreguerras. Por un lado, a crise da Restauración mostrará a incapacidade dos grupos hexemónicos para

articular un proxecto liberal viábel en España, o que acabará por conducir á ditadura de Primo de Rivera. Por outro lado, os alumnos deberán recoñecer a importancia da II República como a primeira experiencia plenamente democrática e modernizadora da Historia de España, así como establecer as relacións con o axitado contexto europeo de entreguerras, onde surxen enfrontados os reximes democráticos e os autoritarios. Deberán recoñecerse tamén as principais liñas da evolución económica e social deste período.

- Comprender as orixes, o desenvolvemento e as consecuencias da Guerra Civil. Recoñecer e analizar as peculiaridades ideolóxicas e institucionais da ditadura franquista, ben como a influencia que a conxuntura internacional tivo na evolución política e económica do réxime franquista.
- Describir os trazos, as dificultades e a importancia do proceso de transición democrática despois da morte do ditador Franco, identificar as características da Constitución de 1978, do Estado das Autonomías e do Estatuto de Autonomía da Galiza. Explicar as mudanzas políticas, económicas, sociais e culturais que nos últimos trinta anos acercaron a forma de vida da sociedade española aos padróns da Europa desenvolvida. Recoñecer a importancia da entrada de España na Unión Europea.
- Coñecer e utilizar as técnicas básicas de indagación e explicación histórica, como recoller información de diferentes fontes e valorala criticamente, para, a partir da mesma, elaborar textos de contido histórico, onde sexa utilizado con rigor o vocabulario histórico específico. Por tanto, os alumnos deberán seleccionar, analizar, contrastar e explicar a información procedente de textos históricos de unha época dada, mapas, series estatísticas, material iconográfico, etc. Todo isto deberá permitir ao alumno dominar as destrezas no manexo da información –utilizando tamén as TIC-, demostrando así a súa capacidade para comunicar oralmente ou por escrito as súas conclusións sobre diferentes tópicos da disciplina de Historia de España. Finalmente, os alumnos deberán desenvolver en grupo actividades da disciplina de Historia de España, o que potenciará unha actitude máis participativa, solucionadora de conflitos e que contribúa tamén para o desenvolvemento da tolerancia e do sentido crítico.

METODOLOXÍA

Os estudantes da disciplina de Historia de España utilizarán a metodoloxía máis adecuada para a súa aprendizaxe, utilizándose unha metodoloxía activa e participativa e a innovación na sala de aula, que incluírá:

- O uso do libro de texto –AA.VV., Historia de España. Segundo Curso de Bacharelato, Baía Edicións, A Coruña, 2009-, de diferentes enciclopédias e de calquer outro material significativo escrito e ilustrado, así como das TIC, de modo a permitir a mellor información e comprensión dos diferentes períodos históricos.
- Usar esquemas, cuadros e gráficos, que permitan que os alumnos visualicen as interrelacións entre os diversos feitos históricos de un dado período.
- Utilizar a cronoloxía para secuenciar temporalmente os acontecementos históricos.
- Elaborar definicións de terminoloxía histórica relevante, a tratarense os protagonistas, a economía, a sociedade, a política e a cultura dos diferentes períodos históricos.
- Contextualizar os procesos, estruturas e acontecementos históricos máis relevantes, identificando os elementos que contribuíron para configurar os trazos actuais da Galiza e de España.

- Potenciar a análise histórica onde se recoñeza a multicausalidade na xénese dos procesos de evolución e mudanza na historia de España e nos conflitos sociais e políticos. Neste sentido, será importante establecer as relacións que ocorren entre os aspectos económicos, políticos, sociais e culturais das diferentes épocas e acontecementos históricos.
- Favorecer a transformación da información en coñecimento a través da selección, análise e interpretación de contidos procedentes de diversas fontes históricas, de modo a desenvolver a capacidade de elaboración de explicacións históricas rigorosas e coerentes. Deste modo, o traballo com fontes históricas primarias e secundarias permitirá a análise e explicación de documentos diplomáticos, relatórios teórico-doutriniais, proclamas, manifestos, noticias de xornais, etc.
- Producir e interpretar informacións sobre aspectos cuantitativos e espaciais dos procesos históricos, por meio da utilización de series estatísticas, gráficas, mapas xeopolíticos, militares, administrativos, económicos, etc.
- Analisar e comentar textos constitucionais, con o obxectivo de captar as principais características políticas e xurídicas de cada réxime constitucional, bem como as diferenzas e similariedades entre as diferentes Constitucións españolas dos séculos XIX e XX.
- Analisar e comentar diferentes materiais iconográficos (imaxéticos): pintura, escultura, gravado, arquitectura; fotografía, cartazes publicitarios ou propagandísticos, estampas decimonónicas (poderá tamén realizarse visita a museu ou exposición sobre acontecementos ou conmemoracións históricas relacionadas con aspectos do currículo que teñan a ver con a Historia de España, da Galiza, etc.).
- Elaborar informes ou relatórios a partir de diferentes fontes e documentos históricos, de modo a relacionar materiais históricos diferentes e a propor diversas hipóteses explicativas e conclusións sobre os problemas históricos reflectidos neles.
- Elaborar traballos de investigación no ámbito de referencia do alumno sobre algún momento saliente da historia contemporánea, establecendo conexións entre a historia galega, española, europea e mundial.
- Visionar e comentar diverso material audiovisual, como documentarios históricos, filmes sobre personaxes ou acontecementos históricos, etc.

PERIODIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Primeiro trimestre

Neste trimestre serán tratadas as unidades didácticas comprendidas nos dous primeiros blocos de contidos, até completar no mínimo a Historia política española do século XIX.

Segundo trimestre

Serán aquí abordados os contidos que abranxen o período que se estende desde o reinado de Afonso XIII até o ano 1936. Alén diso, será tamén tratado o terceiro bloco de contidos.

Terceiro trimestre

Serán lecionados neste último trimestre o período correspondente á Guerra Civil, ben como as dúas últimas unidades didácticas, istoé, as correspondentes ao período da ditadura franquista e aos trinta anos que se seguiron á morte do ditador.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ao longo do ano lectivo os alumnos deberán realizar diferentes probas escritas –unha ou dúas por trimestre, segundo a distribución do currículo-, onde a parte principal de cada unha delas consistirá na realización de unha composición de texto histórico, que seguirá o modelo das que se realizan na Proba de Acceso á Universidade na disciplina de Historia de España. Nela os alumnos deben escribir sobre un dado tema histórico contextualizando os diferentes documentos históricos que se presentan para a súa utilización na composición. No desenvolvemento da composición histórica, o alumno ilustrará a mesma describindo e explicando o contido dos documentos presentados, usando con a maior precisión posible a cronoloxía, asinalando de que tipo son os documentos en causa e esclarecendo a terminoloxía histórica máis significativa que apareza nos mesmos. Deste modo, o alumno demostrará a comprensión do tópico que debe tratar, demostrando tamén a súa capacidade de análise e síntese e, por tanto, de relacionar os diferentes acontecementos históricos, procurando causas e consecuencias dos mesmos, así como as interrelacións entre os aspectos económicos, sociais, culturais e políticos que os caracterizan.

Por outro lado, estas probas escritas poderán incluír diversos tipos de cuestións históricas, así como definición de termos históricos, de forma a verificar a familiarización do alumno con outros modos de abordaxe da materia histórica obxecto de estudo.

A cualificación correspondente a cada trimestre será o resultado da media aritmética das notas obtidas nos exames realizados durante o trimestre. Para a aplicación da media aritmética en cada trimestre ningunha das notas obtidas nos exames realizados poderá ser inferior a 3. A cualificación final da disciplina consistirá na media aritmética das cualificacións obtidas en cada trimestre. Caso non sexa alcanzado o aprobado nalgún dos trimestres, o alumno poderá presentarse a un exame de recuperación no seguinte trimestre. Non se contempla a realización de exame final nen de probas para subir nota.

Os profesores de Historia de España entregarán aos alumnos diferentes propostas de comentarios e traballos históricos ao longo do ano académico con o obxectivo de que os alumnos se familiaricen con as técnicas de procura de información e análise e interpretación históricas, precisas para o estudo e desenvolvemento da disciplina. Os alumnos deberán realizar de modo obrigatorio estes traballos e exercizos, o que será tido en conta no proceso de avaliación ao longo do ano lectivo.

No proceso de avaliación será tamén valorado o esforzo realizado polo alumno ao longo do ano académico, manifestado na participación nas aulas, na entrega atempada dos traballos, no cuidado, organización e estruturación dos mesmos, etc.

Os alumnos que deban realizar a proba extraordinaria de Setembro terán de se examinar de toda a materia da disciplina.

Vigo, 16 de Setembro de 2011.

**XEOGRAFÍA.
2º BACHARELATO**

**PROGRAMACIÓN
CURSO 2011-2012**

Profesora: Lurdes García Vázquez

PROGRAMACIÓN 2º BACHARELATO. XEOGRAFÍA DE ESPAÑA

1. INTRODUCCIÓN E MARCO LEXISLATIVO

A materia de Xeografía de España de 2º de Bacharelato ten como marco lexislativo de referencia a LOE, Lei Orgánica 2/2006 (BOE do 4 de maio de 2006) e o Decreto 126/20008, do 19 de xuño polo que se establece a ordenación e currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2008).

Como se prevee no currículo da materia, a Xeografía no bacharelato debe proporcionarlle ao alumnado as claves interpretativas para abordar a complexidade dos procesos territoriais, facilitando así a comprensión do espazo xeográfico.

A Xeografía estuda a configuración do espazo terrestre como consecuencia das relacións entre múltiples variables de tipo natural e humano. Estas relacións concrétanse en variadas paisaxes que mostran a complexidade das dinámicas ecoxeográficas e a pegada da ocupación humana ao longo do tempo. Este espazo convértese en territorio a través do poder político que o delimita con fronteiras e o organiza con infraestructuras.

Como disciplina académica, a Xeografía proporciona destrezas para a comprensión deste espazo organizado a diferentes escalas e para a comprensión dos factores que inciden nel, recoñecendo especialmente as características socio-económicas e o papel das decisións políticas que deron lugar a ordenación territorial actual.

O marco lexislativo citado atribúe a esta materia o obxectivo de formar persoas integrantes da cidadanía que sexan quen de participar de forma responsable na toma individual e colectiva de decisións, dende posturas de solidariedade e de respecto á diversidade natural e social.

2.OBXECTIVOS

O ensino desta materia ten como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1.-Comprender e explicar o territorio galego e español como un espazo dinámico, caracterizado polos contrastes e a complexidade territorial, resultado da interacción de decisións políticas e de procesos sociais, económicos tecnolóxicos e culturais, que actuaron nun marco natural e histórico.

2.-Identificar e comprender as interrelacións das variables que interveñen na organización do territorio para analízalo e interpretalo criticamente, empregando con corrección tanto as técnicas como o vocabulario xeográfico.

3.- Coñecer as características dos diferentes medios naturais existentes en Galicia e en España poñendoos en relación cos espazos europeos e mundiais.

4.-Comprender a distribución, estrutura e dinámica da poboación e analizar criticamente as situacións de desigualdade e discriminación que deixan a súa pegada na configuración do territorio.

5.- Analizar os diferentes modos de explotación dos recursos, as actividades produtivas e os seus impactos territoriais e ambientais.

6.- Interesarse activamente pola calidade do medio natural e ser consciente dos problemas derivados da acción humana, así como entender as necesidades de políticas de ordenación territorial e de xestión de recursos acordos co desenvolvemento sostible.

7.- Comprender as relacións que existen entre os territorios que integran España e destes coa UE, desenvolvendo actitudes de coñecemento, aprecio e cooperación cara a outros espazos superando os estereotipos e prexuízos.

3.CONTIDOS

Os contidos estrutúranse en seis bloques. Os bloques temáticos están integrados por 12 unidades didácticas. Os contidos dos bloques están interrelacionados e secuenciados coherentemente, de acordo coa seguinte organización:

BLOQUE 1: Os contidos comúns

Este bloque inclúe as destrezas e procedementos propios da análise xeográfica, que inclúen técnicas que facilitan o tratamento de datos e informacións, así como referencias a valores que formen ao alumnado no rexeitamento das discriminacións e desigualdades e na disposición a participar activamente no contorno espacial e social no que vive.

- Identificación e explicación multicausal da localización e distribución de procesos e fenómenos xeográficos e as súas implicacións.
- Busca, selección e tratamento de información relevante para o coñecemento xeográfico: fontes cartográficas, visuais, estatísticas, bibliográficas, observación directa, emprego de técnicas de traballo de campo.
- Dominio das técnicas cartográficas: Manexo da escala e das diversas representacións cartográficas
- Comprensión das dinámicas ecoxeográficas: interrelación de variables na conformación do territorio. Técnicas de análise e interpretación das paisaxes.
- Participación en debates e traballos en grupo revisando e contrastando as ideas propias coas alleas, argumentando e empregando o vocabulario específico.
- Responsabilidade no uso dos recursos e valores das pautas de comportamento individual e social respecto da protección e mellora do medio natural.
- Toma de conciencia e postura crítica fronte as desigualdades e discriminacións socioeconómicas, étnico-culturais e de xénero e a súa plasmación no territorio.
- Elaboración de informes sobre algún problema ambiental ou social incluíndo propostas de mellora e empregando conceptos con rigor.

BLOQUE 2: O estudo do mediofísico e a súa diversidade

BLOQUE 3: As actividades económicas

BLOQUE 4: A poboación

BLOQUE 5: A urbanización

BLOQUE 6: A inserción de Galicia e España nun contexto máis amplo. Unión Europea e mundo globalizado

O contido pormenorizado destes bloques desenvólvese a continuación nas seguintes unidades didácticas.

O termo “contidos” segue tendo en bacharelato a acepción global e o sentido integral propios de anteriores etapas educativas. Por conseguinte, comprende o triplo ámbito de conceptos, procedementos e actitudes. Os contidos procedementais e actitudinais teñen un carácter transversal nesta materia e deben traballarse cos de natureza conceptual.

UNIDADE 1

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e explicar brevemente conceptos relativos ao relevo español e galego.
2. Localizar e identificar en mapas fenómenos referidos ao relevo español.
3. Analizar, caracterizar e explicar o relevo español.
4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo xeográfico e do relevo español e galego.
5. Apreciar a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español e galego, practicar a capacidade de observación da realidade e reflexionar sobre a importancia do relevo para a actividade humana.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define con precisión conceptos relativos á evolución xeolóxica e ás unidades morfoestruturais do relevo peninsular e insular.
- 1.2. Define con precisión conceptos relativos ao relevo costeiro español e galego.
- 2.1. Localiza e identifica en mapas as etapas da evolución xeolóxica e as áreas de rochedo silíceo, calcario e arxiloso da Península.
- 2.2. Localiza e identifica en mapas ou perfís topográficos as unidades morfoestruturais do relevo peninsular.
- 2.3. Localiza e identifica en mapas as formas do relevo costeiro de España e de Galicia, e os nomes das illas Baleares e Canarias.
- 3.1. Sintetiza conceptos e redacta temas sobre a evolución xeolóxica do relevo peninsular, os tipos de rochedo e de relevo e as unidades morfoestruturais do relevo peninsular.
- 3.2. Coñece e elabora temas sobre o relevo costeiro peninsular e o relevo continental e costeiro de Baleares e Canarias.
- 4.1. Analiza, explica, comenta e interpreta textos, mapas e fotografías sobre o territorio español, a orixinalidade da súa situación xeográfica e a súa diversidade natural e humana.
- 4.2. Analiza, explica, comenta e interpreta bloques diagrama, mapas e imaxes sobre a evolución xeolóxica do relevo peninsular e os tipos de rochedo e de relevo.

- 4.3. Analiza, explica, comenta e interpreta mapas, perfís topográficos e imaxes sobre as unidades morfoestruturais do relevo.
- 4.4. Identifica, explica, comenta e interpreta bloques diagrama e imaxes sobre o relevo costeiro peninsular e o relevo insular.
- 5.1. Aprecia a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español e galego e observa e reflexiona sobre a incidencia dos distintos tipos de relevo na actividade humana.

CONTIDOS

Conceptos

- O espazo xeográfico español.
- O relevo peninsular.
 1. Características do relevo peninsular.
 2. Tipos de unidades morfoestruturais.
 3. A evolución xeolóxica peninsular.
 4. O rochedo peninsular e os tipos de relevo.
 5. As grandes unidades morfoestruturais do relevo peninsular.
 - 5.1. A Meseta.
 - 5.2. Os rebordos montañosos da Meseta.
 - 5.3. As depresións exteriores da Meseta.
 - 5.4. As cordilleiras exteriores da Meseta.
 6. O relevo costeiro peninsular.
 - 6.1. As formas do relevo costeiro.
 - 6.2. As costas atlánticas.
 - 6.3. As costas mediterráneas.
- O relevo insular.
 1. O arquipélago balear.
 2. O arquipélago canario.
- O espazo xeográfico galego.
 1. Situación e límites de Galicia.
 2. O relevo de Galicia.

Procedementos

- Definición de termos e conceptos relativos á unidade.
- Realización dun glosario cos principais termos da unidade.
- Lectura e comentario de textos sobre a diversidade do espazo xeográfico español e sobre o relevo.
- Consulta, comentario e comparación de mapas sobre evolución xeolóxica, litoloxía e unidades morfoestruturais.
- Elaboración de mapas e localización neles das áreas de rochedo, das unidades morfoestruturais, dos grandes relevos montañosos e dos accidentes costeiros.
- Comentario de fotografías e bloques diagrama sobre modelado e formas de relevo.
- Realización e comentario de perfís topográficos.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese referidos aos conceptos da unidade: evolución xeolóxica; tipos de rochedo e principais unidades morfoestruturais.
- Aplicación dos contidos xerais sobre o relevo á propia comunidade

autónoma.

- Realización dunha saída polo contorno para observar os tipos de relevo e o rochedo.

Actitudes

- Apreciar o papel da peculiar situación e configuración do espazo xeográfico español e galego na súa diversidade física e humana.
- Valorar a diversidade do relevo español e galego.
- Observar o carácter dinámico do relevo e mostrar interese por coñecer as explicacións das súas características.
- Practicar a capacidade de observación da realidade natural aplicada ao contorno.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS MÍNIMOS

- Define os conceptos básicos da unidade.
- Coñece os trazos esenciais da situación xeográfica e os territorios que integran España e Galicia.
- Expón as características esenciais dos relevos granítico, cárstico e arxiloso.
- Localiza nun mapa e caracteriza os grandes conxuntos estruturais do relevo español e galego.
- Utiliza correctamente a maioría dos procedementos básicos do método xeográfico en relación cos contidos da unidade.

UNIDADE 2

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ao tempo e ao clima de España e de Galicia.
2. Localizar e identificar en mapas fenómenos referidos ao tempo e ao clima de España e de Galicia.
3. Analizar, caracterizar e explicar os principais factores e elementos do clima e os dominios climáticos de España.
4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo do tempo e do clima.
5. Apreciar a diversidade climática española e galega; practicar a capacidade de observación dos factores e dos elementos do clima; e reflexionar sobre a importancia do tempo e do clima na actividade humana.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define con precisión conceptos relativos a factores e elementos do clima.
- 1.2. Define con precisión conceptos relativos ao tempo e ao clima de España e de Galicia.

- 2.1. Localiza e identifica en mapas os centros de acción e as masas de aire que lles afectan ao tempo e ao clima peninsular.
- 2.2. Localiza e identifica en mapas os principais dominios climáticos de España e de Galicia.
- 3.1. Sintetiza conceptos e redacta temas sobre os factores e os elementos do clima e sobre os distintos dominios climáticos de España.
- 4.1. Analiza, explica, comenta e interpreta debuxos e mapas relativos aos factores e aos elementos do clima.
- 4.2. Comenta mapas do tempo en superficie.
- 4.3. Elabora, comenta e compara climogramas.
- 4.4. Interpreta e explica mapas cos diferentes dominios climáticos.
- 5.1. Aprecia a diversidade climática española e galega; observa os factores e os elementos do clima; e reflexiona sobre a incidencia do tempo e do clima na actividade humana.

CONTIDOS

Conceptos

- Os factores do clima.
 1. Os factores xeográficos.
 2. Os factores termodinámicos.
- Os elementos do clima.
 1. A insolación e a nebulosidade.
 2. A temperatura do aire.
 3. A humidade do aire, a néboa e o calixeiro.
 4. A presión e o vento.
 5. As precipitacións.
 6. A evaporación, a evapotranspiración e a aridez.
- Tipos de tempo en España.
 1. Tempo do NE. Moi frío e seco.
 2. Tempo do norte. Onda de frío.
 3. Tempo do NO. Frío e chuvioso.
 4. Tempo do oeste. Paso de frontes.
 5. Tempo do SO ou sur. Temporal no SO ou sur.
 6. Tempo do leste. Temporal en levante.
 7. Gota fría. Precipitacións intensas.
 8. Tempo cálido e estable.
 9. Onda de calor.
 10. Tempo tormentoso de verán.
- Principais tipos de clima en España.
 1. O clima oceánico.
 2. O clima mediterráneo.
 3. O clima de montaña.
 4. O clima en Canarias.
- Tipos de clima en Galicia.
 1. Galicia occidental.
 2. Fachada cantábrica.
 3. Áreas de montaña.
 4. Galicia interior.
 5. Vales e depresións meridionais.

Procedementos

- Definición de termos relativos á unidade.
- Comentario de textos sobre situacións meteorolóxicas extremas.
- Elaboración, análise, interpretación, comentario e comparación de mapas e de esquemas sobre factores e elementos do clima.
- Utilización da explicación multicausal para a interpretación de datos meteorolóxicos e climáticos.
- Comentario de mapas do tempo.
- Elaboración, comentario e comparación de climogramas.
- Localización e identificación en mapas dos principais dominios climáticos de España e de Galicia.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese referidos aos conceptos da unidade.
- Recompilación e interpretación de datos meteorolóxicos e climáticos de diversas fontes.
- Busca de información complementaria sobre conceptos da unidade.
- Comentario dun vídeo sobre a dinámica atmosférica.

Actitudes

- Aprecio da diversidade climática española e galega.
- Rigor na análise e na interpretación dos datos meteorolóxicos e climáticos.
- Práctica da capacidade de observación dos factores e elementos do clima sobre o contorno.
- Reflexión sobre a importancia do clima na actividade humana.
- Interese pola correcta aplicación dos conceptos teóricos á práctica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS MÍNIMOS

- Define os conceptos básicos da unidade.
- Cita os principais factores e elementos dos climas de España e de Galicia, e coñece os seus trazos básicos.
- Identifica e caracteriza as isobaras nun mapa meteorolóxico.
- Achega a partir dun climograma datos xerais sobre o clima dun lugar: temperatura e precipitacións; tipo climático e área xeográfica correspondente.
- Redacta temas que inclúen os contidos conceptuais fundamentais da unidade didáctica con corrección e orde e utilizando o vocabulario xeográfico apropiado.
- Utiliza correctamente os procedementos básicos en relación coa unidade.

UNIDADE 3

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ás augas, á vexetación e ao solo en España e en Galicia.
2. Localizar en mapas fenómenos referidos ás augas e á vexetación de

- España e de Galicia.
3. Analizar, caracterizar e explicar as augas, a vexetación e o solo de España.
 4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo das augas, á vexetación e ao solo de España e de Galicia.
 5. Valorar a diversidade hidrográfica, vexetal e edáfica de España e de Galicia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define con precisión conceptos relativos ás augas.
- 1.2. Define con precisión conceptos relativos á vexetación e ás paisaxes vexetais.
- 1.3. Define con precisión conceptos relativos aos solos.
- 2.1. Localiza e identifica en mapas os principais ríos, concas e vertentes hidrográficas de España e de Galicia.
- 2.2. Localiza e identifica en mapas as principais formacións vexetais de España e de Galicia.
- 3.1. Sintetiza conceptos e redacta textos sobre as augas, a vexetación e o solo en España.
- 4.1. Elabora, analiza e compara gráficos de réximes fluviais e comenta imaxes fotográficas de ríos peninsulares.
- 4.2. Elabora e analiza cliserias; compara fotografías e comenta mapas coa distribución de diversas especies vexetais; e explica esquemas co perfil xeral do solo.
- 5.1. Valora a diversidade hidrográfica, vexetal e edáfica de España e de Galicia.

CONTIDOS

Conceptos

- A diversidade hídrica
 1. Os ríos peninsulares.
 2. Os lagos e os humidais españois.
 3. Os acuíferos.
- As formacións vexetais.
 1. Factores que inflúen na vexetación.
 2. As paisaxes vexetais de España.
- O solo.
 1. Factores do solo.
 2. Os horizontes e o perfil do solo.
 3. Os tipos de solo.
- Os ríos e a vexetación de Galicia.
 1. A disimetría das vertentes.
 2. O encaixamento da rede fluvial.
 3. O caudal abundante e regular.
 4. A vexetación de Galicia.

Procedementos

- Definición de termos relativos á unidade.
- Comentario de textos.
- Consulta, análise, interpretación, comentario e comparación de mapas, gráficos e datos estatísticos relativos á auga, á vexetación (cliseries) e ao solo.
- Localización en mapas das vertentes e concas hidrográficas; os principais ríos, lagos e humidais; as paisaxes vexetais, e a distribución das formacións vexetais básicas.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese sobre vertentes e réximes fluviaes e sobre solos.
- Aplicación dos contidos da unidade á propia comunidade autónoma.
- Realización dunha saída polo contorno natural do centro de estudos.
- Busca e comentario de fotografías de paisaxes vexetais e fluviaes de España.

Actitudes

- Rigor na obtención e interpretación da información referida aos conceptos da unidade.
- Practicar a capacidade de observación da realidade natural aplicada ao contorno.
- Apreciar a diversidade hidrográfica, vexetal e edáfica de España.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS MÍNIMOS

- Define os conceptos básicos da unidade.
- Caracteriza os principais tipos de augas, de vexetación e de solos de España.
- Localiza nun mapa as vertentes e as concas hidrográficas, os principais ríos e as formacións vexetais.
- Utiliza correctamente os principais procedementos xeográficos relacionados coa unidade.

UNIDADE 4

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ás paisaxes naturais de España e de Galicia, a influencia do medio físico na actividade humana e a influencia da acción antrópica no medio natural.
2. Localizar en mapas as paisaxes naturais de España, os riscos e os problemas ambientais e os aspectos máis relevantes das políticas ambientais.
3. Analizar, caracterizar e explicar as paisaxes naturais de España e de Galicia, a influencia do medio natural na actividade humana e a influencia da actividade humana no medio natural.
4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo das paisaxes naturais; á influencia do medio natural como recurso e como risco

- para as persoas e á influencia da actividade humana no medio físico.
5. Valorar a diversidade dos espazos naturais de España e de Galicia; a importancia da súa protección; identificar e emitir xuízos sobre os problemas ambientais e propoñer solucións xerais e persoais fronte a eles.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define con precisión conceptos relativos ás paisaxes naturais de España e de Galicia, e ao medio natural como recurso e como risco.
- 1.2. Define con precisión conceptos relativos aos problemas e ás políticas ambientais.
- 2.1. Localiza en mapas as áreas correspondentes ás paisaxes naturais de España.
- 2.2. Localiza en mapas as áreas afectadas por riscos e problemas ambientais, e os principais espazos naturais protexidos.
- 3.1. Sintetiza conceptos e redacta temas sobre as paisaxes naturais de España e de Galicia.
- 3.2. Sintetiza conceptos e redacta textos sobre o medio natural como recurso e como risco.
- 3.3. Sintetiza conceptos e redacta temas sobre a acción antrópica sobre o medio natural.
- 4.1. Identifica e comenta a partir de fotografías as principais paisaxes naturais.
- 4.2. Analiza, interpreta e comenta mapas, datos estatísticos, imaxes e textos sobre o medio ambiente como recurso e como risco.
- 4.3. Analiza, interpreta, e comenta gráficos, datos estatísticos, mapas e imaxes sobre problemas e políticas ambientais.
- 5.1. Valora a diversidade dos espazos naturais de España e de Galicia, a importancia da súa protección, identifica e emite xuízos sobre os problemas ambientais e propón solucións xerais e persoais fronte a eles.

CONTIDOS

Conceptos

- As paisaxes naturais.
 1. A paisaxe oceánica.
 2. A paisaxe mediterránea.
 3. A montaña.
 4. As illas Canarias.
- A influencia do medio ambiente na actividade humana.
 1. O medio natural como recurso.
 - 1.1. O relevo como recurso.
 - 1.2. O clima como recurso.
 - 1.3. A auga como recurso.
 - 1.4. A vexetación como recurso.
 - 1.5. O solo como recurso.
 2. Os riscos naturais.
- Influencia da actividade humana no medio natural.

1. Os problemas e as políticas ambientais.
2. Principais problemas medioambientais e solucións.
 - 2.1. A alteración do relevo.
 - 2.2. A contaminación atmosférica.
 - 2.3. A contaminación acústica.
 - 2.4. A sobreexplotación e a contaminación das augas.
 - 2.5. Os danos, a alteración e a destrución da vexetación.
 - 2.6. A contaminación, a erosión e a desertización do solo.
 - 2.7. Os residuos sólidos urbanos.
 - 2.8. A redución da biodiversidade.
3. A protección dos espazos naturais.

Procedementos

- Definición de termos da unidade.
- Comentario de textos sobre riscos e problemas ambientais.
- Localización nun mapa das áreas con riscos naturais ou problemas ambientais, e dos espazos naturais protexidos.
- Comentario e interpretación de gráficos, datos estatísticos, mapas, imaxes e esquemas sobre os contidos da unidade, utilizando a explicación multicausal.
- Recompilación, comentario e posta en común de noticias de prensa.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese.
- Redacción de informes a partir da interpretación de diferentes fontes sobre algún contido da unidade.
- Busca de información complementaria sobre algúns dos contidos desta unidade.
- Aplicación dos contidos á propia comunidade autónoma e á práctica mediante a elaboración dun traballo de campo sobre unha paisaxe natural ou os problemas ambientais do contorno.
- Visita a unha estación depuradora ou a unha planta de tratamento de lixos.

Actitudes

- Apreciar a diversidade do medio físico español e galego e a orixinalidade das distintas paisaxes naturais.
- Mostrar interese e curiosidade por coñecer as diversas paisaxes naturais de España e de Galicia, e apreciar o contorno paisaxístico.
- Valorar a complexidade das interrelacións entre o medio natural e a actividade humana.
- Practicar a capacidade de observación da realidade natural aplicada ao contorno.
- Apreciar o valor do contorno como recurso e elemento importante para a calidade de vida.
- Concienciarse e sensibilizarse ante os problemas ambientais do contorno; desenvolver actitudes para prevelos e corríxilos (reciclaxe, aforro de auga, etc.); e apreciar as actuacións paliativas destes.
- Valorar criticamente a política ambiental española.
- Adoptar actitudes de consumo responsable que colaboren co desenvolvemento sostible.
- Cooperar e participar na realización de traballos en grupo e nas saídas colectivas polo contorno.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS MÍNIMOS

- Define os conceptos básicos da unidade.
- Localiza nun mapa as principais paisaxes naturais de España, os parques nacionais e os principais espazos protexidos de Galicia.
- Caracteriza as principais paisaxes naturais de España e de Galicia: localización, relevo, clima, augas, vexetación, solo.
- Enumera os recursos proporcionados polo medio ambiente e cita os principais riscos ambientais.
- Coñece os principais problemas ambientais e as políticas para facerlles fronte.
- Utiliza correctamente a maioría dos procedementos básicos do método xeográfico en relación cos contidos da unidade.

UNIDADE 5

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir con precisión os conceptos relativos aos espazos rural e pesqueiro.
2. Localizar en mapas fenómenos referidos ás actividades dos espazos rural e pesqueiro.
3. Analizar, caracterizar e explicar os espazos rurais e pesqueiros de España e de Galicia.
4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo das actividades agraria e pesqueira.
5. Valorar os espazos rurais e pesqueiros, tomar conciencia dos seus problemas e avaliar as posibles solucións.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define con precisión os conceptos relativos ao espazo rural.
- 1.2. Define con precisión os conceptos relativos ao espazo pesqueiro.
- 2.1. Localiza e identifica en mapas fenómenos agrícolas, gandeiros, forestais e pesqueiros.
- 3.1. Sintetiza conceptos e redacta temas sobre os factores e os elementos do espazo rural, os usos do espazo rural, as paisaxes agrarias e as dinámicas recentes do mundo rural en España e en Galicia.
- 3.2. Coñece e elabora temas sobre o espazo pesqueiro español e galego, e as características da actividade pesqueira, os problemas da pesca e a política pesqueira, e a acuicultura en España e en Galicia.
- 4.1. Analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre os espazos rurais.
- 4.2. Analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre os espazos pesqueiros.
- 5.1. Emite valoracións, opinións e xuízos críticos sobre os espazos rurais e

pesqueiros e propón solucións para os seus problemas.

CONTIDOS

Conceptos

- O espazo rural.
 1. Factores físicos e elementos humanos do espazo rural.
 - 1.1. O medio natural.
 - 1.2. A estrutura agraria.
 - 1.3. O poboamento e o hábitat rural.
 - 1.4. A política agraria.
 2. Os usos agrarios do espazo rural.
 - 2.1. A actividade agrícola.
 - 2.2. A actividade gandeira.
 - 2.3. A actividade forestal.
 3. As paisaxes agrarias de España.
 - 3.1. A paisaxe agraria do norte peninsular húmido.
 - 3.2. A paisaxe agraria do interior peninsular.
 - 3.3. A paisaxe agraria mediterránea.
 - 3.4. A paisaxe agraria de montaña.
 - 3.5. A paisaxe agraria de Canarias.
 4. As dinámicas recentes do mundo rural.
 - 4.1. Os novos usos do espazo rural.
 - 4.2. A crise do mundo rural.
 - 4.3. Os problemas rurais e a política de desenvolvemento rural.
- Os espazos da actividade pesqueira.
 1. O espazo pesqueiro.
 2. A actividade pesqueira.
 3. A crise da pesca.
 4. A acuicultura.

Procedementos

- Definición de termos e conceptos relativos á unidade.
- Recompilación e comentario de noticias sobre os problemas do sector primario.
- Comentario e comparación de mapas sobre a achega da produción vexetal e animal á produción final agraria; superficie agraria concentrada; distribución do regadío; valor da produción gandeira; caladoiros.
- Localización nun mapa das principais paisaxes agrarias da comunidade.
- Análise do espazo rural sobre unha folla do MTN.
- Elaboración e comentario de diversos tipos de gráficos e datos estatísticos sobre evolución da poboación rural e da poboación ocupada nas actividades agrarias, evolución da poboación agraria por grupos de idade, tamaño das explotacións agrarias, formas de posesión da terra, evolución dos usos do espazo rural, evolución da achega vexetal e animal á produción final agraria.
- Comentario de fotografías sobre o poboamento e hábitat rural, os sistemas agrarios e as paisaxes agrarias.
- Aplicación dos contidos xerais da unidade didáctica á situación de Galicia.

Actitudes

- Valorar a diversidade de paisaxes rurais de España e mostrar interese por coñecer as do contorno.
- Rigor na obtención e interpretación de fontes relativas aos espazos rural e pesqueiro.
- Apreciar as interrelacións entre o medio físico e as actividades agraria e pesqueira.
- Ser consciente dos graves problemas derivados dalgunhas formas de aproveitamento agrario e pesqueiro, mostrando interese e aprecio polas fórmulas para evitar e solucionar estes problemas.
- Valorar as políticas de desenvolvemento rural como fórmula para evitar o despoboamento das áreas rurais desfavorecidas e os problemas ambientais derivados deste despoboamento.
- Desenvolver a capacidade crítica e de observación sobre as actividades agrarias ou pesqueiras do contorno.
- Emitir opinións e valoracións sobre os problemas do espazo rural e pesqueiro e sobre as políticas adoptadas para combatelos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS MÍNIMOS

- Define os conceptos básicos da unidade.
- Cita e resume os principais factores físicos e humanos que interveñen na actividade agraria.
- Caracteriza as principais paisaxes rurais de España.
- Enumera os principais problemas que lle afectan ao espazo rural e as actuacións da política de desenvolvemento rural.
- Coñece as causas da crise da actividade pesqueira, os principais problemas que lle afectan ao sector e as liñas políticas para facerlles fronte.
- Utiliza correctamente a maioría dos procedementos básicos característicos do método xeográfico en relación cos contidos da unidade.

UNIDADE 6

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e explicar os principais conceptos relativos á actividade industrial.
2. Localizar en mapas fenómenos referidos ás actividades extractivas, enerxéticas e industriais.
3. Analizar, caracterizar e explicar a actividade industrial en España e en Galicia.
4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo da actividade industrial.
5. Emitir opinións e xuízos críticos sobre cuestións de actualidade relacionadas coa produción enerxética e industrial, valorar as medidas encamiñadas a fomentar o aforro enerxético e a evitar os impactos negativos da produción enerxética e industrial sobre o medio ambiente, e desenvolver actitudes de aprecio cara ao patrimonio industrial.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define con precisión os conceptos relativos a materias primas, fontes de enerxía e actividade industrial.
- 2.1. Localiza en mapas fenómenos referidos a materias primas, fontes de enerxía e actividade industrial.
- 3.1. Sintetiza conceptos e redacta temas sobre as materias primas, fontes de enerxía e políticas mineira e enerxética en España e en Galicia.
- 3.2. Coñece e elabora temas sobre a evolución histórica e características da industria ata a segunda metade do século xx, a crise e a reestruturación industrial, e a industria española na actualidade.
- 4.1. Analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, táboas estatísticas e imaxes sobre as materias primas e as fontes de enerxía.
- 4.2. Analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e táboas estatísticas sobre a actividade industrial.
- 5.1. Emite opinións e xuízos críticos sobre cuestións de actualidade relacionadas coa produción enerxética e industrial; valora as medidas encamiñadas a fomentar o aforro enerxético e a evitar os impactos negativos da produción enerxética e industrial sobre o medio ambiente, e desenvolve actitudes de aprecio cara ao patrimonio industrial.

CONTIDOS

Conceptos

- A industria e as materias primas.
 1. Os tipos de materias primas.
 2. Os problemas da minería.
- As fontes de enerxía.
 1. Principais fontes de enerxía primaria.
 2. A produción e o consumo de electricidade.
 3. Os problemas enerxéticos e a política enerxética.
- Os recursos enerxéticos de Galicia.
 1. O sector mineiro.
 2. O potencial enerxético de Galicia.
- A industria española entre 1855 e 1975.
 1. Evolución histórica.
 2. A produción industrial.
 3. A estrutura industrial.
 4. A localización industrial.
 5. As áreas industriais.
 6. A política industrial.
- A crise e a reestruturación industrial 1975-1985.
 1. A crise industrial.
 2. A reestruturación industrial.
- A industria española na actualidade.
 1. A recuperación da industria.
 2. A produción industrial actual.
 3. A estrutura actual da industria.

4. A localización industrial.
 5. As áreas industriais actuais.
 6. A política industrial actual.
- A industria en Galicia.
 1. O proceso de industrialización.
 2. Estrutura e principais áreas industriais.

Procedementos

- Definición de termos da unidade.
- Recopilación e comentario de noticias de prensa sobre os conceptos da unidade.
- Localización nun mapa das áreas industriais de España.
- Comentario e comparación de mapas sobre recursos minerais e enerxéticos e aspectos relativos á industria.
- Comentario e comparación de gráficos e de datos estatísticos sobre os sectores mineiro, enerxético e industrial, utilizando a explicación multicausal.
- Análise de fotografías e diapositivas sobre os conceptos da unidade.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese.
- Busca de información complementaria sobre materias primas, fontes de enerxía e actividades industriais da comunidade autónoma, utilizando diversas fontes.
- Consulta de páxinas web sobre aforro enerxético e consecuencias ambientais da produción enerxética.
- Visita a unha industria ou polígono industrial.
- Realización dun traballo de campo sobre unha industria do contorno.

Actitudes

- Valorar a utilización racional dos recursos e concienciarse da importancia do aforro e da reciclaxe, adoptando condutas concretas encamiñadas a iso.
- Comprender o custo da actividade industrial na paisaxe e valorar os produtos industriais elaborados de xeito respectuoso co medio natural.
- Tomar conciencia dos desequilibrios territoriais xerados pola desigual distribución da industria no espazo.
- Emitir opinións e xuízos críticos sobre cuestións de actualidade relacionadas coa produción enerxética e industrial.
- Apreciar o patrimonio industrial como un ben testemuñal das características produtivas entre os comezos da industrialización e o inicio da automatización.
- Desenvolver a capacidade de observación respecto á realidade industrial do contorno.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS MÍNIMOS

- Define os conceptos básicos da unidade.
- Cita as características esenciais da produción, consumo, autoabastecemento, aplicacións e políticas sobre as materias primas e fontes de enerxía.
- Coñece a evolución e as características da industria.
- Utiliza correctamente os principais procedementos básicos característicos do método xeográfico relacionados coa unidade.

UNIDADE 7

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ás actividades terciarias.
2. Localiza en mapas fenómenos referidos ás actividades terciarias.
3. Analizar, caracterizar e explicar as actividades terciarias.
4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo das actividades terciarias.
5. Tomar conciencia dos problemas xerados polas actividades terciarias e propoñer solucións, apreciar a diversidade turística, e adoptar unha actitude crítica e selectiva como consumidor.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define con precisión conceptos relativos ao sector terciario, o sistema de transporte, o turismo e o comercio interior e exterior de España e de Galicia.
- 2.1. Localiza e identifica en mapas fenómenos referidos ao sistema de transporte, o turismo e o comercio interior e exterior en España e en Galicia.
- 3.1. Sintetiza conceptos e compón temas sobre o sistema de transporte español e galego: características xerais e características dos diferentes modos.
- 3.2. Coñece e elabora temas sobre o turismo en España e en Galicia: evolución do turismo, características, tipos, áreas, repercusións e políticas turísticas.
- 3.3. Sintetiza conceptos e redacta textos sobre o comercio interior e exterior en España e en Galicia, e os seus problemas.
- 4.1. Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o sistema de transporte.
- 4.2. Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o turismo.
- 4.3. Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o comercio interior e exterior.
- 5.1. Identifica os problemas das actividades terciarias, emite xuízos críticos e opinións, e propón solucións para eles.

CONTIDOS

Conceptos

- O proceso de terciarización da economía española.
 1. As causas da terciarización.

2. Características do sector terciario.
 3. Os desequilibrios territoriais.
- Os transportes e as comunicacións
 1. O sistema de transporte e a súa importancia.
 2. Características e problemas.
 3. A política de transporte.
 4. Os modos de transporte.
 5. As comunicacións.
 - O sistema de transportes galego.
 1. As comunicacións por estrada.
 2. A rede ferroviaria.
 3. O transporte marítimo e aéreo.
 - Os espazos turísticos.
 1. Os recursos turísticos de España.
 2. Evolución do turismo.
 3. Características do turismo español.
 4. Os tipos de turismo.
 5. As áreas turísticas.
 6. As repercusións espaciais.
 7. Os problemas do turismo.
 - O turismo en Galicia.
 1. Importancia crecente.
 2. Áreas e modalidades turísticas.
 - O comercio interior e exterior.
 1. O comercio interior.
 2. O comercio exterior.
 - O comercio en Galicia.
 1. O comercio interior.
 2. O comercio exterior.

Procedementos

- Definición de termos da unidade.
- Lectura e comentario de textos da Constitución sobre competencias autonómicas en materia de transporte e de textos sobre problemas do transporte e do turismo.
- Localización nun mapa dos principais portos, aeroportos e áreas turísticas españolas.
- Comentario ou comparación de mapas, gráficos e datos estatísticos sobre conceptos da unidade, utilizando a explicación multicausal.
- Interpretación de diapositivas e fotografías representativas.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese sobre os conceptos da unidade.
- Realización de informes utilizando distintas fontes de información.

Actitudes

- Valorar a importancia do sistema de transportes, o turismo e o comercio en España e en Galicia, e na súa integración na Unión Europea.
- Apreciar a diversidade turística española e desenvolver a curiosidade por coñecer espazos diferentes ao propio.
- Valorar as repercusións ambientais dos medios de transporte e do turismo, e

propoñer solucións para mitigar os seus impactos negativos; por exemplo, tomando conciencia da importancia de utilizar o transporte público.

- Mostrar interese pola conservación dos espazos turísticos, tanto naturais como culturais; especialmente, os de Galicia.
- Concienciarse sobre o exceso de consumismo nas sociedades desenvolvidas e adoptar unha actitude crítica e selectiva fronte aos artigos de consumo e fronte á información dos medios de comunicación de masas.
- Apreciar o papel positivo do turismo no achegamento dos pobos, o contacto entre culturas e o entendemento político entre os estados.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS MÍNIMOS

- Define os conceptos máis importantes da unidade.
- Resume as características básicas do sistema de transporte español e galego.
- Esquematiza a evolución do turismo español e galego, e as súas características.
- Enumera as principais modalidades turísticas e sintetiza as repercusións espaciais do turismo.
- Coñece as características básicas do comercio exterior e interior de España e de Galicia.
- Utiliza correctamente a maioría dos procedementos básicos característicos do método xeográfico en relación cos contidos da unidade.

UNIDADE 8

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e explicar os principais conceptos relativos á poboación española e galega.
2. Localizar en mapas fenómenos referidos á poboación.
3. Analizar, caracterizar e explicar os principais fenómenos demográficos de España e de Galicia, facendo especial referencia ás súas transformacións recentes.
4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo da poboación.
5. Expresar opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e rexeitar calquera forma de discriminación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define con precisión conceptos relativos a fontes demográficas, movementos naturais e migratorios, e crecemento real da poboación española e galega.

- 1.2. Define con precisión conceptos relativos á estrutura e ó futuro da poboación española.
- 2.2. Localiza e identifica en mapas fenómenos demográficos relacionados coa distribución da poboación, os movementos naturais e migratorios, e a estrutura por sexo, idade e actividade económica.
- 3.1. Sintetiza conceptos e compón temas sobre os movementos naturais e migratorios e sobre o crecemento real da poboación española e galega.
- 3.2. Coñece e elabora temas sobre a estrutura e o futuro da poboación española e galega.
- 4.1. Analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre os movementos naturais e migratorios e o crecemento real da poboación.
- 4.2. Analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre a estrutura e o futuro da poboación.
- 5.1. Emite opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostra actitudes de rexeitamento respecto á discriminación laboral ou social por motivos de sexo, raza ou nacionalidade.

CONTIDOS

Conceptos

- As fontes demográficas.
- O movemento natural da poboación.
 1. Os réximes demográficos.
 2. Os desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.
- Os movementos migratorios.
 1. As migracións interiores.
 2. As migracións exteriores.
 3. A inmigración estranxeira.
- O crecemento real da poboación.
- A estrutura da poboación española.
 1. Estrutura por sexo e idade.
 2. Estrutura económica da poboación.
- O futuro da poboación española.
 1. O futuro do movemento natural.
 2. O futuro dos movementos migratorios.
 3. O futuro do crecemento e da estrutura da poboación.
- A poboación de Galicia.
 1. Os efectivos demográficos e a súa desigual distribución.
 2. O movemento natural da poboación.
 3. A tradición migratoria de Galicia.
 4. O crecemento real da poboación.
 5. A estrutura da poboación.

Procedementos

- Realización dun glosario cos conceptos principais da unidade.
- Lectura e comentario de textos.
- Elaboración, comentario e comparación de mapas sobre fenómenos demográficos.

- Comentario e comparación de gráficos e datos estatísticos: sobre os contidos da unidade, utilizando a explicación multicausal.
- Realización e comentario de pirámides de poboación de España e de Galicia.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese.
- Recollida de información e debate sobre a inmigración e a desigualdade de xénero.
- Obtención de información estatística da web do INE e do IGE.
- Cálculo e interpretación de taxas demográficas.
- Realización dun traballo sobre a esperanza de vida e as súas variacións por sexo a partir das necrolóxicas da prensa.
- Proxección cara ao futuro da actual situación da poboación española.

Actitudes

- Valorar a complexidade dos fenómenos demográficos: multicausalidade, carácter dinámico e diversidade territorial.
- Desenvolver a capacidade crítica e de opinión sobre as implicacións sociais e económicas da problemática demográfica (baixa natalidade, envellecemento, inmigración, desemprego).
- Valorar a diversidade de grupos humanos que conviven en España.
- Mostrar tolerancia e respecto cara a persoas e grupos sociais pertencentes a outras razas ou culturas e rexeitar as actitudes de intolerancia e xenofobia.
- Rexeitar calquera discriminación no mundo laboral (p. ex. respecto ao emprego e ao paro feminino) e valorar as accións orientadas a fomentar a igualdade entre ambos os dous sexos.
- Mostrar interese e actitude crítica cara aos datos demográficos procedentes de diversos medios de comunicación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS MÍNIMOS

- Define os conceptos básicos da unidade.
- Cita as principais fontes demográficas e os datos máis relevantes que achegan.
- Enumera e caracteriza as desigualdades actuais na distribución da poboación española e galega.
- Establece a cronoloxía e características dos principais réximes demográficos.
- Resume as características dos diferentes tipos de migracións e as súas consecuencias.
- Analiza as etapas no crecemento demográfico español a partir de gráficos.
- Sinala os trazos básicos da estrutura por sexo e por idade a partir de pirámides de poboación.
- Coñece as características esenciais da evolución da poboación activa por sectores económicos.
- Utiliza correctamente a maioría dos procedementos básicos característicos do método xeográfico en relación coa unidade.

UNIDADE 9

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e explicar brevemente conceptos relativos ao espazo urbano.
2. Localizar en mapas fenómenos referidos ao espazo urbano.
3. Analizar, caracterizar e explicar o espazo urbano en España e en Galicia.
4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo urbano.
5. Mostrar interese polos problemas urbanos e as actuacións urbanísticas e emitir xuízos e propoñer solucións sobre eles.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define con precisión conceptos relativos ao proceso de urbanización, á morfoloxía e á estrutura urbana.
- 1.2. Define con precisión conceptos relativos ás aglomeracións urbanas, aos problemas das cidades, ao urbanismo e ao sistema de cidades.
- 2.1. Localiza e identifica en mapas as principais aglomeracións e cidades do sistema urbano español e dos sistemas rexionais e diferencia as metrópolis nacionais, rexionais e subrexionais.
- 3.1. Sintetiza conceptos e compón temas sobre o concepto de cidade, o proceso de urbanización, a morfoloxía urbana e a estrutura urbana.
- 3.2. Coñece e elabora temas sobre as aglomeracións urbanas, os problemas urbanos, a produción do espazo urbano e o urbanismo, e o sistema de cidades.
- 4.1. Analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o concepto de cidade; o proceso de urbanización; a morfoloxía urbana, e a estrutura urbana.
- 4.2. Analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre as aglomeracións urbanas; os problemas urbanos; a produción do espazo urbano, e o urbanismo e o sistema de cidades.
- 5.1. Identifica os problemas urbanos e as actuacións urbanísticas a partir de diversas fontes de información, emite xuízos e propón solucións sobre eles.

CONTIDOS

Conceptos

- O concepto de cidade.
- O proceso de urbanización.
- A morfoloxía urbana.
- A estrutura urbana.
 1. A cidade preindustrial: o casco antigo.
 2. A cidade industrial: ensanches, barrios obreiros e barrios xardín.
 3. A periferia e as recentes transformacións urbanas.
 4. As aglomeracións urbanas.
- Problemas das cidades españolas.
- A produción e ordenación do espazo urbano.

- O sistema urbano español.
 1. Características do sistema urbano español.
 2. O sistema de cidades e os seus cambios recentes.
- O sistema urbano galego.
 1. O proceso de urbanización.
 2. O subsistema urbano galego.
 3. As sete cidades galegas.

Procedementos

- Confección dun glosario cos termos principais da unidade.
- Lectura e comentario de textos sobre problemas urbanos.
- Recompilación e comentario de noticias de prensa relativas a temas urbanos.
- Localización en mapas das principais cidades españolas e do sistema urbano galego.
- Elaboración, comentario e comparación de gráficos, datos estatísticos e mapas sobre os contidos da unidade, utilizando a explicación multicausal.
- Comentario e comparación de mapas e planos urbanos.
- Interpretación e comentario de fotografías e diapositivas sobre fenómenos urbanos.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese sobre os contidos da unidade.
- Realización dun exercicio de simulación sobre intereses contrapostos ante un proxecto urbano.
- Realización dun itinerario urbano.
- Redacción dun traballo de campo sobre unha cidade próxima.

Actitudes

- Interese por coñecer os diversos aspectos constitutivos do fenómeno urbano.
- Emisión de xuízos críticos respecto ao contorno urbano.
- Toma de conciencia dos problemas urbanos e desenvolvemento de actitudes positivas encamiñadas a solucionarlos.
- Valoración do patrimonio urbano, preocupación pola súa conservación e respecto polas medidas encamiñadas á súa rehabilitación e mellora.
- Aprecio pola convivencia cidadá e desenvolvemento de actitudes de solidariedade cara aos barrios marxinados ou con déficit en equipamentos e en infraestruturas.
- Participación activa na realización das actividades relacionadas cos contidos da unidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS MÍNIMOS

- Define os conceptos principais da unidade.
- Caracteriza os aspectos básicos da morfoloxía cidadá a partir de planos urbanos.
- Diferencia e caracteriza os trazos esenciais das distintas áreas urbanas.
- Enumera os principais problemas que lles afectan ás cidades españolas e galegas e as súas posibles solucións.
- Cita e describe os instrumentos da política urbanística actual.
- Coñece as características principais do sistema urbano e os seus cambios

recentes.

- Utiliza os procedementos básicos do método xeográfico en relación cos contidos da unidade.

UNIDADE 10

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e explicar os principais conceptos relativos á organización político-administrativa de España e de Galicia, aos desequilibrios territoriais, e ás políticas rexionais e de cohesión territorial.
2. Localizar en mapas divisións político-administrativas históricas e actuais e fenómenos relativos aos desequilibrios territoriais.
3. Analizar, caracterizar e explicar a organización político-administrativa do territorio español no pasado e na actualidade; os desequilibrios territoriais e as políticas rexionais e de cohesión territorial.
4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo da organización político-administrativa do territorio español e galego, aos desequilibrios territoriais e ás políticas rexionais e de cohesión territorial.
5. Valorar a descentralización político-administrativa; manifestar actitudes de tolerancia e respecto cara ás particularidades das outras comunidades autónomas e de solidariedade coas máis desfavorecidas, apreciando as actuacións encamiñadas a paliar e a fomentar o desenvolvemento rexional, dentro dunha ordenación global do territorio.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define con precisión os conceptos relativos á organización político-administrativa de España e de Galicia, aos desequilibrios territoriais e ás políticas rexionais e de cohesión territorial.
- 2.1. Localiza e identifica en mapas as principais divisións político-administrativas do pasado, as provincias e comunidades autónomas coas súas correspondentes capitais e fenómenos relacionados co acceso á autonomía e cos desequilibrios territoriais.
- 3.1. Sintetiza conceptos e redacta temas sobre a evolución histórica da organización político-administrativa do territorio español, a organización político-administrativa actual, os desequilibrios territoriais e as políticas rexionais e de cohesión territorial.
- 4.1. Analiza, explica, comenta e interpreta imaxes, mapas, gráficos e datos estatísticos sobre a organización político-administrativa, os desequilibrios territoriais e as políticas rexionais e de cohesión territorial.
- 5.1. Emite opinións que reflicten a valoración da descentralización e a tolerancia, o respecto e a solidariedade cara a outras comunidades, e aprecia as actuacións favorecedoras do desenvolvemento rexional.

CONTIDOS

Conceptos

- A organización político-administrativa de España.
 1. Evolución histórica da organización político-administrativa.
 2. A organización político-administrativa actual.
 - 2.1. As divisións político-administrativas.
 - 2.2. O estado das autonomías.
- Os desequilibrios territoriais.
 1. As diferenzas espaciais: causas e indicadores.
 2. A evolución dos desequilibrios territoriais.
 - 2.1. A orixe dos desequilibrios actuais.
 - 2.2. Os cambios producidos pola crise económica de 1975.
 - 2.3. Os desequilibrios territoriais actuais.
- As políticas rexionais e de cohesión territorial.
 1. As bases da política rexional.
 2. A política rexional da Unión Europea 2007-2013.
 3. A política rexional do estado.
 - 3.1. Os obxectivos da política rexional estatal.
 - 3.2. Os instrumentos da política rexional estatal.
 4. A ordenación do territorio.
 - 4.1. Obxectivos da ordenación do territorio.
 - 4.2. Instrumentos da ordenación do territorio

Procedementos

- Definición de conceptos da unidade.
- Lectura e comentario de textos da Constitución sobre o estado das autonomías.
- Localización nun mapa das provincias e comunidades autónomas coas súas respectivas capitais.
- Elaboración, comentario e comparación de mapas relativos á organización político-administrativa e indicadores socioeconómicos das comunidades autónomas.
- Realización, interpretación e comentario de gráficos, datos estatísticos e imaxes referidos aos desequilibrios territoriais e á política rexional, española e europea, utilizando a explicación multicausal.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese referidos aos conceptos da unidade.
- Aplicación dos contidos xerais da unidade didáctica á situación de Galicia.
- Realización dun traballo de investigación sobre a situación socioeconómica de Galicia en relación coas demais, utilizando diversas fontes de información.

Actitudes

- Interese por coñecer o proceso autonómico español e en particular o concernente a Galicia, apreciando as vantaxes da descentralización territorial.
- Valorar o pluralismo e a diversidade cultural de España e respectar as diferentes opinións sobre a organización territorial e política.
- Desenvolver sentimentos de pertenza, integración e participación respecto á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Expresar actitudes de tolerancia e respecto cara ás particularidades das

- outras comunidades autónomas.
- Manifestar solidariedade cara ás comunidades autónomas máis desfavorecidas e apreciar as actuacións encamiñadas a paliar os desequilibrios territoriais.
 - Valorar criticamente a política rexional española e a da propia comunidade autónoma e adoptar unha postura crítica ante as informacións procedentes dos medios de comunicación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS MÍNIMOS

- Define os conceptos principais da unidade.
- Coñece os trazos básicos da evolución histórica da organización político-administrativa e as características do estado autonómico actual.
- Sitúa nun mapa todas as provincias e comunidades autónomas de España e o nome das súas respectivas capitais.
- Resume os principais desequilibrios territoriais de España e as liñas esenciais da política rexional e de cohesión europea, estatal e de ordenación do territorio.
- Utiliza correctamente a maioría dos procedementos básicos característicos do método xeográfico en relación cos contidos da unidade.

UNIDADE 11

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir con precisión conceptos relativos á Unión Europea e á posición española e galega no conxunto europeo.
2. Localizar e identificar en mapas os principais relevos e ríos da Unión Europea, os países que a integran e as súas correspondentes capitais.
